

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 12 de xuño de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día doce de xuño de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(662).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de abril de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(663).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A Nº 402/05 INTERPOSTO POR EFOSA IMAFIDÓN CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO POR DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON IMPOSICIÓN DE SANCIÓN. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Estimo o recurso contencioso administrativo interposto pola representación de EFOSA-IMAFIDON contra a resolución dictada polo Concelleiro Delegado de Seguridade do Concello desestimatoria do recurso de reposición interposto por EFOSA-IMAFIDON fronte á dictada en data 17.12.2003 no expediente sancionador núm. 1040738187, de imposición de sanción de 302 €, que se

declara contraria a Dereito, con expresa condena á Administración municipal demandada a devolverlle ó actor, de se ter aboado, o importe da sanción, máis os intereses legais correspondentes. Todo isto sen pronunciamento de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Circulación.

**3(664).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 475/05 INTERPOSTO POR LINO ROMERO ALONSO CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO EN RELACIÓN CON IMPOSICIÓN DE SANCIÓN POR ESTACIONAMENTO DO VEHÍCULO. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por LINO ROMERO ALONSO, fronte ó Concello de Vigo, no proceso abreviado núm. 475/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Circulación.

**4(665).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 1/06 INTERPOSTO POR MIGUEL ANGEL BARCIELA DE LA PEÑA CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO EN PARTE.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada polo letrado D. José Carlos Taibo Barciela, no nome e representación de MIGUEL ANGEL BARCIELA DE LA PEÑA, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo recorrente o 18 de febreiro de 2005, como consecuencia do accidente sufrido polo mesmo o día 13 de xaneiro de 2004, anulando a mesma e condenando ó Concello de Vigo a que aboe ó actor a cantidade de 2.535,37 €, máis os intereses legais dende a data da reclamación en vía administrativa, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación

**5(666).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A Nº 35/06 INTERPOSTO POR GASPAR NOVOA VILA CONTRA**

**RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO EN PARTE.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada polo procurador dos Tribunais D. Emilio Alvarez Buceta, no nome e representación de GASPAR NOVOA DÁVILA, contra o acordo da Xunta de Goberno realizada o 20 de febreiro de 2006, anulando a mesma e condenando ó Concello demandado a que aboe ó actor o importe da reparación do espello retrovisor dereito do seu vehículo Renault Megane que acredite en execución da sentenza, sen que poida exceder a mesma da cantidade de 88,80 euros, cantidade que devengará o interese legal dende a data da reclamación en vía administrativa (09.03.2005) ata o seu completo pagamento, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

**6(667).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4198/2003 (R.C.A. Nº 45/2002) RECORRENTES CONCELLO DE VIGO E EMORVISA APELADO POR POMPAS FÚNEBRES LA PREVENTIVA S.L. EN RELACIÓN CON SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 RECAÍDA NO R.C.A. Nº 45/2002. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Desestimamos os recursos de apelación principais e adhesivo interposto polo Concello de Vigo, EMORVISA, e “Pompas Fúnebres la Preventiva. S.L.”, contra a sentenza dictada con data 09.12.02 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no Procedemento ordinario núm. 45/20021. Non se fai imposición de xustas da apelación.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

**7(667).- SENTENZAS DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1, PROC. ABREVIADOS Nº 375/05, 365/05, 368/05, 378/05, 366/05, 371/05, 367/05, 374/05, RECORRENTE POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L. CONTRA CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DUN ARTIGO DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA. ESTIMADO.**

Dase conta das sentenzas, de data 28.02.06, dictadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recursos de referencia que fallan o seguinte:

a) Procedemento abreviado nº 366/05.

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de

Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5.984/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

b) Procedemento abreviado nº 371/05.

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 6.029/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

c) Procedemento abreviado nº 367/05

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5.978/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

d) Procedemento abreviado nº 374/05.

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 6.022/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

e) Procedemento abreviado nº 378/05.

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5.975/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

f) Procedemento abreviado nº 368/2005.

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5.987/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

g) Procedemento abreviado nº 365/05

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5.985/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

h) Procedemento abreviado nº 375/05

“Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo do 22.12.2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa “Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada”, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 6.021/255.04, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.d.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo (BOP do 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do artigo 18 da Ordenanza.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza.

**8(668).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. Nº 291/05, INTERPORTO POR ANGEL VIDAL HERNANDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN POR IMPOSICIÓN DE SANCIÓN. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de ANGEL VIDAL HERNÁNDEZ, no PA 291/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, con condena á administración demandada a devolver ó recorrente o importe aboadado con motivo da sanción, máis os intereses legais correspondentes, todo isto sen pronunciamento de xustas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Circulación.

**9(669).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 NO R.C.A Nº 34/06 INTERPOSTO POR CESAR RODRIGUEZ LORENZO CONTRA RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DECLARANDO A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL RECLAMADA A CARGO DE AQUALIA. DESISTIDO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Tense por desistido e apartado ó demandante D. CESAR RODRIGUEZ LORENZO da prosecución do presente recurso, que se declara rematado no seu actual estado de trámite; firme que sexa a presente resolución procédase ó arquivo das actuacións no atado que corresponda, previa devolución do expediente administrativo ó organismo de orixe, xunto con testemuña da presente resolución. Sen facer expersa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

**10(670).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 213/06 INTERPOSTO POR MARTA FERNANDEZ ALONSO, CODEMANDADA AQUALIA, CONTRA DESESTIMACIÓN SILENCIO DE RECLAMACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Declarar rematado o procedemento, debéndose realizar a devolución do expediente administrativo e o arquivo das actuacións no atado correspondente, sen que haxa lugar a imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

**11(671).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 396/05 INTERPOSTO POR VICTOR CRESPO COMESAÑA, CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO POR IMPOSICIÓN DE SANCIÓN. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de VÍCTOR CRESPO COMESAÑA fronte ó Concello de Vigo, seguido como PA 396/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Tráfico.

**12(672).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 355/05 INTERPOSTO POR GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS S.L. CON RESOLUCIÓN DO CONCELLO EN RELACIÓN CON EXPEDIENTE SANCIONADOR. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, S.L., fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do 23.08.05 dictada pola Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo no expediente sancionador número 3.089/306 pola que se lle impón á recorrente unha sanción de 601,02 euros por infracción da Lei de residuos 10/1988, do 21 de abril, que se declara contraria a Dereito e se anula, con condena á administración municipal demandanda a devolver á empresa, de se ter aboado, o importe da multa, cos intereses legais correspondentes, todo isto sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Medio Ambiente e Intervención-Fiscalización.

**13(673).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 418/05 INTERPOSTO POR CANDIDA BARREIRO RODAS CON RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de CÁNDIDA BARREIRO RODAS fronte ó Concello de Vigo no PA 418/04, sen imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación..

**14(674).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 446/05, INTERPOSTO POR AQUALIA, CODEMANDADO JOSE MANUEL ROZAS PÉREZ, CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO QUE SE DECLARABA A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL A UTE AQUALIA-FCC S.A.. DESESTIMADO.**



Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por AQUALIA FCC UTE VIGO, fronte ó Concello de Vigo seguido como PA 446/05 contra a resolución do Concello de Vigo do 05.09.05 dictada no expediente de responsabilidade patrimonial número 23/243, iniciado a instancia de JOSE MANUEL ROZAS PÉREZ e FRANCISCO ALBERTO PÉREZ COSTAS coa súa reclamación en tal concepto formulada en data 29.12.2003 con motivo da vertedura de augas dun sumidoiro, pola que se declaraba a responsabilidade da recorrente, como concesionaria do servizo municipal de augas, resolución que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

**15(675).- PROPOSTA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “ROSA DOS VENTOS”, POR 3000 € (P.111.0.489.00.02; SUBVENCIÓNS POR RAZÓNS SOCIAIS). EXPTE. 3039/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo de data 12-04-06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, informado xuridicamente polo letrado da Asesoría Xurídica e así mesmo intervido e conformado en data 31-05-06 polo interventor xeral, que di o seguinte:

*“En relación á solicitude de subvención formulada pola ASOCIACIÓN “ROSA DOS VENTOS” (C.I.F.: G-36430844) para os gastos de actividades de carácter social de axuda ás esposas dos mariñeiros que traballan nos pesqueiros de gran altura, o funcionario que asina ten a ben informar o seguinte:*

*A Administración conta entre as súas competencias contribuir á solución dos problemas sociais do máis amplo espectro dos cidadáns. Nembargantes non sempre é posible acadar estes fins de xeito directo, aínda máis tendo en conta o variado tecido social da cidade.*

*Doutro xeito, as especiais características que concorren na Asociación “Rosa dos Ventos”, pola súa dedicación á xestión administrativa de persoas con poucos coñecementos ou ben de asesoramento ante as dificultades que en ocasións se atopan estes colectivos, precisan de axudas non tipificadas habitualmente nas bases de subvencións a conceder polos departamentos municipais.*

*A ASOCIACIÓN ROSA DOS VENTOS está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 249-92, e ven desenvolvendo as súas actividades na nosa cidade no campo devandito e, habitualmente carece de calqueira outro tipo de axuda, se ben nesta ocasión, por unha serie de problemas acumulados na mesma, precisan de xeito urxente unha axuda extraordinaria.por isto xustifícase a concesión da subvención solicitada , sen concorrer as convocatorias públicas.*

*Esta entidade solicita unha subvención de 5.000 euros para o ano 2006, por unha vez, que pode ser tramitada con cargo á P. 111.0.489.00.02, “Subvencións por razóns humanitarias e sociais”.*

*A asociación aporta a documentación necesaria e imprescindible para poder ter subvención da Administración Local.*

*Segundo antecedentes obrantes nas oficinas desta Administración, non consta que esta Asociación recibira subvención algunha deste Concello.*

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“Conceder á Asociación Rosa dos Ventos unha subvención por unha contía de 3.000 € en concepto de axuda para a organización das súas actividades de axuda e asesoramento ás mulleres dos mariñeiros da pesca de altura para o ano 2006, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) do presuposto prorrogado en vigor ou no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(676).- PROPOSTA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “FUNDACIÓN CUME” POR 4.000 € (P.111.0.489.00.03; AXUDAS INTERNACIONAIS HUMANITARIAS). EXPTE. 3089/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admon. Xeral de data 02-05-06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, informado xuridicamente polo letrado da Asesoría Xurídica e así mesmo intervido e conformado en data 31-05-06 polo interventor xeral, que di o seguinte:

*ASUNTO: Concesión subvención Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, con destino ó proxecto de apoio psicolóxico e formativo ás mulleres desprazadas polos conflitos bélicos na rexión de Yamoussoukro, Costa de Marfil.*

*Recibida nesta Alcaldía solicitude da Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, con destino, ó proxecto de apoio psicolóxico e formativo ás mulleres desprazadas polos conflitos bélicos na rexión de Yamoussoukro, Costa de Marfil, e de conformidade coa memoria xunta no expediente, faise constar que vistas as especiais circunstancias que concorren na problemática humana que se describe, axústase ás condicións para a concesión de subvención con fins humanitarios.*

*Por isto, e seguindo instrucións da Alcaldía-Presidencia, proponse unha axuda por unha contía de 4.000 euros, con destino a gastos de persoal médico, educadores, medicinas básicas e material de hixiene que se repartirá para os máis necesitados, desprazamentos necesarios para atender a todos os beneficiarios e outros.*

*Existe creto suficiente na partida de Alcaldía 111.0.489.00.03 (Axudas Internacionais Humanitarias) do orzamento prorrogado vixente.*

*Por todo o exposto e previo o oportuno informe da oficina de Intervención, proponse á Xunta Local de Goberno a adopción do acordo seguinte:*

*“Conceder á Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, unha subvención por un importe de 4.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 do orzamento prorrogado vixente, e isto con destino a gastos de persoal médico, educadores, medicinas básicas e material de hixiene que se repartirá para os máis necesitados, desprazamentos necesarios para atender a todos os beneficiarios e outros, do proxecto de apoio psicolóxico e formativo ás mulleres desprazadas polos conflitos bélicos na rexión de Yamoussoukro, Costa de Marfil”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(676).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CAIXA GALICIA PARA FACILITAR O ACCESO A PRAZAS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIURNA NO CENTRO XERONTOLOXICO. EXPTE. 12952/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 5.06.06 do xefe do sector de Acción Social conformado pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. Ratificar o convenio de colaboración entre a Obra Benéfico Social da Caixa de Aforros de Galicia e o Concello de Vigo, suscrito pola Excm. Sra. Alcaldesa con data 10/04/06, co obxecto de facilitar o acceso de persoas maiores a prazas residenciais e de atención diurna do Centro Xerontolóxico de Vigo, sen contraprestación económica do Concello, que se transcribe a continuación.

2º. Designar representantes do Concello na Comisión mixta de seguimento a D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá, e a D. Enrique J. Gómez García, Xefe de Área de Acción Social, a fin de que procedan á adaptación dos procedementos e revisións que procedan.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CAIXA GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA FACILITAR O ACCESO DE PERSOAS MAIORES DESTE MUNICIPIO A PRAZAS RESIDENCIAIS E DE ATENCIÓN DIURNA DO CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO**

*Na Casa Consistorial de VIGO, 10 de abril de 2006.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dna. Corina Porro Martínez, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de VIGO.*

*E doutra, D. José Luis Méndez López, Director Xeral de Caixa de Aforros de Galicia*

**INTERVEÑEN**

*Dna. Corina Porro Martínez, en nome e representación do Concello de VIGO, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.*

*Don José Luis Méndez López, en nome e representación da Caixa de Aforros de Galicia (“Caixa Galicia”), actuando no ámbito da súa Obra Benéfico Social, na súa condición de Director Xeral da mesma.*

*Ambas as partes, na condición en que interveñen, recoñécense mutua capacidade para formalizar este Convenio.*

**EXPOÑEN**

*-I-*

*Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local, atribúe ao concello competencias para promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as aspiracións da comunidade de veciños e a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social. En uso das citadas competencias, e previo outorgamiento del correspondente convenio de colaboración, o Excmo. Concello de VIGO cedeu gratuitamente a CAIXA GALICIA, libre de cargas e arrendatarios, e con cantos dereitos, servizos e aproveitamentos lle eran inherentes, un terreo sito no Municipio de Vigo, Parroquia de Lavadores, PERI 4, Barreiro 2, Parcela E.2, co único fin de que esta entidade, a través da súa obra benéfico social, financiase la construcción e garantise a xestión dun centro xeriátrico. A escritura pública de cesión gratuíta formalizouse perante o Notario D. Jaime Moreno Costas, con data 21 de maio de 2003*

*-II-*

Que a cesión gratuíta referida no expositivo precedente se levou a efecto en cumprimento do disposto no Convenio de Colaboración subscrito con data 13 de marzo de 2002 entre CAIXA GALICIA e o Concello de VIGO, en cuxa virtude este comprometeuse á devandita cesión para a construción e explotación dunha residencia xeriátrica, con suxeición estrita aos fins e condicións do dito Convenio. Entre as referidas condicións do Convenio de Colaboración son de destacar aquí, sen ánimo exhaustivo, as relativas á reserva de prazas na residencia xeriátrica para o Concello de VIGO (cláusula Terceira do Convenio) e ao compromiso de CAIXA GALICIA de manter en funcionamento a residencia citada durante o prazo de trinta (30) anos

-III-

Que, no marco do previsto no Convenio de Colaboración referido no Expositivo II anterior, e na súa condición de propietaria a título gratuíto do terreo mencionado no Expositivo I precedente, por medio de escritura pública outorgada en data 2 de febreiro de 2004 perante o Notario de A Coruña D. Francisco ORDÓÑEZ ARMAN co nº 355 de orde do seu protocolo, CAIXA GALICIA concedeu a RESGAL VIGO, S.L. (entidade participada o 100% polo Fondo Social Caixa Galicia, o que ten consideración de obra benéfico-social propia de CAIXA GALICIA), e RESGAL VIGO, S.L. adquiriu, un dereito de superficie sobre a totalidade do dito terreo, para os únicos e exclusivos efectos de que RESGAL VIGO, S.L. constrúise e explótase, directa ou indirectamente, unha residencia xeriátrica, obrigándose especialmente RESGAL VIGO, S.L. a manter en funcionamento a devandita residencia durante alomenos trinta (30) anos, salvo acordo en contrario con CAIXA GALICIA e o Concello de VIGO, e facendo seus RESGAL VIGO, S.L., expresa e solidariamente con CAIXA GALICIA, os compromisos asumidos por esta última fronte ao Concello de VIGO en virtude do Convenio de Colaboración antes citado.

-IV-

Que, de acordo co seu obxecto social, e facendo uso do dereito de superficie mencionado no Expositivo III anterior, RESGAL VIGO, S.L. procedeu á construción dunha residencia xeriátrica no terreo ao que o citado dereito de superficie se refire, cunha capacidade para cento cincuenta (150) prazas residenciais e trinta (30) prazas de atención diurna, e cun investimento aproximado de sete millóns de euros, tras solicitar e obter as licenzas e permisos administrativos correspondentes

-V-

Que, pola súa parte, o Concello de VIGO considera prioritario que o maior número de veciños do municipio con necesidade de coidados sociosanitarios poidan acceder a prezos asequibles aos servizos e prestacións ofrecidos na residencia xeriátrica á que se refire o Expositivo precedente (en adiante, “o CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO”), con especial atención ás persoas excluídas dos sistemas públicos de protección social. Por iso, o Concello de VIGO estima conveniente colaborar con CAIXA GALICIA na difusión e accesibilidade das prazas da residencia xeriátrica mencionada entre a poboación de persoas maiores do municipio e as súas familias.

-VI-

Que as partes coinciden en articular a través deste convenio a aplicación do fondo previsto no punto 4 do Anexo do Convenio de data 13 de marzo de 2002, segundo a determinación dos servizos e as modalidades de prestación dos mesmos acordado pola Comisión de Seguimento prevista na estipulación sétima, facendo así posible que desde a apertura do centro os usuarios designados polo Concello de Vigo poidan beneficiarse dos coidados que precisan, sen que este anticipo do fondo mencionado achegado e xestionado pola Obra Social de Caixa Galicia poida xerar en ningún caso gasto para o Concello de Vigo.

Por todo isto, ambas as partes outorgan este Convenio de acordo coas seguintes

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA(583).- CAIXA GALICIA, no ámbito da súa Obra Benéfico Social, promoverá, en función de criterios de sostenibilidade socio-económica, o establecemento dos acordos necesarios que permitan que o CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO poida ofrecer prazas segundo figura con carácter indicativo no cadro seguinte, a

prezos de tarifa de seiscientos corenta e dous (642) euros e novecentos sesenta e catro (964) euros para as residenciais (ive incluído), e de douscentos corenta e oito (248) euros e cento noventa e dous (192) euros para as de atención diurna (IVE incluído), co obxectivo de facer posible que os solicitantes poidan acceder ás mesmas en función da súa renda e demais criterios de valoración. A dispoñibilidade destas prazas, unha vez concertadas con RESGAL VIGO, S.L., titular do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, será comunicada de forma inmediata ao Concello de VIGO, ao que se manterá informado da súa ocupación con carácter mensual.

NÚMERO PRAZAS RESIDENCIAIS	30
- PRAZAS RESIDENCIAIS A 964 euros	15
- PRAZAS RESIDENCIAIS A 642 euros	15
NÚMERO PRAZAS ATENCIÓN DIURNA	6
- PRAZAS ATENCIÓN DIURNA XORNADA COMPLETA A 248 euros	3
- PRAZAS ATENCIÓN DIURNA MEDIA XORNADA A 192 euros	3
DISTRIBUCIÓN PREFERENTE PRAZAS RESIDENCIAIS:	
- ASISTIDO MODERADO EN HABITACIÓN DOBRE	80%
- ASISTIDO SEVERO EN HABITACIÓN DOBRE	8%
- AUTÓNOMO EN HABITACIÓN DOBRE	12%

O importe das respectivas tarifas actualizarase anualmente de acordo co previsto na Estipulación SEXTA do presente Convenio.

As prazas contempladas no presente convenio de colaboración --residenciais ou de atención diurna--, poderán ser cubertas tanto por usuarios derivados polos servizos sociais do Concello de VIGO, como directamente por CAIXA GALICIA, actuando no ámbito da súa Obra Benéfico Social.

En ningún caso o Concello de VIGO queda obrigado a contraprestación económica ningunha como consecuencia do presente convenio.

SEGUNDA.- O Concello de VIGO contribuirá, a través dos servizos sociais municipais, á difusión e coñecemento destas prazas xerontolóxicas entre os veciños do municipio con necesidade de cuidados sociosanitarios, e colaborará, de conformidade co marco procedemental que se incorpora como Anexo ao presente Convenio, e daqueles outros procedementos que se establezan de común acordo, na derivación cara ao CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO dos solicitantes destas prazas.

En todo caso, a adxudicación de prazas conforme o presente Convenio, enténdese sen prexuízo da facultade de admisión ou rexeitamento dos solicitantes por parte da entidade titular do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, conforme os seus criterios habituais, contratándose o servizo específico sen intervención municipal.

TERCEIRA.- Créase unha Comisión de Seguimento, de carácter paritario, integrada por dúas (2) persoas nomeadas polo Concello de VIGO e outras dúas (2) nomeadas por CAIXA GALICIA, á que corresponderá, ademais da revisión e adaptación dos procedementos a que se refire a Estipulación SEGUNDA anterior, o control e o seguimento do presente Convenio e a interpretación en primeira instancia deste.

CUARTA.- A efectividade do presente Convenio nos seus íntegros termos queda condicionada á formalización do correspondente acordo de CAIXA GALICIA coa entidade titular do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, e á dispoñibilidade de prazas que esta ofrezca.

QUINTA.- Cumprida a condición suspensiva precedente, a duración do presente Convenio será ata o 31 de decembro do ano 2006, podéndose prorrogar tacitamente por anos naturais ata o 31 de decembro de 2008, en tanto non se esgotasen as prazas dispoñibles conforme o establecido na precedente Estipulación PRIMEIRA. En todo caso, os efectos respecto dos beneficiarios das prazas previstas no presente Convenio derivados polos servizos sociais do Concello de VIGO entenderanse nos termos da Estipulación SEXTA seguinte, termos que deberán recollese na contratación do correspondente servizo.

Calquera das partes pode denunciar o presente Convenio con quince (15) días de antelación á expiración do termo inicial ou das súas prórrogas.

SEXTA.- Os beneficiarios deste Convenio manterán, ata o final dos seus coidados, a tarifa coa que ingresaron, salvo que melloren as circunstancias económicas que motivaron a asignación da dita tarifa, en cuxo caso se lles aplicará unha tarifa superior a convenir coa entidade titular do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, no acordo referido na Estipulación CUARTA precedente. As referidas tarifas serán revisadas dentro do primeiro mes de cada ano en función da variación experimentada polo IPC no transcurso dos doce (12) meses inmediatamente anteriores, ou ben en función do incremento salarial contemplado para o ano en curso no convenio colectivo aplicable aos traballadores do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, caso de ser o dito incremento superior.

SÉTIMA.- Para os efectos do disposto no apartado 4 do Anexo ao Convenio de Colaboración suscrito entre o Concello de VIGO e CAIXA GALICIA en data 13 de marzo de 2002, ambas as partes pactan expresamente que as cantidades que, no ámbito da súa Obra Benéfico Social e en execución dos acordos aos que se refire a Estipulación PRIMEIRA do presente Convenio, CAIXA GALICIA achegue en concepto de subvención das prazas residenciais e de atención diurna mencionadas na dita Estipulación PRIMEIRA, se computarán para os efectos da liquidación do fondo que se contempla no enriba citado apartado 4 do Anexo ao Convenio de Colaboración de data 13 de marzo de 2002. O Concello de VIGO non asumirá obriga económica ningunha con motivo da devandita liquidación, sexa cal sexa o resultado da mesma.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente Convenio no lugar e data sinalados “ut supra”

#### ANEXO

##### 1.- BENEFICIARIOS

Aquelas persoas maiores que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 65 anos.
- No ter capacidade económica suficiente para afrontar o custo íntegro de prazas de atención diurna ou residencial, segundo sexa o caso, tendo en conta o patrimonio, achegas, axudas públicas e privadas, e 75% dos seus ingresos líquidos mensuais.

##### 2.- VALORACIÓN

A valoración realizarase tomando como referencia os modelos normalizados de informes sociais, económicos e médicos que se utilizan para o programa de atención autonómico denominado “cheque asistencial”.

##### 3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios:

- 1.- Situación Socio-Familiar e Empadramento.
- 2.- Grao de autonomía, Discapacidade, dependencia ou minusvalía.
- 3.- Nivel de ingresos mensuais. Terán maior valoración aqueles maiores que non reciban outro tipo de axudas para estancias en centros xerontolóxicos de organismos ou institucións públicas ou privadas.
- 4.- Condicións da vivenda
- 5.- Reagrupación Familiar, retorno de Emigrantes, integración na Comunidade Autónoma.
- 6.- Idade.
- 7.- Avaliación doutras circunstancias de especial interese socio-sanitario.

Serán criterios básicos de exclusión:

- 1.- Idade inferior a 65 anos.
- 2.- Enfermidade Infecto-Contaxiosa, ou necesidade imprescindible de atención en centro hospitalario ou trastorno psiquiátrico grave que impida a normal convivencia en centro xerontolóxico.
- 3.- Ter sido expedientado ou sancionado nalgunha outra institución de axuda permanente ou temporal á dependencia socio-sanitaria.

RESGAL VIGO, S.L. resérvase en todo caso o dereito de admisión.

#### 4.- *SERVIZOS PRESTADOS POR RESGAL VIGO, S.L. AOS BENEFICIARIOS.*

*RESGAL VIGO, S.L. como titular directo e inmediato da relación cos beneficiarios do presente Convenio, presta actualmente os seguintes servizos:*

##### *CENTRO RESIDENCIAL*

- *Servizos Residenciais: aloxamento en habitación dobre, uso das áreas e servizos comúns do centro, comida e restauración en réxime de pensión completa (almorzo, xantar, merenda e cea), lavandería e repaso de costura de roupa.*
- *Servizos Sanitarios e Sociais: atención médica 24 horas en presenza ou localización, atención de enfermería 24 horas, terapia ocupacional, animación sociocultural e asistencia social.*
- *Conserxería e Recepción para o recibimento de visitantes, xestión e entrega de correo e a información de residentes, usuarios e visitantes.*

##### *CENTRO DE ATENCIÓN DIURNA*

- *Servizos de Atención Diurna: prestación de atención sanitaria preventiva, rehabilitadora, psicolóxica e social, e comida en réxime de media pensión.*

*RESGAL VIGO, S.L. cobrará aos beneficiarios, tarifas complementarias ás pactadas no presente Convenio pola prestación de servizos adicionais aos descritos con anterioridade, sempre que sexan solicitados voluntariamente polo residente ou usuario, de acordo coas tarifas de Residencia e Centro de Día vixentes en cada momento.*

#### 5.- *DEREITOS E DEBERES DOS BENEFICIARIOS*

*Os beneficiarios das prazas do presente Convenio terán os mesmos dereitos e deberes que o resto dos residentes ou usuarios do CENTRO XERONTOLÓXICO DE VIGO, quedando suxeitos aos Regulamentos de Réxime Interno aprobados pola Xunta de Galicia, incluído o seu réxime disciplinario.*

### **18(677).- 1ª ADDENDA DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E SERVIZOS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS ANO 2006, POR 349.970,21, EXPTE. 16095/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 2.06.06 do xefe do sector de Acción Social conformado pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Quedar enterada da 1ª addenda da prorroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependencias para o ano 2006 por un total de 349.970,21€, que a continuación se transcribe.

### **1º ACORDO DE PRORROGA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN COA CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS.**

*En Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro de dous mil seis.*

## REUNIDOS

*DUNHA PARTE: A Excm. Sra. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade da Xunta de Galiciae Presidenta do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade e do SERGAS, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e de conformidade co establecido no Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas, e no acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991, feito público por medio de resolución da Consellería de Economía e Facenda, de data 8 de abril de 1991.*

*E POR OUTRA: Sra. D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, con DNI nº 35.317.924 que actúa en representación do Excm. Concello de Vigo en virtude de delegación expresa de sinatura que se adxunta outorgada pola Alcaldesa-Presidenta.*

## MANIFESTAN

*PRIMEIRO.- Que, ó amparo do establecido pola Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, do 25.04.94 (DOG nº 92/93, de 13/16 de maio de 1994), o día 25 de agosto de 1994 subscribían ambas partes un convenio de cooperación para o desenvolvemento de servizos ou programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas a través de unidades e servizos asistenciais xestionados por dita entidade.*

*SEGUNDO.- De acordo coa cláusula décimo primeira dese convenio, contemplábase a posibilidade dunha prórroga do mesmo, por anos naturais, agás denuncia expresa das partes.*

## ACORDAN

*PRIMEIRO.- Prorroga-lo convenio de cooperación suscrito o 25 de agosto de 1994 entre ámbalas dúas partes para o desenvolvemento de servizos ou programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas a través de unidades e servizos asistenciais xestionados polo Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Esta prórroga terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2006 e quedará condicionada ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- 1.- Existencia de crédito orzamentario suficiente para o exercizo do ano 2006.*
- 2.- Cumprimento das obrigas contraídas a través do convenio asinado entre ambas partes o 25 de agosto de 1994, así como do disposto pola Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 25 de abril de 1994.*

*TERCEIRO.- Para apoiar o desenvolvemento do obxecto do convenio que se prorroga, a Consellería de Sanidade aboará, para o exercizo do ano 2006, a cantidade de 349.970,21 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.313<sup>a</sup>.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma do ano 2006.*

*CUARTO.- A contía expresada no acordo anterior farase efectiva do xeito previsto na cláusula sétima do convenio que se prorroga.*

*E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan e rubrican en triplicado exemplar o presente documento no lugar e data antes citados.*

**19(678).- CONCESIÓNS SERVIZO AXUDA NO FOGAR. EXPTEs. 22/449, 21/933, 23/1364, 03/557, 01/1602.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:



- D<sup>a</sup> Albertina Iglesias Vidal. Expte. 22/449
- D<sup>a</sup> Amelia Gloria Piñeiro Jáuregui. Expte. 21/933
- D<sup>a</sup> Consuelo Coello Acevedo. Expte. 23/1364
- D<sup>a</sup> Crisanta Riveiro Fernández. Expte. 1/1602
- D. Jesús de la Iglesia Roel. 03/557.

**20(679).- APROBACIÓN II PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS (PLDA) 2006-2008. EXPTE. 16204/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do coordinador do servizo de Benestar Social de data 09-06-06

*“Seguindo instruccións da Concelleira-delegada de Benestar Social, redáctase o seguinte informe*

*O Concello aprobou no ano 2002 o denominado Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós 2002-2004 no que participaban 12 asociacións e entidades vinculadas coa prevención, asistencia e incorporación social.*

*Este Plan contemplaba, por unha banda, unha serie de directrices, criterios, medidas e accións que perseguía os obxectivos de mellorar as prestacións dos Servizos de asistencia e incorporación, así como implementar medidas de prevención; por outra banda, o Plan supoñía o compromiso e vontade das asociacións asinantes de levar adiante ou potenciar as accións propostas e coordinar tecnicamente os recursos persoais existentes tanto en cada entidade como no propio Concello de Vigo.*

*O Plan contemplaba asemade a figura dun director técnico e de unha oficina Técnica vinculada ao seu desenvolvemento.*

*Este I Plan (en adicante PLDA), desenvolveuse ata o ano 2004, sendo posteriormente prorrogado ata a aprobación do II Plan, obxecto deste expediente.*

*A valoración xeral do seu desenvolvemento, segundo se recolle na opinión dos seus participantes e no documento de avaliación que consta nos arquivos do Servizo de Benestar Social, pode considerarse moi positiva, cun traballo constante de coordinación profesional nas tres Comisións Técnicas previstas. Punto culminante do mesmo foi o impulso e redacción do primeiro Estudo Epidemiolóxico sobre consumo en xóves de 14 a 18 anos, realizado pola Universidade de Santiago de Compostela e financiado pola Fundación Barrié de la Maza.*

*Entre os aspectos deficitarios do Plan, valoráronse:*

- *O escaso funcionamento da Comisión Interdepartamental municipal (e, consecuentemente, a pouco influencia dos criterios e accións do PLDA noutros departamentos e servizos municipais)*
- *A falta de persoalidade xurídica da organización que pola vía de feito aglutinaba ás asociacións participantes e ao propio Concello, que recoñecía de feito a existencia de tal organización (coa propia aprobación do texto do Plan e o funcionamento cotidiano do mesmo), sen que existise un ámbito xurídico claro de pertenza;*
- *A falta de estabilidade da Oficina Técnica, pois para o seu funcionamento acudíuse a Contratos menores de Asistencia Técnica para traballos concretos que non permitían abranguer de xeito continuado e sistemático as necesidades de impulso, coordinación e apoio técnico que se prevía no texto do Plan. Esta Asistencia técnica, por outra parte, deixou de contratarse ao final do primeiro trimestre de 2005 pola imposibilidade regulamentaria de seguir contratando, producindo unha ralentización nas tarefas de redacción do novo Plan Local previsto ata 2008.*

*No mes de novembro de 2005 o profesor Elisardo Becoña, da Universidade de Santiago de Compostela entregou no Concello o Estudo Epidemiolóxico sobre consumo de drogas e outras adicciós en xóves de 14 a 21 anos no Concello de Vigo, resultado do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, no que se recolle,*

ademais dun exhaustivo diagnóstico sobre a situación do consumo na nosa cidade, a proposta de medidas preventivas a ter en conta en programas futuros.

Coas premisas expostas iniciáronse os traballos de redacción dun novo Plan Local para o período 2006-2008, que está baseado en:

- As propostas elaboradas durante as reunións das Comisións de Prevención, Asistencia e Incorporación Social da Plan, coordinadas por Jorge Cabrera Riande (CEDRO), Carmen Guimeráns Freijeiro (ASVIDAL) e Manuel Rodríguez Iglesias (ALBORADA), respectivamente. Estas propostas foron expostas na Comisión Permanente do PLDA e integradas no documento final.
- Os datos e conclusións do estudio Epidemiolóxico citado, entregado en novembro de 2005.
- Dende o punto de vista organizativo, o informe sobre organización presentado polo servizo de Benestar Social nas IV Xornadas do PLDA celebradas en novembro de 2005.
- Os traballos de redacción final, consistentes na recopilación e síntese da información científica, revisión de textos das Comisións, unificación e estruturación dos textos e correccións e unificación de estilo, foron realizados polo director de CEDRO Francisco Otero Lamas.

As características principais do proxecto do II Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións 2006-2008 en relación co anterior, son, en síntese, as seguintes:

- Está baseado nunha análise científica da realidade do consumo a escala local, o que permite perfilar as directrices xerais, medidas e accións dun xeito tecnicamente máis efectivo;
- O seu horizonte temporal é de dous anos e medio, suficiente para valorar os seus resultados e, se fose o caso, redactar un novo Plan;
- Dótase de personalidade xurídica á organización das entidades que participaron activamente no I PLDA, mediante a posta en marcha dun Consello Sectorial específico, dos previstos no Regulamento Municipal de Participación Cidadá, que contará cun regulamento propio adaptado ás necesidades de participación e intervención pública nesta específica materia no ámbito da saúde. Achégase así a proposta aos principios de gobernanza recollidos nas propostas de perfeccionamento democrático avaladas polos órganos da Unión Europea.
- Prevéese a dotación dunha Oficina Técnica estable vinculada ás medidas, accións e traballo técnico-administrativo derivado da execución para todo o período previsto de duración do Plan, mediante a proposta de contratación laboral por obra ou servizo de dous técnicos.
- Recolle de xeito pormenorizado medidas estratéxicas, obxectivos e accións para cada área de intervención.

Unha vez rematada a redacción, o proxecto de PLDA 2006-2008, foi sometido á aprobación da Comisión Permanente do PLDA, formada polos coordinadores de cada Comisión, por dous técnicos municipais (un deles actuando de secretario) e presidida pola Concelleira delegada de Benestar Social, que en reunión de 02/05/2006, acordou por unanimidade aprobalo e propoñelo ao goberno municipal para a súa consideración e aprobación se procedese.

Reunida a Asemblea do PLDA, coa asistencia de representantes técnicos das asociacións e entidades que conformaban o I PLDA, o 08/06/2006, acordou por maioría, dar a súa aprobación ao proxecto presentado pola Comisión Permanente.

O Plan que se somete a aprobación é un documento de manifestación da vontade municipal e compromiso para o desenvolvemento das medidas e accións que se conteñen. Desta manifestación de vontade derivaranse os expedientes específicos que sucesivamente darán a cobertura administrativa necesaria para o desenvolvemento progresivo das accións previstas.

Á vista do anteriormente expresado e dos documentos obrantes no expediente, seguindo instrucións da Concelleira delegada de Benestar Social, proponse á Xunta de Goberno Local, acordar o seguinte:

1. Aprobar o II Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións 2006-2008 (PLDA 2006-08), conforme ao texto presentado polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo e que obra no expediente.

2. *Que polo Servizo de Benestar Social se inicie expediente para a proposta de creación do Consello Sectorial sobre Drogodependencias e outras Adicións, previsto nese Plan, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Participación Cidadá.*
3. *Que polo Servizo de Benestar Social se inicie o expediente para a creación e dotación da Oficina Técnica vinculada ao desenvolvemento do PLDA 2006-08).*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(680).- CONTRATACIÓN CONCERTO DE LLUIS VIDAL PARA FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’06”. EXPTE. 9632/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de actividades culturais de data 29.05.06, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais mailo intervido e conforme do interventor xeral de data 2.06.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de *LLUIS VIDAL*, o día 24 de xuño, ás 21,00 horas, no auditorio “Martín Codax” do Conservatorio Superior de Música, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’06”*, que se transcribe a continuación.

2.- Facultare ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3.- Autorizar un gasto por un importe total de 22.620.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercizo, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., con CIF B-15547235.

4.- O pagamento realizarase a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.”

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA*

*LLUIS VIDAL*

*Festival Internacional de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’06”*

*En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxx de 2006*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., CIF B-15547235, con domicilio social na cidade de Santiago, rúa Galeras, 17, 2º of. 5, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

## CLÁUSULAS

### OBXECTO DO CONTRATO

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo LLUIS VIDAL, no sucesivo O ARTISTA, o sábado 24 xuño de 2006, ás 21,00 horas, no recinto denominado Auditorio Municipal situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.*

*Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'06", que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

### VALIDEZ

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

### RETRIBUCION E GASTOS

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 19.500.- Euros máis 3.120.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 22.620.-Euros (VINTEDOUS MIL SEISCENTOS VINTE), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Nordesía Producións S.L., que lle será entregado a Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33.281.887-W, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.*

### PERMISOS

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

### AFORO E ENTRADAS

*SEXTA.- O CONCELLO porá á venda un total de 300 entradas, a un prezo unitario de 3.-€ cada unha, e será o beneficiario total da recaudación; así mesmo editará invitacións protocolarias das que lle entregará á AXENCIA un total de 10.*

### IMAXE DO ARTISTA

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.*

*OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.*

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

#### **PUBLICIDADE**

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

#### **PATROCINIOS**

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'06 está patrocinado a nivel xeral pola entidade CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

#### **SEGURIDADE DO CONCERTO**

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

#### **INSTALACIÓNS**

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

## SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

## INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

## XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

## ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

### 1. INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS.

#### 1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

#### 1.2. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario, equipos de son e iluminación

#### 1.4 RECINTO E INSTALACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

### 2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

### 3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO E A AXENCIA coñecen e aceptan as condicións eléctricas existentes no recinto de actuación.

### 4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de dous camerinos de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.

#### 5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e té.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

#### 6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de tres días hábiles respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

#### 7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

#### 8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

##### 8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

##### 8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

##### 8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

#### 9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos

- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuír ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

## 10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

### 10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 10.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

## 11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

## **22(681).- DOTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN PRO-VIGO PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O ANO 2006. EXPTE. 9594/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura de data 11.05.06, conformado polo concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais e coa retención de crédito emitida por Intervención de data 2.06.06, a Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro.- Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, por importe de 36.000, 00 €.- (trinta e seis mil euros) para o financiamento da actividade do Instituto de Estudios Vigueses correspondente ó ano 2006; o importe da subvención supón o 85,71% do presuposto total do programa. A financiación da subvención aplicaríase á partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudios Vigueses” do presuposto municipal prorrogado no actual exercizo económico.

A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Provigo e a súa Área Laxeiro para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudios Vigueses axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación Provigo e a súa Área axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, es especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade do Instituto de Estudios Vigueses-Fundación Provigo, acreditado pola concordancia do programa do Instituto para 2006 cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación.

Segundo.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada, que se transcribe a continuación.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES*

*En Vigo, a .....de ..... de dous mil seis.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. ...., na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.*

*MANIFESTAN*

*1. O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudios Vigueses (en adiante o INSTITUTO) asinaron convenios de colaboración o 14 de setembro de 1994 , o 9 de maio de 2001, o 24 de marzo de 2004 e o 14 de xuño do 2005, nos que definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO.*

*2. Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2006 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento.*

*3. D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004, sobre competencias delegadas e D. .... actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de poderamento outorgada o .....de ..... de 2006 pola Fundación Provigo e a súa Área.*

*4. A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Provigo e a súa Área para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudios Vigueses axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación Provigo e a*

súa Área axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, es especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade do Instituto de Estudos Vigueses-Fundación Provigo, acreditado pola concordancia do programa do Instituto para 2006 cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

#### CLAÚSULAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionar o programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ao ano 2006, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa consisten na edición de publicacións, a continuación do desenvolvemento dun proxecto de Centro de Documentación da Historia de Vigo e a realización dun ciclo de conferencias.

##### SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 42.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- a) 6.000 € por venda de libros
- b) 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.02 "Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses" do vixente presuposto municipal prorrogado no ano en curso.

##### TERCEIRA.- Datas e lugares.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ao Concelleiro da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo e ao departamento de Cultura, cunha antelación mínima de 15 días.

##### CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas do INSTITUTO

1. Cumprir o programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais e ao departamento de Cultura, os cambios que se poideran producir, así como as incidencias durante o desenvolvemento da programación.
2. Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
4. Entregar á Concellería da Área de Asuntos Sociais 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2006; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Alcaldía en escrito razonado.
5. Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.
6. Emitir os informes que se lle poidan requirir pola concellería de Asuntos Sociais ou a Alcaldía sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rúeiro da cidade.
7. Presentar no CONCELLO unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, xunto coa liquidación do pagamento da subvención e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programa de actividades.

##### QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

##### SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola FUNDACIÓN. O deseño gráfico exterior deberá ser enviado previamente ó departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2006 do seguinte xeito:

- Ata un 25% durante o mes seguinte á sinatura do convenio.
- Ata un 50% durante o mes de outubro.
- Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio.

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegar a seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentarase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- a) datos sobre os participantes nas actividades,
- b) memoria de prensa,
- c) relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento (concepto, acreedor e importe);
- d) detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado; ingresos.- detalle das contías recibidas (subvencións de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matriculas, etc.).

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola FUNDACIÓN deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo RD 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A cancelación dalgunha das actividades ou servizos previstos no programa producirá o desconto proporcional que corresponda no importe do pagamento da subvención.

NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do abonos que xa foran realizados polo CONCELLO.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionarlas diferencias.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006.

Este convenio non é prorrogable

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciarlo convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptalas medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

**23(682).- CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA PARA A ORGANIZACIÓN DA 42 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS. EXPTE. 6073/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD de data 13.03.06, conformado pola concelleira delegada da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e co intervido e conforme do interventor xeral de data 31.05.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio para a celebración da 42 Edición do Rallye Rías Baixas, entre o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas, que se adxunta o presente expediente, que a continuación se transcribe.

Segundo.- Aprobar o gasto de 30.000 euros a favor da entidade; Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398. Con enderezo en 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. (c/c: 2080.0147 11 0040003914 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 42 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS*

No Concello de Vigo, a        de        de dous mil seis.

Dunha parte: Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Fernando Mouriño Sio, en nome e representación da Escudería Rías Baixas co CIF: G-36645398.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

**EXPOÑEN:**

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Rallye Rías Baixas, que con grande éxito vense celebrando dende hai 42 Edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas conveñen a realización do mesmo sendo a escudería Rías Baixas a única entidade con capacidade organizativa para afrontar este evento que ten un claro interese público e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA:** A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas

subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interese público e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22.2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver a 42 Edición do Rallie Rías Baixas e a Escudería Rías Baixas, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Escudería Rías Baixas é a única organizadora do Rallie Rías Baixas.

A Escudería Rías Baixas para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1.- Autorizar a organización da “42 Edición do Rallye Rías Baixas” á Escudería Rías Baixas para a celebración do mesmo en xuño do 2006.

2.2.- Aboar á Escudería Rías Baixas a cantidade de 30.000€ pola organización e celebración da “42 Edición do Rallye Rías Baixas”, con cargo á partida 4521.489.00.03 “Convenios subvencións Actividades Deportivas” do orzamento en vigor, importe que abonarase coa certificación dun técnico do servizo de deportes e a presentación de facturas orixinais unha vez rematado o evento

TERCEIRA.- a “Escudería Rías Baixas”, asume as seguintes obrigas:

- 3.1. Organizar a “42 Edición do Rallye Rías Baixas”, no mes de xuño do 2006.
- 3.2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.
- 3.3. Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.
- 3.4. En toda a información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.
- 3.5. Cumprir todas as normas establecidas no clausurado do convenio.
- 3.6. Responder da veracidade dos datos da solicitude.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Escudería Rías Baixas da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

*Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver solicitar axudas do Concello de Vigo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

*QUINTA: Así mesmo acordan de se lo caso, que todos los ingresos provenientes da referida “42 Edición do Rallye Rías Baixas” serán percibidos en beneficio da Escudería Rías Baixas.*

*SEXTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da “42 edición do Rallye Rías Baixas “.*

*SEPTIMA: A Concelleira-Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.*

*OITAVA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS*

*NOVENA: A entidade Escudería Rías Baixas deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da 42 Edición do Rallye Rías Baixas 2206.*

*Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.*

#### **24(683).- CONVENIO COA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL. EXPTE. 6091/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 02-02-06 do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e intervido e conformado polo interventor xeral en data 31.05.06, visto o informe sobre o interese público e social do convenio, emitido polo director deportivo do IMD que entroutras di:

*“As actuacións previstas no convenio teñen un alto interese público e social, dada a súa natureza e tendo en conta a promoción e difusión dos programas deportivos, fomentando iniciativas que repercuten na mellora da calidade de vida e saúde dos habitantes da nosa cidade, asemade a Fundación Vigo Deporte é a única destas características que hai en Vigo, polo que a subvención se establece mediante un convenio non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que se poda facer esta función.”*

Figura así mesmo no expediente o informe xurídico emitido en data 12-05-06. A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Deporte.

Segundo.- Aprobar e dispoñer do gasto de 24.000 euros a favor da Fundación Vigo Deporte pola realización de programas que se definen no convenio achegado ó expediente e que a seguir se transcribe, este cargo irá con cargo á partida 4521.489.00.07.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL*

En Vigo, a        de        de 2006

#### REUNIDOS

Dunha parte: D<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo.

Doutra parte: D<sup>a</sup> Lucía Molares Pérez, con D.N.I. 36.070.250 V, Vicepresidenta da Fundación Vigo en Deporte, con C.I.F. G- 36.894.020 e con domicilio social en Rúa Cesáreo González, s/n Vigo.

#### EXPOÑEN

*PRIMEIRO.- Que a Fundación Vigo en Deporte foi constituída con data 19 de novembro de 2001 e clasificada por Orden da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 27 de decembro de 2001 e declarada de interese galego pola mesma Consellería de 4 de febreiro de 2.002, quedando adscrita ó Protectorado da Xunta de Galicia e atopase incluída entre as reguladas na Sección 1<sup>a</sup> Capítulo I do Título II da Lei 30/1.994; ten entre os seus fins fundacionais o fomento do deporte co orixe en Vigo.*

*SEGUNDO.-Que o Concello de Vigo está interesado en colaborar co desenvolvemento do deporte local dentro do marco de actuacións previstas pola Fundación Vigo en Deporte para o ano 2006 en cumprimento dos seus fins fundacionais. As actuacións deste convenio teñen un claro interese publico e social. Asemade a Fundación Vigo Deporte é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas na clausula segunda este convenio, por todo isto se establecen as seguintes:*

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En canto á subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme ó establecido no artigo 29 da LXS.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interese publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 22 2C da lei 38 de 2003 da LXS, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción e difusión dos programas deportivos, fomentando iniciativas que repercuten na mellora da calidade de vida e saúde dos habitantes da nosa cidade, asemade a Fundación Vigo Deporte é a única destas características que hai en Vigo, polo que a subvención se establece mediante un convenio non existindo concorrencia o tratarse dunha única entidade que se poda facer esta función.*

*A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Fundación Vigo Deporte ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo unha institución que desenvolve programas para favorecer e promover tanto o deporte de base como o de elite, debido a repercusión que ten este organismo no deporte en xeral.*

*O solicitante para obter a condición de beneficiario debera reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.*

*SEGUNDA: A Fundación Vigo en Deporte, comprométese a proporcionarlle as vantaxes sociais de posibilitar a dinamización de deportistas vigueses a través de eventos e competicións organizadas pola Fundación. Comprométese:*

- Utilización da imaxe institucional do Concello de Vigo

- *Publicidade do programas deportivos na Revista Oficial da Fundación.*
- *Publicidade dos programas deportivos na Páxina Web da Fundación.*
- *Imaxe corporativa en panel para Roldas de Prensa para eventos deportivos da Fundación.*
- *Imaxe corporativa dos actos organizados e celebrados na Fundación Vigo en Deporte.*
- *Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da Fundación.*
- *Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos.*
- *Establecer servizos propios de asesoramento, xestión e divulgación no ámbito do deporte de competición, conxuntamente coa concellería de deportes.*
- *Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo desta Fundación, conxuntamente coa concellería de deportes.*

*A aceptación por parte da Fundación Vigo Deporte da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións .*

*O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

- \* *Desenvolvemento do programa SIAREIROS e becas a deportistas*
- \* *Campus polideportivo e organización da VIGO CUP*

*Unha vez concedida a subvención, concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.  
A concesión de subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

*TERCEIRA: Establécese unha comisión de seguimento composta por: o técnico de deportes D. Vicente Romo Pérez, e o xerente da Fundación Raul Portela.*

*CUARTA: Este convenio permanecerá en vigor ate o mes de novembro do ano 2006.*

*QUINTA: A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria o remate do convenio onde figurará os aspectos relacionados con este convenio e abonarase a cantidade de 24.000 euros, unha vez expedida a certificación polo técnico de deportes de que o convenio se cumpriu, asemade a Fundación Vide, presentara facturas orixinais dos gastos subvencionados polo importe total da subvención concedida.*

*SEXTA: O Concello de Vigo aboará a Fundación Vigo Deporte a c/c 2080 0065 3 4 0040027966 a cantidade de 24.000 euros unha vez asinado o certificado do cumprimento do convenio polo director deportivo do IMD de este cargo ira contra á partida 4521.489.00.07.*

*SETIMA: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio*

*OITAVA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*

*NOVENA: A Fundación VIDE debera comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o mesmo fin (programas e actuacións que figuran neste convenio).*

*Así, de conformidade con canto antecede e no exercizo das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio.*

**25(684).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DEPORTIVA  
RP3. EXPTE. 6106/333.**



Examinadas as actuacións do expediente, visto a memoria-proposta do director deportivo do IMD de data 31-03-06, conformada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, intervida e conformada polo interventor xeral en data 31-05-06 e visto así mesmo que figura no expediente o informe xurídico emitido o 12-05-06, a Xunta de Goberno Local, acorda

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio para a realización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2006, entre o Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, que se achega ó expediente e que a seguir se transcribe.

Segundo.- Aprobar o gasto de 24.000 €, a favor da Asociación Deportiva RP3 CIF G-36850378, con enderezo en Abaleira Menéndez, 1-36201 Vigo, con cargo á partida 4521.489.00.01.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA A CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE 2006.*

No Concello de Vigo, de do 2006.

Dunha parte: D. Corina Porro Martínez, Alcaldesa de Vigo.

E Doutra: Dna. Marta Alfageme Fontanals, con DNI 36970246, en nome e representación da Asociación Deportiva RP3 co CIF G-36850378.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

*EXPOÑEN:*

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2006, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, conveñen a realización do mesmo, esta actividade ten un claro interese público e social. Asemade a entidade RP3 realizou sempre esta actividade é a única entidade que ten a capacidade organizativa para desenvolvela, polo que se establecen as seguintes:

*ESTIPULACIÓNS:*

*PRIMEIRA:* A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto á subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme ó establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 22.2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público e o fomento a mellora do lecer saudable na poboación.

*A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que, a entidade RP3 é a única organizadora da Copa do Mundo de Mountain Bike e é a única entidade que ten esta capacidade organizativa para esta proba.*

*O solicitante para obter a condición de beneficiario deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.*

*SEGUNDA: O Excmo. Concello de Vigo, comprométese a:*

*2.1. Autorizar a organización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2006 á Asociación Deportiva RP3 para a celebración da mesma.*

*2.2. A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2006.*

*2.3 Aboar á Asociación Deportiva RP3 a cantidade de 24.000€ polos gastos de organización e celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2006, importe que aboarase coa certificación dun técnico do servizo de deportes e presentación de facturas orixinais unha vez rematado o convenio.*

*TERCEIRA.- A Asociación Deportiva RP3, asume as seguintes obrigas:*

*3.1. Organizar a Copa do Mundo de Mountain Bike 2006.*

*3.2. Cumprir todas as normas establecidas no clausurado do convenio.*

*3.3.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.*

*3.4.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.*

*3.5.- Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.*

*3.6.- En toda a información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo no lugar onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*

*3.7.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para promover o evento na cidade.*

*A aceptación por parte de RP3 da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións.*

*O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, podendo proceder á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver solicitar axudas do Concello de Vigo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS*

*CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose a Asociación Deportiva RP3 a xustificar debidamente si se lle require ante as mesmas os gastos efectuados para a realización da referida Copa do Mundo de Mountain Bike 2006.*

*QUINTA: Así mesmo acordan que de se lo caso tódolos ingresos derivados da publicidade, así como calquera outro ingreso proveniente da referida Copa do Mundo de Mountain Bike 2006 serán percibidos en beneficio da Asociación Deportiva RP3.*

*SEXTA: A Concelleira de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio*

*SETIMA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*

*OCTAVA: A Asociación Deportiva RP3, deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da Copa do Mundo de Mountain Bike de 2006*

*Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.*

**26(685).- PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGOZOO III”.  
EXPTE. 3280/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 05-06-06 asinado pola coordinadora do Plan Municipal de Emprego e polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de emprego Vigozoo III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en base ao proxecto técnico de actuación realizado polo Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VIGO ZOO.

Segundo.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula estes programas.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle corresponderán no desenvolvemento do proxecto, no caso de ser aprobado, tanto mediante a dotación nos presupostos municipais do ano 2007 das correspondentes partidas para maquinaria, mobiliario e equipos informáticos dos programas de emprego, como para a aportación dos materiais necesarios para a obra por parte do Organismo Autónomo.

**ANEXO  
RESUMO DAS PRINCIPAIS OBRAS-ACTUACIÓNS PREVISTAS  
OBRADOIRO DE EMPREGO VIGOZOO III**

*Segundo o establecido no correspondente proxecto técnico realizado e aprobado polo Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VIGO ZOO, resúmense a continuación, por tipo de actuación, as principais obras e actuacións previstas para ser executadas polo persoal participante no Obradoiro de emprego “Vigozoo III”. Unha maior descrición e concreción dos diferentes aspectos que as conforman, pódese atopar no proxecto técnico que acompaña ao expediente.*

**ACONDICIONAMENTO DO ZOO DE VIGO**

*Especialidades de Carpintería, Construción e Fontanaría-electricidade:*

*O Obradoiro de emprego Vigozoo III pretende continuar os traballos de anteriores iniciativas para o acondicionamento e adecuación do Parque Zoológico de Vigo, co obxectivo de favorecer os percorridos peonís e eliminar barreiras arquitectónicas, mellorar a sinalización e acondicionar os recintos dos animais. As obras*

proxectadas comprenden a execución do taller de instalacións, a cubrición con tella de varios recintos, a execución de camiños, a rehabilitación das charcas dos paxaros, a execución de valados, a sinalización exterior en madeira, o revestimento dunha pasarela en madeira, a execución do mobiliario, portas e ventás do edificio do aulario, a iluminación dos sendeiros, a mellora das acometidas de auga ás charcas e bebedoiros repartidos polo recinto, así como aos baños do aulario. Tarefas que serán desenvoltas polo alumnado das especialidades de Construción, Carpintaría e Fontanaría-electricidade.

**SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL ZOO DE VIGO**  
*Especialidade de Educación ambiental*

*Complementariamente, o alumnado da especialidade de Educación ambiental realizará as seguintes actuacións: xestión do departamento de educación ambiental do Zoo de Vigo, que implica a realización de diferentes programas, actividades e visitas dirixidas ao público, a elaboración de materiais e recursos que faciliten o coñecemento do Zoo e a sensibilización medioambiental, así como outras tarefas precisas para a viabilidade do departamento e a proxección cara ao exterior do Zoo, tarefas que serán desenvoltas polo alumnado da especialidade de Educación ambiental.*

**27(686).- GASTOS LOCOMOCIÓN MENSUAL DE ENRIQUE RODRÍGUEZ BASTOS. EXPTE. 586/234.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22-05-06 da xefa de Estatística conformado polo concelleiro-delegado de Economía e Facendo e pola concelleira-delegada de Réxime Interior e fiscalizado así mesmo polo técnico de Intervención coa conformidade do interventor xeral en data 05-06-06, que di o seguinte:

*“De acordo coas necesidades do Departamento de Estatística, relativas ás inspeccións na vía pública das edificacións e vias, para a súa incorporación correcta ao “rueiro municipal”: FÁISE A SEGUINTE PROPOSTA:*

*Co cargo á partida do vixente presuposto (5510 2310000): Autorizar o cobro de kilometraje pola utilización do seu vehículo; ao funcionario adscrito a Estatística: Enrique Rodriguez Bastos co DNI:36.062.463G e nº persoal 77220.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(687).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE MAIO DE 2006. EXPTE. 1919/335**

En cumprimento do establecido na Base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2006 prorrogado, aprobadas polo Pleno con data 28-02-05, dáse conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Festas e Animación Sociocultural, autorizados polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais no mes de maio de 2006.

*EXPTE. 1888-335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NECESARIOS PARA O “CICLO DE BANDAS DE MÚSICA”.*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 5-05-06*

*INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19938*

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 2.610,00€

EXPTE. 1894-335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL GRÁFICO DO “XII FESTIVAL FOLCLÓRIO INTERNACIONAL CONCELLO DE VIGO.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21779  
ADXUDICATARIO: GRAFICAS EZPONDA.  
IMPORTE: 1.540,02€

EXPTE. 1895-335. CONTRATACIÓN DE CAÑONES LANZADORES DE CONFETTI BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21786  
ADXUDICATARIO: CREACIONES LEAL, S.L.  
IMPORTE: 4.906,80€

EXPTE. 1896-335. CONTRATACIÓN DOS INTERCOMUNICADORES UTILIZADOS POLA ORGANIZACIÓN DO DESFILE DA BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21344  
ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 511,56€

EXPTE. 1897-335. CONTRATACIÓN DO REPORTAXE FOTOGRÁFICO BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21350  
ADXUDICATARIO: PIO GARCÍA AUDIOVISUAIS, S.L.  
IMPORTE: 3.016,00€

EXPTE. 1898-335. CONTRATACIÓN SUMINISTRO SERPENTINA BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 11-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21591  
ADXUDICATARIO: EXCLUSIVAS VARELA, S.L.  
IMPORTE: 2.881,44€

EXPTE. 1899-335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL PIROTECNICO BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21346  
ADXUDICATARIO: PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.  
IMPORTE: 11.971,20€

EXPTE. 1900-335. CONTRATACIÓN ANIMACIÓN ZANCUDOS DO DESFILE DA BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21343  
ADXUDICATARIO: PEDRO VAZQUEZ TABOADA  
IMPORTE: 10.324,00€

EXPTE. 1901-335. CONTRATACIÓN DE PASACALLES INSECTOS DESFILE BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21347  
ADXUDICATARIO: UBIAGRANDEL, S.L.  
IMPORTE: 11.900,00€

EXPTE. 1902-335. CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓN MUSICAL PARA A BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21348  
ADXUDICATARIO: UBIAGRANDEL, S.L.  
IMPORTE: 8.837,00€

EXPTE. 1903-335. RESERVA DE CRÉDITO PARA SERVICIOS DE TRANSPORTES LIXEIROS DE MERCANCIAS.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 22530  
ADXUDICATARIO: VARIOS  
IMPORTE: 2.000,00€

EXPTE. 1905-335. RESERVA DE CRÉDITO PARA VARIOS E IMPREVISTOS DERIVADOS DA FESTA DA BATALLA DE FLORES 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 25-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 22781  
ADXUDICATARIO: VARIOS  
IMPORTE: 3.000,00€

EXPTE. 1906-335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE PRODUCCIÓN PARA O “VII ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO” E “DÍA DA MUIÑEIRA”.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 25-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23648  
ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 7.482,99€

EXPTE. 1907-335. CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE MEGAFONIA PARA “O DÍA DA MUIÑEIRA 2006”.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 25-05-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23654  
ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRIGUEZ GARCÍA.  
IMPORTE: 672,80€

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**29(688).- RETRIBUCIÓNS DA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS, AQUALIA, PARA O ANO 2005. EXPTE. 100830/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 26.05.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 3 de maio de 2006, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade AQUALIA FCC VIGO UTE solicita desta Administración Municipal a actualización da súa retribución, con efectos de 1 de xaneiro de 2005, en contraprestación do servizo prestado a través da xestión integral da subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais propoñendo unha retribución de 0,9228 €/m<sup>3</sup> de auga facturada.*

*Unha vez analizada a referida petición, esta xefatura emite o seguinte informe:*

- 1º A Xunta de Goberno Local na sesión de data 13 de decembro de 2004 acordou: establecer como retribución da concesionaria do servizo, con efectos do 1 de xaneiro de 2004 a cantidade de 0,8714 €/m<sup>3</sup>. A actualización interesada pola entidade supón un incremento do 5,89% sobre o actualmente existente.*
- 2º Non procede efectuar ningunha precisión ós factores integrantes da retribución, que a marxe se reseñan, toda vez que a súa repercusión non experimentou variación ningunha con respecto ó expediente de retribución dos exercicios 2002, 2003 e 2004, polo que se dan por reproducidas as manifestacións e xustificacións contidas nos informes desta xefatura de data 14 de agosto de 2002, 28 de agosto de 2003 e 22 de novembro de 2004.*

*Os referidos factores constitutivos e a repercusión proposta son as que a continuación se detallan:*

-	Canon municipal	0,0300 €/m <sup>3</sup>
-	Financiamento explotación E.D.A.R. colectores período 1/8/98-31/12/98	0,0032 €/m <sup>3</sup>

3º Con respecto ós factores custo unitario explotación e recuperación do plan de investimentos, é de significar o seguinte:

- a) *Custo unitario de explotación.- O concepto de custo unitario aparece claramente definido na cláusula 3ª do prego de condicións económico- administrativas, e comprende todos aqueles gastos que son imputables ó mantemento, conservación e explotación da infraestrutura de abastecemento e saneamento adscrita o servizo público. Na referida cláusula establece que a súa determinación efectuarase en €/m<sup>3</sup> de auga facturada.*

*O custo unitario actualmente vixente, de conformidade coa última modificación de retribución aprobada (Xunta de Goberno Local de data 13/12/2004) ascende a 0,4860 €/m<sup>3</sup>, e para a súa retribución deberase estar o previsto nas cláusulas 85 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas, que para tal efecto establece a seguinte fórmula polinómica:*

$$K(t) = a \frac{H(t)}{H(o)} + b \frac{E(t)}{E(o)} + c \frac{S(t)}{S(o)} + d \frac{G(t)}{G(o)} + 0,05$$

*Os índices finais o termo de cada factor constitutivo están referidos o mes de decembro de 2004, e os iniciais a decembro de 2003 de tal sorte que se enlaza a serie establecida na última actualización do custo unitario.*

*Respecto o factor man de obra preveuse un incremento do 4,90%, que resulta do seguinte cálculo:*

*IPC real 2004 (3,2%) – previsión do IPC formulada no expediente de actualización de retribución anterior (3%) + crecemento vexetativo (1%) = 3,2% - 3% + 1% = 1,2%*

*IPC real 2005 = 3,7%*

*En resumen el incremento do custo de persoal é o seguinte:*

$$1,2 + 3,7 = 4,90\%$$

*De conformidade co anteriormente exposto a revisión fórmulase nos seguintes termos:*

$$K(t) = 0,606 x \frac{104,9}{100} + 0,176 x \frac{1.010,3}{716,2} + 0,108 x \frac{1.962,2}{1.804,7} + 0,06 x \frac{103,2}{100} + 0,05$$

$$K(t) = 1,113373$$

$$0,4860 x 1,113373 = \underline{0,5411 \text{ €/m}^3}$$

*O incremento do 11,33% do custo unitario, durante o período de revisión, responde fundamentalmente ó alza experimenta polos índices de prezos do aceiro (segundo termo da fórmula), cuio aumento supuxo un 41,06% no período dun ano (decembro 2003 a decembro 2004), que unha vez ponderado supón un 7,22% na revisión (63,72% do incremento resultante).*

*O informante entende que non procede estimar as peticións formuladas pola entidade concesionaria, en canto a consideración na retribución do exercicio 2005 dos factores que a marxe se reseñan e polos motivos que en cada caso se indican:*

Adscricións de bombeos de abastecemento e saneamento executados dentro do plan de investimentos da concesionaria, ben directamente polo Concello de Vigo ou polos investimentos aportados por outras administracións (60.034,65 €/ano). A consideración do dito compoñente do custo poderá considerarse como desviación no modelo de recuperación, con efectos 1 de xaneiro de 2006, unha vez acreditados os gastos efectivamente pagados a través dos respectivos contadores de medida.

Reposicións na vía pública, como consecuencia da entrada en vigor da Ordenanza que obriga a realizar operacións de fresado e ampliación das superficies a repoñer (60.556,25 €/ano). O diferencial de custos asumido pola concesionaria, na medida que se debe a unha decisión unilateral da administración moi posterior o outorgamento do contrato, pode ter cabida no custo unitario, con efectos do 1 de xaneiro de 2006, trala constancia dos desembolsos efectuados por este concepto nun período non inferior a 18 meses (xaneiro 2005 a xullo de 2006) e todo isto os efectos de deducir un custo medio anual.

Por último de acollerse favorablemente a solicitude da entidade concesionaria en relación co mantemento da bonificación fiscal do 10% sobre a taxa por ocupación do solo, voo e subsolo da vía pública, toda vez que o dito beneficio fiscal aparecía recollido nas Ordenanzas anteriores o exercicio de 1995 e que esta retribución tributaria trae causa da previsión contida na cláusula 73 do Prego de Condicións Económico-Administrativas, que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión.

Baseándose no exposto no parágrafo precedente e toda vez que os ingresos efectuados en concepto da citada taxa, no exercicio 2005 ascenderon a 496.456,51€, o maior custo asumido ascende a 49.645,65€ que unha vez imputado o volume real de facturación (39.955.000 m<sup>3</sup>) supón 0,0012€/m<sup>3</sup>.

- b) Recuperación do plan de investimentos.- Achégase, a petición da entidade concesionaria o modelo de recuperación dos investimentos comprometidos e das desviacións detectadas sobre a tarifa media, que xa foron obxecto de aprobación ata o exercicio 2003, así como as definitivamente imputables ó ano 2004.

A estrutura do modelo financeiro, os parámetros nel incluídos e a súa forma de cálculo non alteran en forma ningunha as formulacións de tarifa media que serviron de base para aprobación de anteriores expedientes de actualización de retribución e de revisión de taxas.

Nembargantes o anterior, é de significar que o carácter puramente dinámico do modelo financeiro esixe a súa actualización ou axuste ó peche de cada exercicio económico, e en tal sentido debe destacarse a introducción de certas modificacións nas variables que a continuación se explicitan:

1º Actualización das desviacións rexistradas no exercicio 2004:

- Referidas á tarifa media.- De conformidade coa certificación emitida polo Director de Administración e Finanzas de Aqualia, os resultados de explotación son os seguintes:

Volume de facturación: 38.120.125 m<sup>3</sup>.  
Importe: 31.527.490,88€ (IVE excluído)

A tarifa media real e a seguinte:  $\frac{31.527.490,88€}{38.120.125m^3} = 0,8271€/m^3$

Tendo en conta que a tarifa media ou retribución aprobada (Xunta de Goberno Local 13/12/2004) ascende a 0,8714 €/m<sup>3</sup>, a desviación por este concepto supón:



$$(0,8714 - 0,8271) \times 38.120.125\text{m}^3 = 1.688.721,54\text{€}^{(1)}$$

- Relacionadas co custo financeiro da recuperación do préstamo de EMAVISA.-

- m3 establecidos na oferta	43.373.913
- m3 establecidos no modelo	<u>35.057.054</u>
Total	8.316.859 x 0,1305= 1.085.350,10

Desviacións a favor da administración:

- m3 previstos no modelo	35.057.054
- m3 realmente facturados	<u>38.120.125</u>
Total	-3.063.071 x 0,1305= -399.730,77

Desviacións atribuíbles a este apartado:

1.085.350,10
<u>-399.730,77</u>
685.619,33 <sup>(2)</sup>

De conformidade cos cálculos efectuados a desviación que debe aflorar no modelo, no exercicio 2004, ascende a 2.374.340,87€. Malia o anterior na proposta de retribución formulada polo contratista recóllese polos conceptos de desviacións a cifra de 2.506.106€, cunha diferenza respecto a anteriormente mencionada de 131.765,15€, que corresponde a execución dos seguintes proxectos:

- Depósitos metálicos para almacenamento de lamas dixeridos na EDAR do Río Lagares:

* P.E.M. proxecto =	51.348,50€
* Redacción do proxecto=	<u>1.872,17€</u>
	53.220,67€

- Renovación das comportas do fondo da Presa de Zamáns:

* P.E.M. proxecto =	73.882,70€
* Redacción do proxecto=	<u>4.661,78€</u>
	78.544,48€

Incorpórase o expediente administrativo certificación emitida polo xefe do departamento técnico da concesionaria, de data 23 de agosto de 2004, na que se certifica o correcto funcionamento e a entrada en servizo polo que respecta a primeira das actuacións mencionadas. No concernente o segundo proxecto achégase informe de recepción de obra emitido pola Consultoría de Ingeniería Ticco, de data 26 de xuño de 2004, no que se conclúe que as medicións para as unidades de obra comprobadas en campo, coinciden coas previstas no proxecto consultivo. Así mesmo se constata que unha vez revisadas o resto das medicións da obra observase que os resultados obtidos están dentro dunha marxe razoable, polo que se recomenda a súa aceptación.

2º Respecto ó cadro de recuperación de investimentos que se fai figurar como anexo 3 na petición de revisión da retribución da entidade concesionaria, é de significar o seguinte:

- Adquisición de terreos EDAR do Lagares, activada no mes de maio do ano 1996.

Terreos adquiridos para a construción da EDAR do río Lagares.- Con data 10 de abril de 1996, mediante escritura pública outorgada ante o Notario D. José Antonio Rodríguez González, baixo o número 1019 do seu protocolo, esa entidade concesionaria adquiriu unha superficie aproximada de 28,288 m<sup>2</sup>, sobre a que se asenta a EDAR do río Lagares.

Os gastos xerados como consecuencia da dita actuación foron os seguintes:

Importe adquisición:

28.287 m<sup>2</sup> x 6.000 ptas./m<sup>2</sup> 169.722.000

Honorarios notario:

Minuta 01/961019	1.824.841	
Minuta 02/960103	1.740	
Minuta 03/960254	<u>23.200</u>	1.849.871

Delegación Consellería de Economía e Facenda:

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.		<u>10.183.320</u>
	TOTAL	181.755.101

181.755.101 x 1,11 = 201.748.162 (cifra a recuperar) 1.212.531€, que se activa no modelo de recuperación nos meses de maio de 1996.

- Desviación correspondente á asunción da explotación da EDAR do Lagares entre os meses de agosto a decembro do ano 2000.

A Comisión municipal de Goberno na sesión de data 24 de febreiro de 2000, e de conformidade co informe emitido pola Secretaria Xeral acorda que o tratamento de lamas queda comprendido no concepto da xestión integral do servizo de abastecemento de augas e saneamento, invocándose para iso o número 3 da Base primeiro do Prego de Condicións Económico-Administrativas da concesión.

A entidade concesionaria ofertou facerse cargo do servizo por un importe de 6,7 ptas./kg, o que se traduce nunha cantidade anual de 100.500.000 ptas., sobre unha produción estimada de 15.000 Tm/año. O dito custo deberá ser reducido na cantidade de 27.900.000 ptas., xa consideradas no estudo de explotación da EDAR do Lagares, sobre o que emitiu informe favorable o xefe do servizo de Aforro Enerxético.

Como consecuencia do acordo da Comisión Municipal de Goberno, anteriormente citada, a entidade concesionaria asumiu a prestación do servizo de eliminación de lamas con data 1 de agosto de 2000.

72.600.000 ptas. / 12 x 5 = 30.250.000 ptas. = 181.810€ que se activa entre os meses de agosto e decembro do ano 2000 (en contía de 36.362 €/mes)

- Investimento correspondente ó cumprimento da Sentencia do Tribunal Supremo.

A sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección:Sexta) resolveu estimar o recurso contencioso administrativo, anulando o acordo da Comisión Municipal de Goberno de 27/3/92, que acordou suspender cautelosamente a ordenación de pagamentos derivados do acordo plenario do 28/11/91, e, na súa consecuencia, decidiu recoñecer plena validez e eficacia ó convenio expropiatorio suscrito entre a Comisión Negociadora Municipal e a Comisión Negociadora Veciñal, que fixou a cantidade indemnizadora na suma de 3.000 ptas./m<sup>2</sup>.

E por isto que o cumprimento, nos seus propios termos, da precitada sentenza esíxelles inescusablemente o aboamento inmediato ós titulares expropiados da cantidade total de 184.320.000 pesetas, baseándose nunha valoración unitaria de 3.000 ptas./m<sup>2</sup>, sobre unha superficie total pendente de adquisición de 61.440m<sup>2</sup>, segundo informe do xefe de servizo de Topografía do 31/3/00.

$$\begin{array}{rcl} 61.440 \times 3.000 & = & 184.320.000 \\ \text{Notaría} & = & \underline{4.000.000} \\ \text{TOTAL} & = & 188.320.000 \end{array}$$

$188.320.000 \times 1,11 = \underline{209.035.200}$  (cifra a recuperar) 1.256.330€ que se activa no modelo de recuperación con data marzo 2001.

- Desviación relativa a asunción de débedas a cargo da administración municipal.

Corresponde o cumprimento do acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 24 de febreiro de 2000, relativo a asunción por parte da entidade concesionaria da débeda contraída pola administración municipal coa entidade SOGARISA, que figura no cadro de recuperación como desviación activada no mes de marzo de 2001 pola cantidade de 497.760€

- Execución de investimentos acordados no Pleno desta Corporación (sesión de data 22 de outubro de 2001), activado no mes de novembro de 2001.

- Modificacións en bombeo emisario EDAR Lagares 210.354 €  
- Cúpula dixestor EDAR Lagares 102.172 €

- Previsión de gastos de transmisión o Concello de Vigo dos terreos adquiridos para a instalación da EDAR do Lagares (28.287m<sup>2</sup>)

Así mesmo prevense os gastos necesarios para a transmisión dos terreos ós que se fan referencia do apartado letra a) precedente a favor do Concello de Vigo por tratarse de terreos que figuran adscritos a un servizo público e a súa propiedade debe rexistrarse a favor desta Administración Municipal.

A estimación de gastos é a seguinte:

$$\begin{array}{rcl} \text{Custo de venda de terreos ó Concello: (Estimación axustable)} & & \\ \text{Notarios, rexistro,...} & = & 2.000.000 \\ \text{Impostos (IVE15\%)} = 181.755.101 \times 16 & = & \underline{29.080.816} \\ \text{TOTAL} & & 31.080.816 \end{array}$$

$31.080.816 \times 1,11 = \underline{34.499.706}$  (cifra para recuperar) 207.350€, que se activa no modelo de recuperación decembro 2006.

A recuperación dos investimentos agrupados neste apartado supón unha repercusión en tarifa, con efectos do 1 de xaneiro de 2005, de 0,0107€/m<sup>3</sup>.

3º Corrección da prognose de demanda do abastecemento para os exercicios 2004 e 2005, modificándose as previsións iniciais de facturación polas realmente demandas, que ascenderon respectivamente a 38.120.000 m<sup>3</sup> e 39.955.000 m<sup>3</sup>. Neste sentido parece conveniente resaltar que se continúa observando unha tendencia favorable da evolución da demanda de abastecemento e por tanto das cifras de facturación previstas no modelo económico previsional, elaborado segundo acordo plenario de 9/12/1998, segundo o seguinte detalle:

#### DEMANDA ABASTECIMIENTO

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUME REAL FACTURADO	DIFERENCIA M <sup>3</sup>	VARIACIÓN
2004	35.057*	38.120*	3.063*	+8,74%
2005	35.632*	39.955*	4.323*	+12,13%

\*Miles de m<sup>3</sup>

4º O tipo de xuro previsto no modelo financeiro para o exercicio 2005 establécese no 6,44%, cunha redución de 1,07 e 1,18 puntos porcentuais con respecto a previsión de evolución desta magnitude establecida no modelo financeiro pola entidade PRICE WATERHOUSE COOPERS, que prognosticaba un tipo de xuro do 7,51% e 7,62% para o primeiro e segundo semestre respectivamente do exercicio económico 2005.

5º Permanece invariable a prognose de evolución da demanda do abastecemento, introducida no acordo plenario de 9/11/98, que establecía un incremento acumulativo do volume a facturar equivalente o 1,64% a partir do exercicio 1998 se ben as cifras de facturación reflectidas nos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 correspóndese coas realmente xiradas os usuarios do abastecemento.

6º Os tipos de xuros a partir do ano 2006 coinciden cos establecidos no modelo de cálculo elaborado pola consultora PRICE WATERHOUSE COOPERS segundo a evolución prevista do custo total medio do dito parámetro, sen prexuízo das actualizacións que procedan unha vez comprobado o custo financeiro real de cada ano.

7º Actívanse no modelo de recuperación (Anexo 2) investimentos por importe de 15.273.225,66€, cunha fórmula de financiamento ten o seu encaixe no acordo plenario de data 31/3/2003 e que a súa execución foi encomendada a entidade concesionaria de conformidade cos acordos adoptados nos órganos municipais e sesións que a continuación se indican:

- Pleno 31/3/2003
- Comisión de Goberno 5/5/2003
- Xunta de Goberno Local 26/4/2004
- Xunta de Goberno Local 2/8/2004
- Xunta de Goberno Local 20/9/2004
- Xunta de Goberno Local 14/12/2005

As actuacións anteriormente referidas serán recuperadas pola entidade concesionaria dende o 1 de xaneiro de 2005, data na que conclúe a amortización total do préstamo da empresa municipal no que se subrogou a entidade AQUALIA, detraendo para isto do canon dispoñible a contía suficiente que permita a cancelación total das ditas obrigas entre a data anteriormente citada e o remate do período concesional.

Coas matizacións expostas á tarifa de recuperación do plan de investimentos para o ano 2005, sitúase no 0,3335 €/m<sup>3</sup>.

8º Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polo concello de Porriño (incluído exercicio 2003), entre os exercicios 1991 e 2002, por un importe total de 646.321,09€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento.

Como conclusión cabe dicir que a retribución da concesión, con efectos do 1 de xaneiro de 2005 e durante o dito exercicio ascende a 0,9197€/m<sup>3</sup>, con arranxo a seguinte descomposición de factores:

-	Custo unitario:	0,5423 €/m <sup>3</sup>
-	Financiamento explotación EDAR e colectores, (período 1/8/98-31/12/98):	0,0032 €/m <sup>3</sup>
-	Recuperación plan de investimentos	0,3335 €/m <sup>3</sup>
-	Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR lagares:	0,0107 €/m <sup>3</sup>
-	Canon municipal:	0,0300 €/m <sup>3</sup>

En consonancia co contido do presente informe esta xefatura proponlle a Xunta de Goberno Local, tralo conforme da Intervención Xeral a adopción do seguinte acordo:

- 1º Establecer como retribución da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, Aqualia, a cantidade de 0,9197€/m<sup>3</sup> de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2005.
- 2º Requirir a entidade concesionaria do servizo para que proceda a ingresar o canon a favor desta Administración Municipal na forma e prazos que establece o prego de cláusulas económica administrativas que rexeu o concurso convocado para o outorgamento da concesión administrativa.
- 3º Interesar da entidade concesionaria do servizo certificacións acreditativas da execución dos investimentos acordadas no Pleno da Corporación Municipal (22/10/2001), que figurar activadas no modelo de recuperación (Anexo 3) no mes de novembro de 2001, por importe de 312.530€.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(689).- PRÓRROGA DUN ANO DO CONTRATO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SAID). EXPTE. 2457/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica da oficina da Muller do 05-06-06 asinado polo xefe do Negociado de Contratación, conformado pola concelleira da Muller e intervido e conformado polo interventor xeral en data 06-06-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha prórroga dun ano de contrato do servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abranguería dende o 5 de xullo de 2006 ao 4 de xullo de 2007, ambos incluídos, coa “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo”, CIF G-36.657.336, empresa adxudicataria do servizo de acordo coa cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 25 de abril de 2005, que rexen o contrato.

Segundo.- Aprobar o gasto de 120.000 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 60.000.- € con cargo a partida presupostaria 463.2.227.06.02 do presuposto vixente e 60.000.- € con cargo á partida presupostaria 463.2.227.06.02 do presuposto futuro do exercizo 2007.”

### **31(690).- PROXECTO DO REGULAMENTO XERAL DE SUBVENCIONS. EXPTE. 856/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos nel os informes do letrado-asesor da Asesoría Xurídica e do interventor xeral de datas 29-03-06 e 25-05-06, respectivamente, dáse conta do seguinte informe-proposta do xefe do servizo de Participación Cidadá do 06-06-06, conformado pola delegada do Goberno da área de Participación Cidadá:

*“As Administracións públicas veñen destinando dunha maneira regular importantes recursos á acción de fomento, entendida nalgúns casos como unha manifestación do Estado do benestar e noutros como forma de favorecer a participación cidadá, unha esixencia do Estado social e democrático de dereito.*

*Os beneficiarios desta acción pública, que na súa modalidade mais coñecida se manifesta a través da técnica da subvención, poden ser persoas individuais ou, mais frecuentemente, grupos organizados en asociacións, colectivos, entidades sen ánimo de lucro, organizacións non gobernamentais, fundacións ou mesmo empresas. Os ámbitos de actuación son moi diversos e van desde a acción social ao deporte, desde a vivenda á educación e a cultura, do medio ambiente e a protección da consumidor, ás axudas ao comercio e ás empresas, ademais de actividades puntuais que os poderes públicos consideran conveniente promover en desenvolvemento de políticas xerais ou sectoriais concretas.*

*A diversidade de actuacións e a súa relevancia económica fan aconsellable unha regulación dos principais xeitos procedementais e substantivos, sobre os que se proxecta a acción pública de fomento, e iso non só como unha esixencia da lexislación comunitaria, fundamentalmente vinculada ao respecto das regras da libre competencia, se non tamén como requirimento de obxectividade e transparencia e como finalidade de maior eficacia na asignación dos recursos públicos.*

*Detectada unha certa ausencia de normas que con carácter xeral regularan este importante sector da acción pública, facíase imprescindible que se acometera tal labor con precisión e urxencia.*

*Esta necesidade veuse a liquidar coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que entrada en vigor se produciu o 18 de febreiro de 2004, establece na súa disposición final primeira os preceptos que terán a consideración de lexislación básica, sendo en consecuencia de aplicación supletoria os demais, respecto das normas que puidesen editar ou diten no futuro as Comunidades Autónomas.*

*Dita Lei define o concepto de subvención como toda disposición diñeiraria realizada polas distintas administracións a favor de persoas públicas ou privadas, matizandoa de seguido cos requirimentos que establece o artigo 2.º da Lei Xeral de Subvencións:*

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo.
- Que o seu obxecto sexa o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública.

Os anteriores requirimentos deben complementarse cunha regra de grande tradición no réxime local: as subvencións non poderán responder a criterios de mera liberalidade, sendo en tal caso nulos os acordos que as outorguen.

É norma de carácter básico e principio xeral da nova Lei estatal, a esixencia de concretar nun plano estratéxico de subvencións os obxectivos e os efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento (artigo 8.1 da LXS).

Por último, o artigo 17 de LXS, determina que as bases reguladoras na concesión de subvencións nas corporación locais se intrumentarán no marte das Bases de Execución do Orzamento, a través dunha Ordenanza Xeral ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención. É dicir, en función da actividade subvencionadora ou de fomento e de acordo con principio de autonomía e potestade de autoorganización, a LXS remite a que sexa cada Corporación local a que determine a forma en que debe dar cumprimento ás esixencias da nova Lei, de obrigado cumprimento para o sector local, de conformidade co establecido no artigo 3.1.b) da mesma.

Á vista do expediente optase, de entre as distintas opcións indicada, polo Regulamento como instrumento para canalizar a actividade subvencionadora municipal.”

A seguir o xefe do servizo de Participación Cidadá fai a proposta que se contén na parte dispostiva do presente acordo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de Regulamento Xeral de Subvencións do Concello de Vigo, que se achega ao expediente.

Segundo.- Remitir o proxecto de Regulamento Xeral de Subvencións e o expediente tramitado, no que consta a correspondente proposta, ao Pleno do Concello, para a súa aprobación inicial, enmienda ou devolución previo informe do mesmo pola Comisión Informativa correspondente.

Terceiro.- Someter o citado Regulamento, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamación e suxestións, mediante a súa inserción no Boletín Oficial de Pontevedra e no taboleiro municipal de edictos. Transcorrido o prazo mencionado sen que se houberan presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo.

## REGULAMENTO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO

### Artigo 1.- Obxecto

Este Regulamento ten por obxecto regular, no marco das bases de execución dos Orzamentos Xerais, a xestión das subvencións que poidan outorgarse polo Concello de Vigo e os seus Organismos Públicos Municipais mediante o establecemento da normativa necesaria de cara a unha maior eficacia, eficiencia e control neste tipo de axudas económicas.

### Artigo 2.- Concepto de subvención

1.- Terá a consideración de subvención toda disposición monetaria que realice o Concello e demais Organismos municipais incluídos no ámbito de aplicación do presente Regulamento con cargo aos seus respectivos Orzamentos, a favor de persoas públicas e privadas e que cumpran os requisitos esixidos no apartado 1 do artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento as transferencias ás que se refiren os artigos 2.2, 2.3 e 2.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, en especial:

- a) As achegas do Concello de Vigo a outras Administracións Públicas.
- b) As achegas do Concello aos seus Organismos Públicos e outros entes dependentes de dereito privado, cuxa finalidade sexa financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias.
- c) As achegas monetarias a fundacións e consorcios nos que participe o Concello, así como as cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, ás asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril.
- d) As achegas orzamentarias aos Grupos Políticos Municipais previstas no Regulamento Orgánico e nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo, así como as que puidesen corresponder aos órganos de representación laboral deste Concello
- e) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- f) As axudas de urxencia de carácter social, cuxo outorgamento se rexerá pola súa normativa específica.
- g) As subvencións de cooperación internacional.
- h) As que se instrumenten con fondos da Unión Europea, do Estado e da Comunidade Autónoma que se rexerán polas normas propias aplicables en cada caso.
- i) As indemnizacións e entregas dinerarias en xeral a entidades públicas ou privadas ou aos particulares que pola súa condición de concesionarios ou pola vía do concerto, de acordo ao previsto no artigo 85 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, puidesen percibir en relación das actividades que realicen pola prestación na modalidade de xestión indirecta dun servizo público municipal.

3. As subvencións que se concedan por outras Administracións Públicas e entidades e sexan libradas ao Concello para poñelas a disposición dun terceiro serán tratadas como operacións non orzamentarias e suxeitaranse á normativa do ente que as concedeu, co tratamento contable e de control que para estes supostos ten establecido a Administración Municipal.

4.- As subvencións que se regulan no presente Regulamento terán as seguintes características:

- a) As subvencións incluídas no ámbito de aplicación deste Regulamento teñen carácter voluntario e eventual, son libremente revogables e reducibles en todo momento; salvo que se concedan con carácter plurianual, non xeneral ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores; non poderán invocarse como precedente e non poderán obedecer á mera liberalidade.
- b) As subvencións incluídas no ámbito de aplicación deste Regulamento non xerarán a favor do beneficiario ningún dereito a esixir o seu aumento, revisión ou renovación.
- c) As subvencións están suxeitas ao cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o outorgamento e teñen carácter non devolutivo, sen prexuízo do reintegro inherente ao cumprimento das condicións e cargas impostas no acto de concesión.
- d) En calquera caso, o Concello e os seus Organismos dependentes incluídos no ámbito de aplicación do presente Regulamento, quedarán exentos de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera clase derivada das actuacións á que queden obrigadas as persoas ou entidades subvencionadas.

5.- Dentro dos créditos consignados especificamente nos Orzamentos, poderán outorgarse subvencións para os fins seguintes:

- a) Actividades de entidades, organismos ou particulares que suplan servizos que obrigatoriamente deba prestar o Concello, dos dispostos no artigo 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- b) Actividades de entidades, organismos ou particulares que coadyuven ou complementen os servizos prestados polo Concello dentro da súa competencia, dos previstos nos artigos 25 e 28 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- c) Becas, primas, premios ou axudas persoais para a realización de estudos, investigacións ou traballos científicos, artísticos ou culturais, dentro do ámbito de actuación municipal.
- d) Axudas para favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, tanto no tocando aos seus obxectivos xerais como ás actividades que realicen e programas sectoriais específicos de axudas, de acordo co disposto nos artigos 72 da Lei 7/85 de 2 de



abril e 232 do R.d. 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

### Artigo 3.- Principios xerais

1.- Con carácter xeral, as subvencións que se concedan polo Concello estarán presididas polos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos municipais e suxeición á legalidade orzamentaria

2.- As subvencións concederanse mediante concorrencia competitiva ou concesión directa nos termos previstos no artigo 10 deste Regulamento.

3.- Os Orzamentos Xerais do Concello establecerán anualmente as consignacións destinadas a axudas ou subvencións de acordo coa normativa reguladora das facendas locais e as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais, debendo todo outorgamento cumprir os seguintes requisitos:

- a) Competencia do órgano concedente.
- b) Existencia de crédito suficiente y adecuado.
- c) Tramitación do procedemento de concesión.
- d) Fiscalización previa dos actos administrativos.
- e) Aprobación do gasto.

### Artigo 4.- Das partes intervinientes

Considéranse suxeitos participantes nas subvencións:

- O Concello de Vigo, como suxeito outorgante da subvención.
- O beneficiario, como destinatario dos fondos públicos que ha de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.
- Entidades colaboradoras.

### Artigo 5.- Beneficiarios e entidades colaboradoras

1.- Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que lexítima a súa concesión.

Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se encontren debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.

2.- As bases reguladoras de axudas ou subvencións poderán establecer que a xestión e o pagamento das axudas ou subvencións se efectúe a través dunha entidade colaboradora:

- a) Entidade colaboradora é aquela que, actuando en nome e por conta do Concello para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así o establezan as bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.
- b) Poderán ser consideradas entidades colaboradoras as persoas e entidades mencionadas no artigo 12.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.
- c) As entidades colaboradoras terán as obrigacións contempladas no artigo 15 da Lei Xeral de Subvencións e actuarán nos termos pactados no Convenio de Colaboración no que se regulan as condicións e obrigacións asumidas pola entidade colaboradora.

3.- Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades as que fai referencia o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

4.- Os requisitos e obrigacións do beneficiario dunha subvención son os dispostos nos artigos 13 e 14 da Lei Xeral de Subvencións e aqueles que as bases ou convocatorias establezan

#### Artigo 6.- Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou á entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercizo das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.  
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, entre os que se inclúen as municipais e fronte á Seguridade Social, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas convocatorias ou resolucións, coa finalidade de garantir o adecuado exercizo das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Dar a adecuada publicidade de que os programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención son financiadas polo Excmo. Concello de Vigo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 19 do Regulamento, relativo ás causas de reintegro.

#### Artigo 7.- Órganos competentes

1.- Será órgano competente para a aprobación das bases específicas para cada modalidade de subvencións a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións de atribucións que con arranxo á normativa de réxime local puidesen conferir.

2.- As competencias para a instrución, ordenación e resolución dos procedementos de concesión de subvencións serán as que para cada exercizo económico establezan as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais.

3. Nos organismos autónomos municipais, o órgano competente, tanto para a aprobación das bases particulares como para a concesión da subvención, estarase ao que dispoñan os seus Estatutos ou normas de creación.

#### Artigo 8.- Plan Estratéxico de Subvencións

O Concello de Vigo elaborará un Plan Estratéxico de Subvencións, cuxa aprobación corresponde ao Pleno da Corporación, no que se concretarán os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa concesión, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso aos principios de estabilidade orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

#### Artigo 9.- Bases e convocatorias

1.- Salvo nos supostos de subvencións nominativas, con carácter previo á concesión de subvencións, aprobaranse as correspondentes bases reguladoras destas.

2. As bases reguladoras terán necesariamente o contido esixido polo artigo 17.3 da Lei Xeral de Subvencións e ademais:

- Poderán admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante ante autoridade administrativa ou notario público.
- Poderán prever o pro rateo do importe global máximo previsto na convocatoria entre os beneficiarios das subvencións.
- Deberán recoller expresamente se poden acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.
- Poderán prever, se é posible, a subcontratación das actividades subvencionadas e, no caso de que proceda, a porcentaxe do importe da actividade subvencionada susceptible de ser subcontratada.
- Poderán eximir a futuros beneficiarios, en función da natureza da subvención, do cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións en supostos excepcionais debidamente xustificadas e que teñan a súa orixe en fins asistenciais, sociais ou baixo nivel de renda. Neste caso ditarase resolución motivada.
- Poderán admitir como gasto subvencionable os gastos das garantías bancarias que, no seu caso, se lles esixa aos beneficiarios.
- Deberán facer mención expresa de que a solicitude da subvención por parte do beneficiario leva implícita a autorización ao Concello ou Organismo Autónomo para solicitar os certificados de estar ao corrente das obrigacións tributaria e de Seguridade Social.

3.- As convocatorias conterán, como mínimo, as determinacións previstas no artigo 23.2 da Lei Xeral de Subvencións.

4. As bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e en cada expediente tramitado para o efecto deberá incluírse un informe da Asesoría Xurídica municipal acerca das normas reguladoras, así como un informe da Intervención Xeral do Concello de Vigo.

5. O importe das subvencións concedidas polo Concello en ningún caso será superior ao custo da actividade a desenvolver polo beneficiario, tanto no suposto de considerar illadamente a subvención municipal como nos casos de concorrencia con calquera outras axudas.

6. A normativa reguladora da subvención poderá esixir un importe de financiamento propio para cubrir a actividade subvencionada.

A achega de fondos propios ao proxecto ou acción subvencionada haberá de ser acreditada nos termos previstos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 10.- Procedemento de concesión

A. En réxime de concorrencia competitiva.

A.1. Disposicións xerais. O procedemento ordinario de concesión de subvencións no Concello de Vigo tramitarase mediante concorrencia competitiva que terá o alcance que determina o artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións.

A.2. O órgano colexiado ao que se refire o citado precepto estará formado por:

- a) Un presidente, que será o concelleiro delegado da área competente en materia de subvencións ou, no seu caso, o presidente do organismo autónomo.
- b) O xefe da área que tramite o expediente ou técnico municipal que designe. Cando o ente que convoca as subvencións sexa un organismo autónomo será o xerente ou un técnico deste.
- c) Un técnico municipal ou funcionario que se designe, que actuará como Secretario.

A.3. O órgano instructor será o xefe da unidade que tramite o expediente de subvención ou quen lle substitúa regulamentariamente e, na súa falta, o xefe do servizo correspondente á devandita unidade.

#### A.4. Procedemento de concesión.

1.- O procedemento iniciarase sempre de oficio e realizarase mediante convocatoria que terá o contido que esixe o artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións e que se estableza nas bases desta.

2.- O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren en procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

A resolución definitiva deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualala.

3. Á vista da proposta formulada, o órgano competente resolverá o procedemento, no que deberán quedar acreditados os fundamentos da resolución que se adopte.

A resolución deberá conter, ademais dos beneficiarios, a desestimación do resto de solicitudes.

4. Nos supostos e coas condicións establecidas no artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións poderá admitirse a reformulación de solicitudes sempre que non se ditase proposta definitiva de resolución.

#### A.5. Tramitación anticipada.

1.- A convocatoria poderá aprobarse nun exercizo orzamentario anterior a aquel no que vaia a ter lugar a resolución da mesma, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se produce a concesión e este presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercizo seguinte ao actual, e cando, sen cumprirse este suposto, exista normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos e teña carácter prorrogable.

2.- Igualmente poderá aprobarse unha convocatoria cando o crédito necesario para dar cobertura aos gastos correspondentes sexa insuficiente ou inexistente, e por iso se incoase expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, pero iso a condición de que recaese aprobación provisional sobre a modificación orzamentaria.

3.- Nestes casos, a contía total máxima que figure na convocatoria terá carácter estimado polo que deberá facerse expresamente na mesma que a concesión das subvencións que condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4.- No expediente de gasto que se tramite con carácter previo á convocatoria, o certificado de existencia de crédito será substituído por un certificado expedido polo Interventor no que se faga constar que concorren os requisitos sinalados nos apartados 1 e 2.

5.- Todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os actos.

#### B. De forma directa.

##### C.

B.1. As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptivas nin a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:

- a) *Cando estean consignadas nominativamente no Orzamento Xeral inicial ou en modificacións de crédito cuxa aprobación sexa competencia do Pleno do Concello. Enténdese que as subvencións están previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais cando o seu obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario parecen determinados expresamente no estado de gastos de orzamento.*
- b) *Subvencións, outorgamento ou contía das cales, veña imposta á Administración por unha norma de rango legal.*
- c) *Aqueloutras nas cales se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

*B.2. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario en que se asigna a subvención, e rematará co acordo de concesión.*

*B.3. No caso de que a concesión directa da subvención veña determinada pola existencia de razóns que dificulten a súa convocatoria pública, será necesario que no expediente se motive o carácter singular das subvencións e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*

*B.4. Nos supostos excepcionais q que se refire o apartado B.1, as subvencións concederanse por acordo da Xunta de Goberno Local, dándose conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre, polo centro xestor do crédito orzamentario correspondente.*

*B.5. Estas subvencións terán executividade inmediata*

*B.6. Normalmente a concesión directa se instrumentará a través dun convenio. No correspondente convenio ou, no seu caso, no acordo de concesión, incluíranse os seguintes extremos:*

- a) *Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios.*
- b) *Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.*
- c) *Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados.*
- d) *Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, nos termos e coas limitacións previstas no artigo 16 deste Regulamento, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán aportar os beneficiarios.*
- e) *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.*

#### *Artigo 11.- Publicidade das subvencións concedidas*

*O órgano competente para a concesión das subvencións ordenará a publicación no Boletín Oficial da Provincia das subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.*

*Non será necesaria devandita publicación da concesión das subvencións nos seguintes supostos:*

- a) *Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa nos Orzamentos Xerais municipais ou por remisión deste no Plan estratéxico de subvencións.*
- b) *Cando o seu outorgamento e contía, a favor de beneficiario concreto, resulten impostos en virtude de norma de rango legal.*
- c) *Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros. Neste suposto, as bases reguladoras deberán prever a utilización doutros procedementos que, de acordo coas súas especiais características, contía e número, aseguren a publicidade dos beneficiarios destas.*
- d) *Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.*

#### *Artigo 12. Subcontratación*

*Enténdese que existe subcontratación cando un beneficiario concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.*

*As bases da convocatoria de subvencións fixarán a porcentaxe máxima permitida para a subcontratación, que nunca poderá ser superior ao 75% do importe da actividade subvencionada. Excepcional e motivadamente nas bases da convocatoria poderase fixar outro máximo distinto.*

### *Artigo 13. Gastos subvencionables*

*1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido como período subvencionable nas diferentes bases reguladoras das subvencións. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

*2.- Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.*

*3.- O carácter subvencionable do gasto de amortización estará suxeito ás seguintes condicións:*

- Que as subvencións non contribuírán á compra dos bens.*
- Que a amortización se calcule de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.*
- Que o custo se refira exclusivamente ao prazo subvencionable.*

*As bases reguladoras das subvencións establecerán, no seu caso, as regras especiais que se consideren oportunas en materia de amortización de bens inventariables, e en todo caso, deberá proporcionarse baixo a responsabilidade do contadante o método empregado para o cálculo da amortización e o seu rexistro contable.*

*Considerarase que a amortización cumpre o requisito de axustarse ás normas de contabilidade xeralmente aceptadas que se establecen neste apartado cando se opte por aplicar o método de amortización segundo as táboas oficialmente establecidas polo Regulamento do Imposto sobre Sociedades, aprobado por R.d. 1777/2004, de 30 de xullo.*

*4.- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación e execución e sempre que así se prevea nas bases reguladoras.*

*Con carácter excepcional os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevea a normativa reguladora da subvención.*

*5.- En ningún caso serán gastos subvencionables:*

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.*
- b) Intereses, recargos, sancións administrativas e penais.*
- c) Os gastos de procedemento xudiciais.*

*6.- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente.*

*En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda nin os tributos satisfeitos ao Concello de Vigo.*

*7.- Os custos indirectos imputaranse polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realice a actividade.*

Nestes supostos deberá achegarse certificación baixo a responsabilidade do contadante, que relacione os xustificante de gasto e onde se faga constar expresamente que están a disposición do Concello nas entidades beneficiarias.

*Artigo 14. Xustificación das subvencións públicas.*

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación de conta xustificativa ou de estados contables.

2. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) *Instancia subscribida polo beneficiario ou a entidade colaboradora ou, no seu caso, o seu representante legal, dirixida á Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo ou á Presidencia do Organismo Autónomo correspondente, solicitando o pago da subvención.*
- b) *Memoria valorada da actividade subvencionada levada a cabo. Consiste na declaración detallada das actividades realizadas que foron financiadas pola subvención e o seu custo. As bases específicas para cada tipo de subvención poderán determinar o contido mínimo desta memoria.*
- c) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aportan, con especificación de, cando menos, a súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago.*
- d) *Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada, cumprindo os requisitos establecidos para a súa expedición no R.d 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, ou en todo caso, as prevencións de carácter xeral que ao efecto contéñense nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo. Tales xustificantes non terán data posterior á do remate do prazo xustificativo establecido. Con carácter particular, cando unha entidade emisora de facturas estea exenta do IVE, acompañará o certificado expedido polo órgano competente que acredite de forma evidente a exención de que se trate. Para considerarse debidamente acreditados os custos salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas e xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social, o abono das cantidades figuradas nestes documentos se acreditará na declaración xurada a que se refire o parágrafo e) deste apartado segundo. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- e) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  - *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
  - *Que as subvencións ou achegas obtidas para un mesmo programa ou actividade non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada*
- f) *Certificado expedido pola entidade de depósito, acreditativo da titularidade do perceptor da conta corrente na que solicita que se faga efectivo o importe concedido.*
- g) *No suposto de adquisicións de bens inmoables deberá aportar ademais, certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.*
- h) *Tratándose de execución de obras será precisa a presentación de certificación de obra e factura, que conterán os requisitos legalmente esixibles para a súa expedición.*
  - *Se as obras realízanse por contrata, acompañarase á certificación informe dun técnico competente.*
  - *Se as obras realízanse por administración será preciso aportar á certificación a xustificación de todos os gastos que se relacionan na certificación e o informe dun técnico municipal no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que serve de base.*
- i) *Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.*

- k) *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente, de acordo co previsto nos artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- l) *Para posibilitar o control de concorrencia das subvencións, todos e cada un dos documentos presentados polo beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente a estes efectos no que conte que o documento ou factura aplícase á xustificación da subvención ou convenio concreto indicado á porcentaxe deste que se imputa.*
- m) *O prazo para a rendición da conta xustificativa establecerase nas diferentes bases reguladoras das subvención, sen que en ningún caso poida exceder de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade ou do 31 de marzo do ano seguinte.*

3. *Cando a subvención teña por obxecto o financiamento xeral dunha entidade, sexa cal sexa a porcentaxe da subvención con relación ao orzamento xeral da entidade, e así se prevea nas normas reguladoras da subvención, o perceptor poderá presentar como xustificante unha memoria da actividade e os seus estados contables correspondentes ao exercizo a que se refire a subvención, sempre que a información necesaria para determinar a contía de subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario.*

4. *Cando as bases específicas, o convenio ou a resolución de concesión o determine, poderanse xustificar as subvencións con informes de control financeiro, que efectuará a Intervención Xeral do Concello de conformidade co que se dispón no artigo 17 deste Regulamento. Nestes casos terase que presentar unha memoria de actividade subvencionada antes do seu pago.*

#### *Artigo 15. Comprobación de subvencións*

*O servizo xestor que tramitase a concesión levará a cabo a comprobación da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.*

*Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.*

*En particular, o servizo xestor comprobará que as xustificacións se presentan nos prazos fixados comprobándoas formalmente, podendo requirir ao beneficiario para que emende defectos, complete a documentación ou amplíe información.*

#### *Artigo 16.- Pagos*

1.- *O pago das subvencións faranse efectivas coa presentación dos xustificantes da aplicación dos fondos concedidos, nos termos previstos no artigo 14 deste Regulamento. O pago das subvencións de capital quedará condicionado á presentación das certificacións de obras, que serán visadas polo técnico municipal competente.*

2. *Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagos a conta.*

*Os devanditos aboamentos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.*

*No seu caso, tales aboamentos a conta deberán preverse na convocatoria de cada subvencións.*

3. *En supostos excepcionais, trala motivación que o xustifique, poderán realizarse pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de ata un máximo do 50% do importe concedido e á condición de que este, sexa igual ou superior aos 6.000 €.*

*A realización de pagos anticipados, así como o réxime de garantías, que en todo caso deben alcanzar á totalidade do importe anticipado, deberán preverse expresamente na convocatoria de cada subvención*

*En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso, sexan declarados insolventes en calquera procedemento, sexan declarados en concurso, estean suxeitos á intervención xudicial ou sexan inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, sexan declarados en creba, en concurso de acredores, insolvente falido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, iniciar expediente de*



quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de creba ou de concurso de acredores mente, no seu caso, non fosen rehabilitados.

Cando as bases reguladoras prevean a posibilidade de pagos anticipados nos termos expostos, deberán establecer a esixencia de que o beneficiario presente no momento da solicitude, unha declaración xurada de non atoparse en ningunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior.

4. A ordenación do pagamento efectuarase sempre a favor do beneficiario, excepto nos supostos seguintes:
  - A favor dunha entidade colaboradora cando as bases reguladoras ou acordo de concesión así o establezan.
  - En supostos excepcionais, debidamente xustificados, o beneficiario da subvención poderá transmitir o dereito ou facultar para o cobro material desta. En ambos casos, deberá autorizarse pola Administración Municipal.
  - Por motivos excepcionais e debidamente xustificados –tales como apoio a transeúntes, sen enderezado, comedores escolares, bolsas de gardaría, programas de realoxo, etc.- poderán percibir materialmente o diñeiro da subvención outorgada, en lugar dos seus beneficiarios, os responsables do programa na condición de contadantes coas esixencias que respecto diso se determinen en cada caso concreto.
5. Enténdese por devolución voluntaria do importe da subvención concedida, aquela que é realizada polo receptor sen o previo requirimento da Administración.

Na convocatoria deberanse dar publicidade dos medios dispoñibles par que o beneficiario poida efectuar esta devolución.

Cando se produza a devolución voluntaria, procederase a calcular os intereses de demora de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario; non obstante, cando a devolución voluntaria efectúese antes do vencemento do prazo para a presentación de xustificación, non se liquidarán intereses de demora.

6. Non obstante ao previsto nos apartados anteriores, cando proceda, e de conformidade co previsto no artigo 35 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, poderase acordar a retención de pagos.

#### Artigo 17.- Anulacións das subvencións

Procederase á anulación dunha subvención concedida nos supostos de renuncia do beneficiario, nos termos recollidos nos artigos 36.1 e 36.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións ou, nos casos de incumprimento por parte deste das obrigacións asumidas ou que se lle impuxeron, previa tramitación do oportuno expediente e sen prexuízo de que pola Administración Municipal poida ser revisado o acto de concesión na forma e co procedemento legalmente establecido.

#### Artigo 18.- Reintegro

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora desde o momento do pago da subvención, na contía legalmente establecida e previa tramitación do expediente, nos supostos establecidos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
2. As cantidades que proceda reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público resultando de aplicación para a o se cobro o establecido na Lei Xeral Orzamentaria.

#### Artigo 19.- Infraccións e sancións administrativas

As infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións no ámbito do Concello de Vigo rexeranse polo disposto no Título IV, artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### Artigo 20.- Procedemento amoestador

1. A instrución dos procedementos amoestadores corresponderá ao funcionario, unidade administrativa ou órgano que se determine no acordo de iniciación ou, con carácter xeral, nas ordenanzas locais, axustándose, como é obrigado, aos principios inspiradores do réxime amoestador contidos nos artigos 134 a 138 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, correspondéndolle á Xunta de Goberno Local, quen pode delegar o seu exercizo no concelleiro/a das áreas de goberno implicadas.

3. O procedemento iniciarase de oficio, como consecuencia da actuación de comprobación desenvolvida polo órgano concedente ou pola entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro.

4. Os acordos de imposición de sancións porán fin á vía administrativa.

## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

### PRIMEIRA

Este Regulamento será de aplicación aos organismos autónomos do Concello de Vigo, considerándose que as competencias atribuídas ao alcalde/sa corresponden ao presidente do organismo e as atribuídas á Xunta de Goberno, ao Comité Executivo.

### SEGUNDA

Os créditos sen interese ou con interese inferior ao do mercado, concedidos polo Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, rexeranse pola súa normativa específica e na súa falta pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o presente Regulamento e, en particular, polo que nel se establece en referencia aos principios xerais, requisitos e obrigacións de beneficiarios e entidades colaboradoras e procedemento de concesión.

### TERCEIRA

1. As entregas de bens, dereitos ou servizos que, habendo sido adquiridos coa finalidade exclusiva de ser entregados a terceiros, cumpran os requisitos previstos no artigo 2.1 do presente Regulamento, terá na consideración de axudas en especie e quedarán suxeitas a devandita lei e ao presente Regulamento, coas peculiaridades que conleve a especial natureza do seu obxecto.

2. En particular, o procedemento de xestión orzamentaria previsto no artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións non será de aplicación á tramitación destas axudas, sen prexuízo de que os requisitos esixidos para efectuar o pago das subvencións, recollidos nos artigos 16 deste Regulamento e 34 da Lei Xeral de Subvencións, deberán entenderse referidos á entrega do ben, dereito ou servizo obxecto da axuda.

3. No caso de que se declare a procedencia do reintegro en relación cunha axuda en especie, considerarase como cantidade recibida a reintegrar, un importe equivalente ao prezo de adquisición do ben, dereito ou servizo para a Administración concedente da axuda.

### CUARTA

É competencia da Intervención Xeral do Concello o mantemento dunha base de datos de subvencións coa información que sobre estas trasladarán periodicamente os respectivos Servizos Municipais e os Organismos Autónomos.

Para ese efecto, a Corporación proporcionará os medios persoais e materiais necesarios par un correcto desempeño da atribución encomendada.

Así mesmo, a Intervención Xeral poderá ditar instrucións de obrigado cumprimento polos servizos obrigados a fornecer información, sobre o contido e estrutura da información e determinar o sistema para fornecer a información requirida.

Con carácter previo á implantación da base de datos de subvencións, pola Corporación deberán establecerse e aprobarse as normas que regulen o acceso á información e a confidencialidade dos datos, desenvolvendo entre outros, aspectos tales como as autorizacións a usuarios e as condicións de acceso á información por terceiros.

### DISPOSICION TRANSITORIA ÚNICA

Non se aplicará o contido do presente Regulamento municipal ás subvencións que se atopen en trámite, as cales se rexeran ate o esgotamento dos seus efectos, pola normativa aplicable anteriormente.

## DISPOSICIÓN FINAIS

### PRIMEIRA

No non previsto neste Regulamento de Subvencións, establece-se o articulado da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa aplicable.

### SEGUNDA

O presente Regulamento adecuarase, no seu caso, ao normativo que dite a Comunidade Autónoma Galega

### TERCEIRA

1. Este Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
2. Á súa entrada en vigor quedarán derogadas cantas normas, acordos ou actos municipais que sexan incompatibles ou se opoñan a este.

## BASES TIPO REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NO CONCELLO DE VIGO

### 1.- OBXECTO

Co fin de dar resposta ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades así como establecer e posibilitar o procedemento de colaboración entre o Concello e as empresas, entidades, persoas físicas ou agrupacións destas sen personalidade xurídica, para a xestión de actividades de interese público establécense as bases relativas ás subvencións mediante o procedemento de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de proxectos destinados aos sectores ou áreas de intervención incluídos nos plans estratéxicos de subvencións do Concello de Vigo.

As convocatorias determinarán o obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

### 2. - PRINCIPIOS XERAIS

As subvencións que se concedan xestionaranse de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos municipais.

### 3.- REQUISITOS XERAIS DOS BENEFICIARIOS

Con carácter xeral as subvencións destínanse a entidades privadas e/ou persoas ou entidades que vaian realizar a actividade e que se atopen en situación de lexítima concesión, concretándose os devanditos beneficiarios na respectiva convocatoria.

Poderán solicitar subvención aquelas entidades que na data de solicitude reúnan, ademais das condicións previstas nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os seguintes requisitos:

- 1.- Estar legalmente constituídas e, no caso de entidades suxeitas á Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, acreditar que actualizaron os seus Estatutos ou que a súa adecuación se atopa en tramitación.
2. Posuír Código de Identificación Fiscal.
3. Ter aberta ou contar con sede ou delegación en Vigo.
4. Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Vigo.
5. Estar inscrita, no seu caso, no Rexistro Municipal de Asociacións.
6. Estar ao corrente no pago de cotas ao Réxime Xeral da Seguridade Social.

*Non obstante, en función da natureza da subvención, poderase eximir a futuros beneficiarios do cumprimento de determinados requisitos en supostos excepcionais debidamente xustificados e que teñan a súa orixe en fins asistenciais, sociais ou baixo nivel de renda. Neste caso ditarase resolución motivada.*

*Poderán así mesmo solicitar subvencións, se así o establece a convocatoria, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actuacións que motivan a concesión da subvención. Estas agrupacións deberán en todo caso reunir os requisitos 2, 3, 4 e 6 do parágrafo anterior e axustaranse ao disposto polo artigo 11 de Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderán ser beneficiarios aqueles que o sexan de subvencións nominativas mediante convenios de colaboración co Concello de Vigo para o desenvolvemento de actuacións no mesmo sector de actividade e que se dirixan aos mesmos obxectivos, así como quen non xustifiquen adecuadamente axudas económicas concedidas con anterioridade polo Concello de Vigo ou os organismos autónomos municipais.*

*As convocatorias determinarán os requisitos específicos que sexan necesarios para a obtención da subvención e a forma de acreditalos.*

*A acreditación do cumprimento das obrigacións fiscais co Concello de Vigo solicitarase de oficio a través do servizo municipal que tramite a subvención.*

*Para os efectos da acreditación do cumprimento das obrigacións fiscais coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, o interesado poderá autorizar na súa solicitude ao Concello de Vigo a solicitar no seu nome a certificación correspondente, que será interesada ante a Administración Tributaria polo Servizo Municipal que tramite o expediente.*

#### **4.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN**

##### **4.1. Solicitudes**

*1.- As solicitudes deberán reunir os requisitos establecidos nas normas de procedemento administrativo, axustándose ó modelo e sistema normalizado de solicitude.*

*2.- As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse tras requirimento, no prazo de dez días dende a notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición, sendo arquivada sen máis.*

*3.- Documentación para presentar:*

- a) Instancia individualizada, asinada polo petionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal, debidamente acreditado, con indicación do domicilio a efectos de notificacións.*
- b) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.*
- c) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto.*
- d) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF), no suposto de persoas físicas.*
- e) Inscrición no Rexistro de asociacións municipais.*
- f) Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.*
- g) Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación deste documento, o que será xestionado de oficio.*
- h) Compromiso firme de comunicar o Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade.*
- i) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.*
- k) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal e autonómica, nin coa Seguridade Social. Non será necesario presentar aqueles documentos que se atopen en poder da Administración, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados, non teñan transcorridos cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan e se manifeste que*

*se encontran en vigor. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, acreditación por outros medios dos requisitos a que se refiren os documentos.*

*As solicitudes dirixiranse á Alcaldía conforme ao modelo que se estableza no anexo correspondente de cada convocatoria e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello acompañadas das acreditacións do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.*

*As solicitudes de subvencións outorgadas polos organismos autónomos municipais dirixiranse ao presidente destes mesmos e presentaranse no respectivo Rexistro Xeral.*

*Unhas e outras tamén poderán ser presentadas da forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### *4.2. Prazo de presentación de solicitudes*

*O prazo de presentación de solicitudes será de polo menos vinte días hábiles a partir da data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.*

*O devandito prazo por razóns de urxencia poderase reducir á metade.*

*Terase acceso informático á convocatoria desde o portal do Concello <http://www.vigo.org>*

*Os solicitantes, a requirimento da Administración Municipal, dispoñerán dun prazo de dez días para completar a documentación ou emendar os defectos materiais ou formais que se advirtan con apercibimento de que, se así non o fixeren, teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da mencionada Lei 30/1992 de 26 de novembro.*

*Sen prexuízo do anterior, en calquera momento ao longo do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cubra calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da citada Lei, concedendo para ese efecto un prazo de dez días hábiles a partir da notificación, con expresa advertencia de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito á tramitación da solicitude.*

#### *4.3. Criterios obxectivos de outorgamento da subvención.*

*As subvencións adjudicaranse tendo en conta os criterios obxectivos e a ponderación entre eles que se establece na convocatoria.*

*Os criterios de adjudicación deberán tomar en conta a adaptación do proxecto aos fins perseguidos pola subvención e ao maior número posible de beneficiarios, a calidade e a utilidade social do proxecto.*

#### *4.4. Resolución da convocatoria e publicidade.*

*As subvencións convocadas pola Administración Municipal serán estudadas, avaliadas e concedidas polos órganos aos que se refire o artigo 10 do Regulamento de Subvencións do Concello de Vigo.*

*A Comisión poderá solicitar o asesoramento e informes que considere oportunos e formulará proposta de concesión.*

*O acto polo que se resolve esta convocatoria conterá a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes, a contía da subvención concedida, a achega que ha de realizar a entidade e a contía total a xustificar e deberán quedar acreditados os fundamentos da resolución que se adopte.*

*As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro do prazo fixado entenderanse desestimadas.*

*O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, agás supostos previstos legal ou regulamentariamente, computándose o prazo desde a convocatoria.*

*A concesión das subvencións notificarase aos interesados e publicarase no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e, nos supostos previstos polo artigo 11 do mencionado Regulamento Municipal, publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

*O Concello poderá propoñer a sinatura de convenios de colaboración coas entidades que se presenten a esta convocatoria cando, pola calidade técnica do proxecto e a especificidade do seu obxecto, sexa de interese especial para a Cidade e sexa precisa unha regulación máis estreita entre a entidade e a Administración Municipal.*

#### *4.5. Prorrateo e reformulación de solicitudes*

*Excepcionalmente, e en forma debidamente xustificada, poderá pro ratearse entre os interesados propostos para a concesión de subvención o importe global máximo previsto na convocatoria.*

*Será posible a reformulación de solicitude de conformidade co disposto polo artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Nestes supostos, formulada a proposta de concesión, o presidente do órgano colexiado instará ao beneficiario para que reformule a solicitude a fin de axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.*

*O beneficiario terá un prazo de dez días para reformular. Recibida a reformulación, o órgano colexiado, se así procede, emitirá a súa conformidade, que remitirá ao órgano competente para a concesión. Se transcorrese o prazo de dez días a que se refire o parágrafo anterior, entenderase que se desiste da petición.*

### *5.- PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN*

#### *5.1. Contía máxima da subvención, gastos aos que afecta e compatibilidade.*

*As cantidades concedidas poderán cubrir total ou parcialmente, en función do que se prevea nas respectivas convocatorias, a subvención que se solicite sen que en ningún caso, contabilizando a posible cofinanciación, se supere o custo real da actividade subvencionada.*

*A cantidade máxima subvencionable estará en función do tipo de proxecto e das liñas de actuación e determinarase en cada convocatoria.*

*As subvencións reguladas por estas bases destinaranse a cubrir os gastos realizados que estean directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto para o que se concederon, fixándose os conceptos subvencionables en cada convocatoria. Poderá admitirse a xustificación de gastos indirectos nunha porcentaxe que se determinará nas respectivas convocatorias así como os gastos das garantías bancarias que, no seu caso, se lles esixa aos beneficiarios.*

*O beneficiario poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada nunha porcentaxe que poderá alcanzar o 100% en función do que establezan as respectivas convocatorias atendendo á natureza da subvención e previo cumprimento das condicións que se establecen no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*O gasto das contías subvencionadas dos proxectos estenderase de 1 de xaneiro a 31 de decembro de cada ano, salvo que na convocatoria se estableza outro criterio.*

#### *5.2. Pagos*

*O pago efectuarase mediante transferencia á conta bancaria da entidade ou particular solicitante unha vez que se xustifique o proxecto subvencionado.*

*Cando a natureza da subvención así o requira e se determine na convocatoria, poderán realizarse pagos a conta.*

Os referidos aboamentos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de conformidade coa correspondente convocatoria e previa a adopción das medidas de garantía que na mesma se establezan.

En todo caso, tanto no suposto de pagos parciais como pagos anticipados terase en conta o establecido no artigo 14 do Regulamento Xeral de Subvencións do Concello de Vigo.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e do Réxime Xeral da Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

### 5.3. Modificación das condicións da concesión

As actuacións subvencionadas de cada proxecto deberán executarse no tempo e forma aprobados pola resolución de concesión.

Calquera cambio no proxecto requirirá que non afecte aos obxectivos perseguidos coa axuda nin aos seus aspectos fundamentais e que sexa solicitado mediante instancia dirixida ao órgano competente para conceder a subvención antes de que finalice o prazo de execución do proxecto.

Na convocatoria estableceranse as circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar á modificación da resolución.

### 5.4. Xustificación

Se do exame da documentación presentada resultase estar incompleto, concederase á entidade un prazo improrrogable de dez días hábiles para a súa subsanación, transcorridos os cales sen realizala perderase o dereito á subvención, xurdindo automaticamente a obrigación do reintegro da cantidade percibida xunto cos intereses legais a contar dende a data da súa concesión e de conformidade co disposto polo artigo 14 do Regulamento de Subvencións do Concello de Vigo.

5.5. Obrigacións que asome a entidade ou particular subvencionados. Estes comprométese ao cumprimento das obrigacións dos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións:

- Realizar as actividades subvencionadas procedendo ao reintegro da subvención en caso de incumprimento.
- Facer constar explicitamente na publicidade das actividades subvencionadas a colaboración do Concello de Vigo ou dos Organismos Autónomos Municipais, quedando obrigados a presentar a documentación relativa á publicidade das actividades levadas a cabo con carácter previo á celebración da actividade.
- Aportar a información que lles for solicitada.
- Responder ante o Concello de Vigo ou Organismos Autónomos Municipais da veracidade dos datos aportados na solicitude e na documentación aportada.
- Comunicar calquera eventualidade que afecte á programación, desenvolvemento e finalización da actividade subvencionada.
- Presentar declaración, no seu caso, sobre as subvencións obtidas para a mesma finalidade procedentes de calquera entidade pública ou privada.
- Non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal de Administración Tributaria nin coa Facenda Municipal. Se o proxecto subvencionado inclúe accións formativas presentarase relación dos profesionais que as realicen, con indicación do Documento Nacional de Identidade e da titulación académica ou acreditación profesional, aportando fotocopia compulsada das mesmas.

As entidades subvencionadas pola realización de actividades de pública concorrencia comprométese expresamente a asumir os accidentes que se poidan ocasionar no transcurso do desenvolvemento da actividade

*por medio dunha póliza de seguros de participantes e espectadores, sendo esixible a súa acreditación ante a administración municipal antes do comezo da actividade.*

*Destas obrigacións responderán as entidades solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que asinen a solicitude, debendo ser comunicados os cambios na devandita representación.*

#### **5.6. Incumprimento**

*As convocatorias recollerán os criterios de gradación dos posibles incumprimentos así como as consecuencias dos mesmos.*

#### **5.7. Anulación**

*Procederá a anulación da subvención concedida nos supostos de renuncia do beneficiario, nos recolleitos no artigo 36.1 e 36.2 da Lei 38/2003 Xeneral de subvencións, nos casos de incumprimento por parte do mesmo das obrigacións asumidas ou que se lle impuxeron, previa tramitación de expediente e sen prexuízo de que pola Administración Municipal poida ser revisado o acto de concesión na forma e polo procedemento legalmente establecido.*

#### **5.8. Reintegro**

*Estarase ao disposto no artigo 19 do Regulamento de Subvencións do Concello de Vigo.*

#### **5.9. Xestión mediante entidades colaboradoras**

*Cando así se preveña na convocatoria poderá realizarse a distribución de fondos ou a xestión das subvención a través de entidades colaboradoras, que actuarán en nome e por conta do Concello de Vigo coas condicións que na convocatoria se determinen. Os requisitos para ser entidade colaboradora serán os que se establecen no artigo 5 do Regulamento de subvencións do Concello de Vigo.*

#### **6.- RECURSOS**

*Contra o acordo de concesión da subvención, que pon fin á vía administrativa, cabo interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data da súa notificación.*

*Así mesmo, contra o acordo poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición.*

#### **7.- NORMATIVA APLICABLE**

*No non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Regulamento de Subvencións do Concello de Vigo, e nas restantes normas de dereito administrativo, aplicándose na súa falta as normas de dereito privado.*

#### **8.- ENTRADA EN VIGOR**

*Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*

### **32(691).- SOLICITUDE Á UNICEF DE RECOÑECIMENTO DE VIGO COMO “CIDADE AMIGA DA INFANCIA”. EXPTE. 2985/320.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta que figura no expediente asinado polo xefe do servizo de Participación Cidadá de data 05-06-06, conformado pola delgada do Goberno da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Solicitar de UNICEF o recoñecemento de Vigo como Cidade Amiga da Infancia, dado que nos últimos anos a nosa cidade mostrou un especial intereres no plantexamento e actividades dedicadas á infancia, que se poñen de manifesto co proxecto e memoria que se achega, donde entre outros, este Concello:



- a) Promove a implicación activa dos nenos e nenas de Vigo, a través do Pleno Infantil, que se celebra no Salón de Plenos do consistorio, facilitando así a participación infantil.
- b) Establece coa aprobación da Carta dos Dereitos da Infancia a nivel local, un marco reglamentario para a protección dos dereitos da infancia, é dicir, un marco legal amigo da infancia.
- c) Retoma a creación do Consello Asesor da Infancia coa entrada en vigor o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo, consello creado en 1999 por acordo plenario, polo cal establécese unha comisión de dereitos da infancia, que evalúe o impacto das leis, as políticas e as accións da infancia, é dicir, realice unha análise e avaliación do impacto das políticas da infancia.
- d) Establece no orzamento xeral do Concello de Vigo, para todos os programas obxecto da memoria e a través dos seus órganos xestores e partidas correspondentes, asignación orzamentaria, garantindo os compromisos adquiridos cara a ela.
- e) Avala un labor de avogacía independente para a infancia, co apoio a ONGs, a través do Fondo Galego de Cooperación, a actuación directa cos nenos saharauís, o traballo coas minorías étnicas (xitanos, inmigración, minusválidos) etc...,

Segundo.- Garantir e establecer as liñas de actuación para a elaboración dun Plan Integral da Infancia, que será analizado e avaliado polo Consello Asesor da Infancia do Concello de Vigo.

**33(692).- CORRECCIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28.11.05 RELATIVO A OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2005. EXPTE.2694/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 20-03-06 do xefe do servizo de Participación Cidadá, conformado pola delegada do Goberno de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Corrixir o acordo de concesión de subvención para investimento en infraestruturas e equipamentos para entidades privadas sen ánimo de lucro, para as entidades e proxectos que se relacionan, deixando en vigor todo o acordo restante da Xunta de Goberno Local do pasado 28/11/2005:

CIF	ASOCIACION	PROXECTO	PTOS	CUSTO	IMPORTE
G36623593	AVV Monte da Mina Castrelos	Reparación carpintería aluminio	42	9.708	3.708 €
G36617082	Centro Sociocultural de Valladares	Equipamento do Centro	88	10.500	7.350 €
G36633428	Sociedade Cultural Helios de Bembrive	Sonorización do Auditorio	35	8.500	3.090 €
G36614907	Federación Empresarios Hostalería de Pontevedra	1 Tabique Modular e 1 Panel Divisor	13	2.345	1.148 €

**34(693).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO. EXPTE. 2919/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta de data 24-04-06 asinado polos xefes dos Servizos de Participación Cidadá, Festas e Animación Sociocultural e pola técnica do Servizo da Muller e conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, e polos concelleiros de Asuntos Sociais e Promoción Económica e Desenvolvemento Local:

*“O Concello de Vigo, a través das concellerías das áreas de Participación Cidadá, Asuntos Sociais e Promoción Económica e Desenvolvemento Local, teñen previsto realizar nun programa conxunto, actuacións de apoio á cidadanía desvoltas con actividades de participación cidadá, cultura, ocio e lecer, e información á muller, que dentro do Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres, establece a creación do “Punto Informa”.*

*Dentro do tecido social dos barrios e parroquias que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Federación de Veciños “Eduardo Chao”, a cal ven colaborando, ao longo do tempo co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral a través da firma de convenios conxuntos, nos que se desenvolven todas estas actuacións.*

*Así, e atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a federación veciñal “Eduardo Chao” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello co número 82-89, sendo declarada de utilidade municipal por acordo do Pleno do Concello de data 27.11.2000. Actualmente a Federación de Veciños “Eduardo Chao” agrupa a 33 entidades asociativas veciñais relacionadas e detalladas na documentación anexa do seu expediente de inscrición.*

*Establecido no art. 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións a figura do convenio como procedemento de concesión directa, e os contidos mínimos que conterá o mesmo, xunto coas razóns que acrediten o seu interese, a Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”, está establecida e considerase un referente dentro movemento veciñal pola súa actividade en defensa das parroquias e distritos de Vigo, realizando múltiples actividades de colaboración co Concello de Vigo.*

*Un aspecto fundamental para asegurar o desenvolvemento desta federación, é o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, como soporte para a posta en marcha de programas de carácter social, cultural, formativo, informativo e de asesoramento.*

*Por outra banda, unha vez aprobado o II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres, e atendendo á problemática que este colectivo ven sufrindo con denominada violencia de xénero, a FAVEC, dentro da súa sede social establece o “Punto Informa” como local de atención para as mulleres, aportándolle información xeral de interese, a favor da igualdade de oportunidades, e na prevención da violencia.*

*Dada a vinculación dos distintos programas que se inclúen no texto do convenio, que implica a tres área municipais, á falta de propostas similares neste sentido e en consideración ao interese social, público, económico e de igualdade que ditas actividades supoñen para a cidade, e considerando que a Federación Veciñal Eduardo Chao a única entidade capacitada para prestar e levar a cabo a totalidade dos programas, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrência na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa das previstas no art. 22.2.c) da citada Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Co presente convenio administrativo de colaboración que se somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, ao abeiro dos art. 88.1, da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; art. 111, do R.d 781/86, de 18 de abril, Texto Refundido de Réxime Local; art. 25, 26, 28 e 72, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 80 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, confrontados cos art. 72 LBRL, 232 e ss. do R.d 2568/86, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Bases de Execución do Orzamento do Concello, pretende aportar á Federación a axuda económica que permita o financiamento para o desenvolvemento das actividades incluídas nas áreas de organización, promoción, convivencia, muller, social e de infraestruturas, todos eles fundamentados na documentación que se achega no presente expediente.*

*Establecido este programa conxunto en pasados exercizos nas áreas de Participación Cidadá e Asuntos Sociais, e incluída na mesma a área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a través do Servizo de Muller, ao amparo do previsto no art. 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e consonte co previsto na Lei Xeral Presupuestaria, as obrigas que se derivan do expediente imputaranse ao capítulo IV da estrutura presupostaria vixente, para o que é preciso solicitar a creación dunha nova partida orzamentaria: 463.2.489.00.05 -“Convenio de colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao para o mantemento do Punto Informa”-*

Seguidamente os técnicos asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo. O convenio figura no expediente visado pola Asesoría Xurídica do Concello en data 30-05-06. Figura no expediente o intervido e conforme do interventor xeral de data 06-06-06.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de A.VV “Eduardo Chao” para o fomento das actividades de fomento da participación cidadá, ocio e lecer e información á muller.

Segundo.- Crear a partida presupuestaria 463.2.489.00.05 -“Convenio de colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao para o mantemento do Punto Informa”-

Terceiro.- Autorizar o gasto de 54.091,00 € con cargo a partida 463.1.489.00.02, de Relacións Cidadáns, de 24.000,00 € con cargo á partida 451.2.489.00.00, de Festas e Animación Sociocultural e de 9.600,00 € con cargo á partida 463.2.489.00.05, de Muller.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN  
CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN ASOCIACIÓN VECIÑAIS “EDUARDO CHAO”*

*Na Casa do Concello da cidade de Vigo, o día doce de xuño de 2006*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dª Corina Porro Martínez, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo (CIF P-3605700), en nome e representación do mesmo, con enderezo en Praza do Rei, 1, de Vigo*

*Doutra parte, Dna. Elena González Sánchez, na súa calidade de presidenta da Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao” (CIF: G-36681708), con enderezo na praza da Princesa, 7-2º andar de Vigo.*

*Ambas as dúas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio, e para o efecto*

*EXPOÑEN*

*Conforme ó previsto pola lexislación vixente, lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da administración local de Galicia, R.dL. 781/1986 texto refundido en materia de réxime local, R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, así como as competencias no eido da Muller.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundar na democracia representativa.*

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro do tecido social dos barrios e parroquias que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Federación de Veciños “Eduardo Chao”, a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

Atendendo ao Regulamento de Participación cidadá, a Federación atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello co número 82-89, sendo declarada de utilidade municipal por acordo do Pleno do Concello de data 27.11.2000. Actualmente a Federación de Veciños “Eduardo Chao” agrupa a 33 entidades asociativas veciñais que se relacionan na documentación anexa ao expediente.

A Federación Veciñal “Eduardo Chao”, ten cedido o local municipal sito na Pza. da Princesa nº7-2º andar.

Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da Federación, constitúeo o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade que se achegan como anexo I a este convenio.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 22 de novembro de 2004 aprobou o “II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres (2004-2007)”

Este II Plan, ten os seus antecedentes no I Plan Municipal de Acción Municipal, que foi aprobado en sesión plenaria o 5 de xullo do 2000, e significou a creación no 2002 do primeiro “Punto Informa” a través dun convenio de colaboración coa FAVEC. Este “Punto Informa” consiste nun espazo informativo para as mulleres de Vigo, cunha serie de funcións propias: informar ás mulleres sobre recursos e servizos da cidade, derivalas a outros servizos promovendo a percepción destes como propios, e detectar e denunciar os malos tratos.

Con esta colaboración por parte do Concello de Vigo, materialízanse tres obxectivos principais do “II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres (2004-2007)”:

- 1.- Mellorar o acceso da poboación feminina á información sobre os seus dereitos (Área de optimización e adecuación de recursos)
- 2.- Sensibilizar e informar á poboación xeral sobre o fenómeno da violencia de xénero (Área de información e sensibilización social)
- 3.- Potenciar a descentralización dos servizos e recursos da administración local para facilitar e detectar a denuncia da violencia (Área de coordinación)

En consecuencia ao exposto, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio:

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento ó desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario, que veñen referendadas na memoria e planificación que chega a entidade veciñal (anexo 1º) así como establecer o “Punto Informa” nos locais que ocupa a Federación na Praza da Princesa nº 7.

##### SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento:

Conforme a memoria que achega a entidade veciñal, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as seguintes accións para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello:

CONVENIO ÚNICO FAVEC-CONCELLO DE VIGO 2006		
ÁREAS	CONCEPTO	CANTIDADE SOLICITADA
00.ORGANIZACIÓN	GASTOS XERAIS <ul style="list-style-type: none"> <li>• PERSOAL Técnico de Xestión e Auxiliar Administrativo</li> <li>• CONTABILIDADE (Técnico de Contabilidade)</li> <li>• CONSUMIBLES</li> <li>• ASCENSORES</li> <li>• SUBMINISTROS</li> <li>• LIMPEZA</li> </ul>	25.091,00 €
01.PROMOCIÓN	SERVIZO DE ASESORÍA VECIÑAL E ASOCIATIVA <ul style="list-style-type: none"> <li>• ASESORÍA XURÍDICA</li> <li>• ASESORÍA CONTABLE – FISCAL</li> <li>• ASESORÍA TÉCNICA DE FINANCIACIÓN</li> <li>• APOIO CONTABLE ÁS ASOCIACIÓNS</li> </ul> FESTA VECIÑAL FORMACIÓN TÉCNICA XORNADAS	24.000,00 €
02.CONVIVENCIA	MOVEVIGO	24.000,00 €
03 MULLER	PUNTO INFORMA E PROMOCIÓN DA MULLER	9.600,00 €
04.SOCIAL	FORMACIÓN	3.000,00 €
05.INFRAESTRUTURAS	PLAN DE ACCIÓN	2.000,00 €
<b>TOTAL.....</b>		<b>87.691,00 €</b>

TERCEIRA.- Destinatarios/as:

As actividades de carácter sociocomunitario con cargo ó presente convenio destinaranse ó público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, o número de asistentes limitarase ó aforo do lugar onde se celebren. Non obstante o anterior, o resto das actividades de prestación de servizos de carácter asesor, formativas e informativas ofertadas pola Federación poderán coadjuvar unha achega económica por parte dos usuarios ou colaboradores privados, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc.).

No caso de ser achegas de usuarios, a Federación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo:

- 1.- Respetar a estrutura organizativa da FAVEC e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
- 2.- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas por áreas de organización.
- 3.- Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Federación de A.Veciños:

- 1.- Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas.
- 2.- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

- 3.- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .
- 4.- As actividades comezarán á hora anunciada ó público. Comprobarase, con antelación suficiente, o correcto funcionamento das instalacións e equipos; en todo momento contarase co material e persoal de organización, mínimo necesario para o correcto desenvolvemento da actividade.
- 5.- Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto co inventario actualizado das súas dotacións e instalacións. Achegaralle, asemade, a memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 9ª.
- 6.- Asumir as responsabilidades que procedan da realización dos programas que se financian, en particular, a contratación laboral do persoal adscrito ós diferentes programas conveniados e ás responsabilidades derivadas desa contratación que resultan da súa exclusiva competencia. O persoal adscrito aos diferentes programas deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e saúde laboral, referida ao propio persoal ao seu cargo. O Concello de Vigo en ningún caso asumirá responsabilidade algunha respecto ao mencionado persoal.
- 7.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
- 9.- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.
- 10.- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
- 11.- Manter a liña de redución porcentual anual tendente ó autofinanciamento dos gastos de mantemento e administración da Federación, calculando a porcentaxe en función do balance económico do último exercizo, comprometéndose a destinar o futuro financiamento derivado de renovacións do presente convenio, a actividades destinadas as entidades asociadas a ela.
- 12.- A Federación comprométese a manter as canles de diálogo con esta Administración Local, así como a mediar nos conflitos que poidan producirse entre as asociacións que representa ou as que xurdan entre elas e o resto do movemento asociativo.
- 13.- Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo e as condicións da cláusula 6ª.
- 14.- Devolver os locais e equipamentos cedidos en uso polo Concello, nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídas na súa totalidade, dentro do prazo de vixencia do presente Convenio.
- 15.- Editar e distribuir o material gráfico da programación que figura no convenio. Neste sentido, para cada unha das actividades previstas deberán realizarse 500 carteis como mínimo, así como complementar a información en prensa e radio. En todos os casos e según os programas, deberán aparecer os logotipos e anagramas oficiais da Concellería de Participación Cidadá ou Festas e Animación Sociocultural, como patrocinador das actividades, facéndose extensible esta cuestión para as placas dos trofeos, carpetas, distintivos, placa do despacho da asesoría veciñal, e outros elementos que se realicen.
- 16.- Destinar para a creación do “Punto Informa” unha oficina permanente na Federación Veciñal, a cal estará aberta dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante o prazo de vixencia do convenio.

17.- Nomear, previa conformidade da Concellería da Muller, á persoa dedicada a esta tarefa a cal estará en posesión como mínimo da titulación de grao medio na área psicolóxica, social ou psicopedagóxica, recibindo un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ao que terá que asistir obrigatoriamente. A persoa ou persoal que preste servizos pola Federación Veciñal non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

18.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade:

1.- A información sobre as actividades especialmente en carteis, placas e programas, estarán integramente no idioma galego.

2.- En toda a información gráfica editada, relacionada coas áreas obxecto do convenio, figurarán os logotipos e anagramas oficiais sinalados do Concello ( Concellería de Participación Cidadá, Concellería de Festas e Animación Sociocultural e Concellería da Muller) e da Federación de Asociacións Veciñais nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha delas achegue.

3.- Concello de Vigo incluírá o “Punto Informa” entre os especializados en muller que difunda mediante campañas ou publicidade.

4.- Concello dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

5.- De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares ó Concello.

6.- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas no Convenio, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc., deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá.

7.- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

8.- No orzamento de cada unha das actividades conveniadas destinadas ó público en xeral, dedicaráselle un mínimo dun 10% do seu orzamento de gastos a sistemas de difusión e información: carteis, programas de man, pancartas, web, etc.

9.- A publicación periódica editada pola Federación Veciñal Eduardo Chao reservará ao Concello dúas páxinas gratuítas para inserción de información municipal.

SÉTIMA.- De Participación cidadá:

A Federación comprométese a colaborar no desenvolvemento dos órganos que se constitúan para o desenvolvemento do Regulamento de Participación Cidadá e de Distritos, así como a potenciar o cumprimento dos seus obxectivos.

Sen prexuízo da participación da Federación nos consellos sectoriais previstos nos distintos ámbitos e demais órganos municipais ós que teña dereito, a Concellaría de Participación Cidadá manterá periodicamente reunións cos directivos da Federación a fin de posibilitar un coñecemento máis global das inxerencias do movemento veciñal e da administración municipal nos distintos ámbitos de xestión.

OITAVA.- De Muller

No “Punto Informa” atenderase ás mulleres que o demanden aportándoselles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades, e por ende de prevención da violencia.

De igual xeito informarase das actividades e servizos especializados en muller existentes na nosa cidade, das súas condicións de acceso e temas que atenden, para facerllos máis próximos.

A denuncia dos malos tratos e a detección de casos serán parte das súas funcións e, cando sexa necesario, realizarán derivacións aos diversos servizos públicos para que as mulleres que o precisen reciban o asesoramento profesional oportuno.

Para a mellor consecución dos fins para os que se crea o “Punto Informa” quedan excluídas das funcións e tarefas que se lle encomendan mediante este convenio de colaboración aquelas propias da asistencia xurídica, da asistencia psicolóxica e/ou social.

NOVENA.- Mecanismos do seguimento da execución do Convenio:

O mecanismo de seguimento, control e inspeccións deste convenio establécese en base á memoria final que presente a entidade veciñal, sen menoscabo da presenza do persoal dos departamentos involucrados no convenio (Muller, Participación Cidadá e Festas e Animación Sociocultural) nas propias actividades que esta determine.

Correspóndelle a Xefatura de Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio, previo informe favorable dos Técnicos das áreas municipais implicadas.

A Federación, e en particular os compoñentes da súa xunta directiva, serán os únicos interlocutores válidos ante o Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación :

1.- O Concello de Vigo fixa a seguinte asignación económica con cargo ás partidas e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente:

- a) 54.091 € (Cincuenta e catro mil noventa e un euros)-partida 463.1.4890002,
- b) 24.000 € (Vinte catro mil euros)-partida 451.2.4890000, e
- c) 9.600 € (Nove mil seiscientos euros)-partida 463.2.4890005

Ditas sumas establécense por todos os conceptos e impostos incluídos. Esta cantidade seralle aboada a Federación mediante transferencias bancarias á conta corrente número 2080/0000/70/0040236959.

2.- Anticipos a conta: Co fin de facilitar a administración do programa, tramitarase coa sinatura do convenio, o aboamento de 43.845,50 € (Corenta e tres mil oitocentos corenta e cinco euros con cincuenta céntimos) importe do 50% asignado ( $87.691 \text{ €} \times 50\% = 43.845,50 \text{ €}$ ) e da seguinte maneira, 27.045,50 € con cargo á partida 463.1.489.00.02; 12.000,00 € con cargo a partida 451.2.489.00.00; e 4.800 € con cargo á partida 463.2.4890005. Do gasto desta cantidade darase conta na memoria semestral que presenta a entidade, ingresándose o 50 % restante unha vez se teñan xustificadas a totalidade dos programas conveniados, tal como se establece na liquidación final

3.- Liquidación final: Unha vez rematadas as actividades acordadas e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do período do convenio, presentarase no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa que incluírá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de liquidación final.
- b) Memoria descritiva das actividades e accións realizadas, que conterá os datos da programación desenvolvida, participación, asistentes, usuarios dos servizos, memoria de prensa e comunicación, un exemplar do material gráfico editado por actividade, rexistros fotográficos e audiovisuais, orzamento de gastos e ingresos executados por conceptos económicos de cada actividade e avaliación parcial e global. No que atinxe ao servizo de asesoría asociativa e veciñal, e nas consultas sobre os temas derivados do desenvolvemento da súa actividade, así como aquelas consultas de interese xeral, a memoria final conterá: asunto xeral, asociación que o solicita e desglose estatístico das mesmas..
- c) Memoria anual impresa e en soporte dixital do servizo do “Punto Informa” onde por parte da vogalía da muller da FAVEC axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal, isto sen menos cabo de que se realicen achegas complementarias que se consideren de interese. De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.



- d) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación de, aló menos, a súa data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago.*
- e) *Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.*
- e.1) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos presentados polo beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que conste que o documento ou factura se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto indicando a porcentaxe do mesmo que se imputa.*
- e.2) *Os documentos xustificativos serán orixinais. No suposto de que se presenten fotocopias, estas deberán ser debidamente compulsadas polo servizo xestor.*
- e.3) *Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.  
Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable, considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- e.4) *Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo receptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.  
Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar.*
- e.5) *As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*
- f) *Relación de gastos efectuados por cada unha dos programas enmarcados dentro das áreas de traballo. Achegaranse os datos do emisor da factura, núm. de CIF/NIF, data, importe con todos os impostos incluídos e concepto facturado. Tamén se achegarán as correspondentes facturas orixinais expedidas conforme ó establecido no R.D. 1496/2003 pola totalidade do gasto comprometido con cargo ao Concello.*
- g) *Copia dos seguros de responsabilidade civil e incendio.*
- h) *Inventario actualizado dos bens mobles e inmobles da Federación, e en particular os do local municipal cedido na Praza da Princesa, deixando constancia do estado da súa conservación.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución e solución de controversias.

*O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.*

*A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola Federación Veciñal Eduardo Chao do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.*

*A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

DECIMO SEGUNDA.- Subcontratación das actividades subvencionadas

*A Federación Veciñal Eduardo Chao, previa comunicación ao Concello de Vigo, poderá subcontratar as actividades, entendendo que concerta con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do*

convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada

Establecese un porcentaxe do 50 % do importe da actividade subvencionada como cantidade máxima posible a subcontratar.

DECIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico aplicable.

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

DECIMO CUARTA.- Confidencialidade

Para garantir o dereito a confidencialidade das usuarias do “Punto Informa” usaranse as claves que convertan en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia:

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2006.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga da Federación e acordo dos órganos competentes de ambas as dúas entidades. Recolleranse os novos programas e accións para desenvolver, así como as posibles actualizacións das axudas económicas. En todo caso os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercizo autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de tres anos.

DÉCIMO SEXTA.- Final:

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

**35(694).- PREGOS DE CONDICIÓNS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE INFRAESTRUCTURA E MANTEMENTO DA REDE TRUNKING DE COMUNICACIÓNS. EXPTE.2004/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de negociado de Contratación do 10-05-06, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da área de Xestión municipal, visto que figura ademais o intervido e conforme do interventor xeral de data 06-06-06 e así mesmo informe xurídico do titular da Asesoría Xurídica do 19-05-06, a Xunta de Goberno Local, acorda

Primeiro.- Autoriza-lo gasto 65.155,08 euros/ano para a prestación dos servizos da infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións que se imputarán á partida presupuestaria 22222090000 dos presupostos do ano 2006 e 2007.

Segundo.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescrición técnicas para a prestación dos servizos da infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións.

Terceiro.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**36(695).- PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN TRIBUTARIA COA ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS DO CONCELLO. EXPTE. 354/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de negociado de Contratación do 09-05-06, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da área de Xestión municipal, visto que figura ademais o intervido e conforme do interventor xeral de data 06-06-06 e así mesmo informe xurídico do letrado da Asesoría Xurídica do 25-05-06, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Autoriza-lo gasto 120.000 euros euros para a prestación dos servizos de colaboración tributaria co servizo de Administración de Tributos do Concello de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 611.02270600 do vixente presuposto.

Segundo.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de colaboración tributaria co servizo de Administración de Tributos do Concello de Vigo.

Terceiro.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**37(696).- PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DE COLABORACIÓN PARA A EFECTIVIDADE DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNNS, INSTALACIÓNNS E OBRAS. EXPTE. 335/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-05-06, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da área de Xestión municipal, visto que figura ademais o intervido e conforme do interventor xeral e así mesmo informe xurídico do titular da Asesoría Xurídica do 25-05-06, a Xunta de Goberno Local, acorda

Primeiro.- Autoriza-lo gasto 1.000.000 euros para a contratación da asistencia técnica de colaboración para a efectividade do imposto de construcións, instalacións e obras que se imputarán á partida presupuestaria 61102270606 do vixente presuposto.

Segundo.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de colaboración para a efectividade do imposto de Construcións, instalacións e obras.

Terceiro.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**38(697).- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO DE CAMIÑO DE LIÑARES. EXPTE. 17720/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta do xefe de Patrimonio de data 16-05-06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

*“PRIMEIRO.- Dona Carmen García González, en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 21 de abril do 2006, solicita a catalogación como público nunha lonxitude de 48 ml o camiño de Liñares ramal 2, ao considerar que o mesmo é un camiño público de titularidade municipal nesa lonxitude e non só nos 45 ml cos que se reflicta no Inventario Municipal.*

*SEGUNDO.- Remitido o expediente ao informe do arquitecto da oficina de patrimonio, emitiuse informe en data 11.05.2006 sinalando que o camiño reseñado consta como público no Inventario municipal de viais cunha lonxitude de 45 ml (ficha técnica) con orixe no camiño de Liñares e remate en finca particular, resultando grafiado na cartografía en 40 ml.*

*TERCEIRO.- A solicitante propón unha prolongación da condición de via pública do ramal 2 do camiño de Liñares, que daría lugar á modificación do inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo plenario de 4.5.1993, sen que se aprecie, no presente caso, a existencia dun suposto erro nos datos cos que figura dado de alta nas fichas técnicas do inventario, no que atinxe á súa lonxitude, estimándose consecuentemente improcedente a súa rectificación que, sen causa que o motive, obedecería mais a un interese particular que a un suposto concreto de uso e afectación público de dito tramo.*

*CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 127j da Lei 7/85 RBRL.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a solicitude de Dona Carmen García González da catalogación como público do tramo final do ramal 2 do camiño de Liñares ao non concorrir causa de interese público que o motive.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(698).- SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN DE RESTAURANTE-CAFETERÍA “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 17430/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta do xefe de Patrimonio do 02-06-06 conformado pola xefa de Réxime Interiore e polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

*“1.- A empresa DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. solicita, mediante escrito de data 15 de novembro de 2005, autorización municipal para a cesión a favor da sociedade CASA DE LAS PALABRAS S.L., o contrato do servizo de cafetería-restaurante do Verbum Casa das Palabras, concertado con este Concello e asinado en data 11 de xuño de 2003.*

2.- *Requirida a contratista para a aportación da documentación acreditativa da concorrencia das condicións esixidas pola normativa reguladora da contratación das AAPP, para a cesión dos contratos administrativos, presentouse en data 25.01.2006.*

3.- *O Tesoureiro municipal informa o 24 de maio de 2006 que a interesada non ten, nesa data, deudas pendentes polo canon concesional derivado da explotación en réxime de concesión do "Verbum".*

#### **FUNDAMENTOS XURIDICOS**

*Primeiro.- O Pleno municipal en sesión do 28 de abril de 2003 acordou adxudicar á DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. a explotación do servizo de cafetería-restaurante do Verbum Casa das Palabras, por un período de 12 anos e de acordo co prego de condicións aprobado polo pleno o 24.02.2003 e a oferta presentada, sendo asinado o contrato entre as partes en data 11.06.2003.*

*Segundo.- Dacordo co disposto no 114 do TRLCAP, os adxudicatarios dos contratos administrativos poderán ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros, cumprindo os seguintes requisitos: Autorización expresa e con carácter previo do órgano de contratación; execución do contrato nun 20% ou dunha quinta parte da súa duración; a capacidade e solvencia do cesionario para contratar coa administración; e formalización da cesión en escritura pública.*

*Terceiro.- No presente caso, estímase que concorren as condicións esixidas pola normativa de contratación para a cesión do contrato, téndose cumprido o prazo mínimo requerido de execución polo cedente, como os demais previstos relativos ao cesionario, sendo conseguintemente admisíbel autorizar a transmisión do contrato para a explotación do servizo de cafetería-restaurante do Verbum Casa das Palabras, por DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. a prol de CASA DE LAS PALABRAS S.L, quen quedará subrogado na totalidade dos dereitos e obrigas contractuais.*

*Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade coas competencias que lle son atribuídas pola LRBRL no seu artigo 127.1.f, tralas modificacións introducidas por Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local.*

*Por todo o anteriormente exposto á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo.*

1º.- *Autorizar a DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. a cesión a prol da Sociedade CASA DE LAS PALABRAS S.L, o contrato asinado en data 11.06.2003. para a explotación do servizo de cafetería-restaurante do Verbum Casa das Palabras, de acordo e con plena suxeición ao prego de condicións administrativas que o rexe.*

2º.- *A cesión deberá formalizarse en escritura pública, nun prazo de trinta días dende a notificación do presente acordo, e previa constitución polo cesionario na Tesourería do Concello da garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato.*

3º.- *A sociedade CASA DE LAS PALABRAS S.L, achegará nun prazo de dez días dende o seu otorgamento, copia simple da escritura pública na que se formalice a cesión, para coñecemento e comprobación do cumprimento das condicións da cesión do contrato.*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **40(699).- RECLAMACIÓN DE D. CESAR OUTERELO GONZÁLEZ EN REPRESENTACIÓN DE ELABORADORA DE CEFALÓPODOS, S.A., DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 38/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

“D. César Outerelo González, en nome e representación da mercantil Elaboradora de Cefalópodos, S.A. e Allianz S.A., compañía de seguros e reaseguros, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 28 de agosto de 2003, estando estacionado o vehículo de propiedade da mercantil, matrícula C-6465-CB, na avenida de Galicia sufriu danos de carácter material ó afundirse a calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación, con data 28/08/2003, no que os axentes actuantes manifiestan que, persoados no lugar dos feitos, o condutor do vehículo relátalles que mentres estacionaba o vehículo, o tereno da calzada cedeu quedando o vehículo atrapado; así mesmo, que proceden a denunciar ó condutor por non respetar a liña lonxitudinal continua que rebaixa para estacionar na marxe esquerda.
- Informe do Inventario Municipal, con data 22/01/2004, no que indican que a avenida de Galicia non consta serigrafiada como vía pública de competencia municipal, pertencendo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 05/02/2004.
- Resolución da Xunta de Goberno Local, de data 5 de abril de 2004, inadmitindo a reclamación por non corresponder ó Concello a responsabilidade patrimonial dos danos ó non ser o titular da vía onde ocorreu o accidente.
- Informe da UTE Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/03/2005.
- Escrito de data 14 de xullo de 2005, de D. César Outerelo González, interpoñendo en nome e representación de Elaboradora de Cefalópodos, S.A. e Allianz S.A., compañía de seguros e reaseguros, nova reclamación de responsabilidade patrimonial polos mesmos feitos, toda vez que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia desestimara a reclamación presentada ante a mesma por ter acontecido o afundimento da calzada por mor de atoparse socavado o subsolo, produto dunha fuga de auga dun colector pertencente ó Concello de Vigo.
- Informe do Parque Móbil, de 20/10/2005, comunicando que os prezos contidos na factura de Talleres Hermanos Novo, presentada pola reclamante, por un importe de 1.998,34 euros IVE incluído, son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia-FCC, con data 26/10/2005, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 24/11/2005.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, aínda que a titularidade da estrada pertence á Xunta de Galicia, xa que o accidente se produciu debido ó afundimento da calzada sobre a que estaba estacionado o vehículo por mor de atoparse socavado o subsolo, produto dunha fuga de auga dun colector pertencente ó Concello de Vigo, tal e como se establece no informe do Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. César Outerelo González, en nome e representación da mercantil Elaboradora de Cefalópodos, S.A. e Allianz S.A., compañía de seguros e reaseguros.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ós reclamantes nas seguintes contías:

- A Allianz S.A., compañía de seguros e reaseguros, 2.248,54 euros, que corresponde á suma do importe da reparación do vehículo unha vez excluído o importe da franquía a cargo do asegurado (1.397,33 euros), máis o importe da factura do servizo de guindastre (851,21 euros).
- A Elaboradora de Cefalópodos, S.A. os 601,01 euros aboados en concepto de franquía”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**41(700).- RECLAMACIÓN DE D. ANIBAL PÉREZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 276/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“D. Aníbal Pérez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xullo de 2004, no que expón que o día 20 de abril de 2004, mentres camiñaba pola rúa Corredoira, á altura do número 1, sufriu unha caída por mor do mal estado das beirarrúas e bordos, producíndose danos de carácter físico, polos que reclama a contía de 7.035,19 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do servizo de Vías e Obras, con data 15/09/2004, no que manifestan que o lugar do accidente é visíbel a larga distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

*Informe da Policía Local, con data 02/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*

*Práctica de proba testifical, con data 10/02/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Pérez.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.158,18 euros.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/01/2006.*

*Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 16/02/2006, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte establecece ó informe do Servizo de Vías e Obras “a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida” e corroboran as testemuñas presenciais dos feitos un das cales manifesta, ó ser preguntada*



polo instrutor acerca de si había defectos na rúa e a que distancia podían apreciarse, “había un bache grande” se ben non pode precisar a distancia a que podía apreciarse, e a outra testemuña resposta “había varios socavones, desde la acera se ve”. Se ademais temos en conta que o reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa nova, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que o mesmo estaba situado na calzada, que non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel” e que é regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia do reclamante, que circulaba por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes, xa que aínda que na actualidade nese lugar hai un paso de peóns, este non existía na época en que ocorreu o accidente. É de supór, ademais, que ó estar cruzando por un sitio destinado á circulación de vehículos o Sr. Pérez debeu extremar aínda máis a súa precaución e a súa dilixencia no control da deambulación, tal e como existe o artigo 124 do regulamento citado, polo que podemos concluir que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Anibal Pérez González por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal ”.

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **42(701).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MATILDE IZQUIERDO MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 278/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

“Dna. Matilde Izquierdo Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xullo de 2004, no que expón que o día 11 de marzo de 2004, ó saír dunha consulta do Hospital Clínico Povisa, tivo unha caída ó pisar nunha focha que se atopaba na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/09/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

*Informe do servizo da Policía Local, de data 02/12/2004, indicando que non teñen constancia dos feitos reclamados.*

*Práctica de proba testifical, en data 11/02/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante que confirma os extremos alegados pola Sra. Izquierdo.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, en data 30/06/2005.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.075,73 euros.*

*Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 26/09/2005, que non formula alegacións.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte establece ó informe do Servizo de Vías e Obras “a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida” e corroboran as testemuñas presenciais dos feitos un das cales manifesta, ó ser preguntada polo instrutor acerca de si había defectos na rúa e a que distancia podían apreciarse, “Las baldosas que faltaban. Podían verse a buena distancia”. Se ademais temos en conta que o reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que é regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada, podemos concluír que a responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público local.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Matilde Izquierdo Martínez por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(702).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MARIA AMPARO ALFAYA PORTELA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 286/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“Dna. María Amparo Alfaya Portela presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de agosto de 2004, no que expón que o día 4 de agosto do mesmo ano, mentres camiñaba pola rúa Llorente, á altura do número 24, sufriu unha caída por mor da falta dunha louseta na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, de data 04/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a falta dunha lousa (que provocou a caída) e que a Sra. Alfaya foi trasladada ó Hospital Xeral para tratar a súa lesión.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/11/2004, manifestando que a beirarrúa se atopaba en perfecto estado de conservación, sen que se fixesen obras recentemente.*

*Práctica de proba testifical, en data 13/01/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Alfaya.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 493,44 euros.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/02/2005, manifestando que o sumidoiro onde a reclamante di ter caído foi reparado por Aqualia o día 15/09/2004.*

*Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 22/07/2005.*

*Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 21/04/2005.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como*

consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, senón perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito. Así se desprende das declaracións das testemuñas presenciais dos feitos un das cales manifesta, ó ser preguntada polo instrutor acerca de se había defectos na rúa, “Faltaban como cuatro o cinco baldosas” e a outra que “Faltaban unos adoquines”, se ben non se poñen de acordo a hora de precisar se o defecto era visíbel e a que distancia podía apreciarse. Mentres a testemuña nº 1 considera que “si bajas no lo ves y elle venía bajando”, a testemuña nº 2 opina que “se ven a unos dos metros”. As lousetas miden 20 cm x 20 cm, polo que un oco de cuatro ou cinco lousetas é de entre 6,4 m<sup>2</sup> e 10 m<sup>2</sup>, polo que a informante conclúe que é perfectamente visíbel a certa distancia, suficiente para extremar a precaución ó circular sobre o mesmo. Se ademais temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que é regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada, podemos concluír que a responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola fata de dilixencia da reclamante, que co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Amparo Alfaya Portela por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**44(703).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CARLOS PEREIRA ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 288/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

“D. José Carlos Pereira Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de agosto de 2004, no que expón que o día 7 de agosto do mesmo ano, estando na Praia da Punta (A Guía), mancháronse certas prendas de vestir súas pola presenza de fuel na area, sen que existise ningún aviso do problema existente, polo que reclama danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 07/08/2004, no que o axente actuante manifesta que o Sr. Pereira persoouse nas dependencias da Policía Local, onde relatou o incidente que tivera na Praia da Punta esta mesma tarde.

Informe do servizo de Limpeza, con data 29/09/2004, no que indican que con motivo dun verquido aparecido a principios do mes de agosto na ría de Vigo, foron aparecendo manchas de gasoil na Praia da Punta, polo que as

*brigadas da empresa contratada da limpeza de praias estiveron limpando as manchas que aparecían diariamente desde o 5 ata o 23 de agosto.*

*Resolución do Concelleiro delegado de Patrimonio, de data 11 de novembro de 2004, tendo por desistido o reclamante.*

*Resolución do Concelleiro delegado de Patrimonio, de data 25 de novembro de 2004, estimando o recurso de reposición interposto polo Sr. Pereira contra a súa resolución de data 11 de novembro de 2004 e ordenando retrotraer o procedemento ó momento anterior a mesma.*

*Informe do servizo de Limpeza, con data 26/07/2005, no que indican que a limpeza das praias foi realizada pola concesionaria Fomento de Construcciones y Contratas e pola empresa Tragsa.*

*Evacúase trámite de audiencia á empresa Tragsa, que formula alegacións en data 10/08/2005.*

*Evacúase trámite de audiencia á concesionaria FCC, que formula alegacións con data 11/08/2005.*

*Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 25/08/2005, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa producto de forza maior.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos mesmos. No entanto, segundo consta no Parte do servizo, o Sr. Pereira persoouse nas dependencias da Policía Local para denunciar os feitos unha vez ocorridos os mesmos, polo que os axentes que informan non os presenciaron e non poden dar fe da veracidade da denuncia nin dos danos padecidos polo Sr. Pereira, pois este non portaba a roupa supostamente manchada de fuel. Dos diferentes informes solicitados, tanto ó Servizo de Limpeza como ás empresas encargadas da limpeza da praia, despréndense a realidade dun verquido na ría que provocou a aparición de manchas de gasoil na praia da Punta, tal e como manifesta o reclamante, no entanto, ninguén ten constancia dos supostos danos na roupa do Sr. Pereira e a súa familia. O Sr. Pereira, como medios de proba, limitábase a achegar unhas facturas de roupa de data posterior ó suposto accidente, que non acreditan en modo ningún o suposto dano padecido, polo que falla o requisito esencial esixido pola lei para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial da Administración: a existencia dun dano avaliábel economicamente.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por D. José Carlos Pereira Alonso por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados os danos reclamados”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**45(704).- RECLAMACIÓN DE D. JORGE ABOY GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 290/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“D. Jorge Aboy García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de agosto de 2004, no que expón que o día 9 de agosto de 2004, o vehículo de súa propiedade, matrícula M-1987-PF, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites*

*:*

*Informe da empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, con data 13/09/2004, no que comunican non facerse cargo dos danos reclamados ó xa existiren estes antes de engancharen o vehículo.*

*Parte do servizo da Policía Local, con data 13/01/2005, indicando que o vehículo retirado xa presentaba danos antes de que o guindastre o enganchase, aínda que descoñeza se o devandito vehículo sufriu máis percances durante o seu traslado ó depósito.*

*Informe do Parque Móbil, de 20/01/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 4000158 de Talleres José Bouzas Soto, presentada polo reclamante, por un importe de 117,26 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*

*Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, con data 08/02/2005, que non formula alegacións.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa producto de forza maior.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública por se tiveran constancia dos feitos, a cal achega as fotos efectuadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre, nas que se aprecia que este presentaba diversos golpes na carrocería.*

*O Sr. Aboy como medios de prueba achega unicamente unha factura de reparación do seu vehículo emitida por un taller mecánico. A mesma proba unicamente que o seu vehículo presentaba nesa data determinados danos, pero non determina a causa dos mesmos nin o lugar onde se produciron, polo que non é posíbel establecer a súa conexión causal co funcionamento de ningún servizo público desta Administración.. Ademais, segundo as citadas fotografías estos xa os tiña antes da súa retirada da vía pública, e se algún dos danos reclamados produciuse con motivo da súa manipulación para ser enganchado ó guindastre e trasladado ó depósito municipal, o reclamante debeu facer constar esta circunstancia na folla de autoliquidación da taxa pola inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos, no apartado correspondente a observacións, polo que a xuízo da informante, non resulta probada a relación de causalidade entre os danos reclamados e o funcionamento do servizo público municipal de retirada, custodia e depósito de vehículos.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por D. Jorge Aboy García por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia relación de causalidade entre os mesmos e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**46(705).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> IRENE GONZÁLEZ DE ARAUJO LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 291/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“Dna. Irene González de Araújo López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de agosto de 2004, no que expón que o día 9 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola rúa Areal, á altura do número 18, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose unha serie de danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, de data 10/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoado no lugar dos feitos, a Sra. González relátalles o accidente que tivera a noite anterior; así mesmo, comprobán a existencia de catro baldosas soltas no lugar.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/11/2004, no que manifestan que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

*Práctica de proba testifical, en data 27/01/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. González.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 28 de febreiro de 2005, que cuantifica os mesmos en 542,78 euros.*

*Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 11/03/2005, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, senón perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito. Así se aprecia nas fotografías que constan no*



*expediente e se desprende tanto do informe do Servizo de Vías e Obras que manifesta que “a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida” como das declaracións das testemuñas presenciais dos feitos un das cales manifesta, ó ser preguntada polo instructor acerca de si había defectos na rúa e a que distancia podían apreciarse, “Unas losetas que faltaban en la acera que eran visibles, si bien de noche no se apreciaban” e a outra que “Unas losetas que estaban mal, si vas mirando para el suelo las ves, si vas mirando para adelante no”. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, e unha persoa xove, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que é regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulaci3n, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administraci3n cando é crebada, podemos concluír que a responsabilidade da administraci3n, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que co seu defectuoso control da propia deambulaci3n, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público local.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribuci3ns que lle confire a lexislaci3n vixente, a adopci3n do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamaci3n de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Irene González de Araújo López por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**47(706).- RECLAMACI3N DE D<sup>a</sup> CONCEPCI3N GONZALEZ PAZ3 EN REPRESENTACI3N DE D<sup>a</sup> CAROLINA VÁZQUEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADA. EXPTE. 299/243.**

Examinadas as actuaci3ns do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“Dna. Concepci3n González Paz3 presenta reclamaci3n de responsabilidade patrimonial, en nome e representaci3n da súa filla menor de idade Carolina Vázquez González, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de agosto de 2004, polos danos sufridos por esta o día 16 de xuño do mesmo ano, nunha piscina de Samil, á que faltaban valos.*

*A reclamaci3n sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 08/09/2004, no que indican que dos posíbeis danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservaci3n e reposici3n de zonas verdes.*

*Informe da concesionaria Cepsa, con data 04/10/2004.*

*Ditame estimatorio para valoraci3n de danos corporais da asesoría médica do Concello, no que o Dr. Guillén manifesta que non existe relaci3n entre a ferida sufrida e o informe médico relativo á reclamaci3n efectuada.*

*Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria Cespa, con data 03/08/2005, que non formula alegaci3ns.*

*Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 31/08/2005, que non formula alegaci3ns.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constituci3n Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administraci3ns públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade*

*patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña o instrutor dirixiuse á empresa encargada do mantemento das instalacións de Samil solicitando informe sobre os feitos, no que manifesta que existe un socorrista titulado encargado da seguridade na piscina, non tendo coñecemento do presunto accidente. A Sra. González, como medios de proba, limitáase a achegar dous informes médicos un de data anterior ó presunto accidente no que se informa de que Dna. Carolina Vázquez González acode por unha ferida nun pé ó Centro de Atención Primaria de Coia e realízase unha cura e outro do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Xeral - Cíes no que lle diagnostican síndrome febril (que non ten relación ningunha co presunto accidente sufrido), informes que non acreditan os danos reclamados, polo que falla o requisito esencial esixido pola lei para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial da Administración: a existencia dun dano avaliábel economicamente. Ademais, aínda que désemos por probados os danos, estes informes acreditan que a Sra. Vázquez sufriu determinados danos, pero non que estes tivesen a súa orixe nun accidente na piscina municipal de Samil e, polo tanto, a súa conexión causal co funcionamento do servizo público local.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Concepción González Pazó en nome e representación de Carolina Vázquez González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probada a existencia dun dano avaliábel economicamente, tal e como existe o artigo 139 da Lei 30/1992 para que entre en xogo a responsabilidade desta Administración ”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **48(707).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MARÍA NIEVES IGLESIAS MÉNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 258/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 30-05-06:

*“Dna. María Nieves Iglesias Méndez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xullo de 2004, no que expón que o día 6 de xullo de 2004, camiñando pola avenida de Europa, xunto á rotonda de Bouzas, tivo unha caída por mor dunha baldosa levantada, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, con data 06/07/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Iglesias relátalles a caída que tivera sendo logo trasladada a un centro médico; así mesmo comprobán a existencia da baldosa defectuosa e retirana para evitar outros accidentes.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, con data 11/11/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.552,89 euros.*

*Comparecencia persoal da Sra. Iglesias, que presenta uns antellos rotos.*

*Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 05/08/2005, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar*

os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos mesmos. No entanto, segundo consta no Parte do servizo á chegada dos axentes ó lugar dos feitos a caída xa tiña acontecido e limitábase a recoller o relato dos feitos realizado pola Sra. Iglesias, mais, dado que non os presenciaron, só poden dar fe da existencia dunha louseta rota no lugar e dos danos da reclamante, pero non da causa da caída. A Sra. Iglesias como medios de proba limitábase a achegar informes médicos das súas lesións e unha factura dunhas lentes supostamente rotas por mor do accidente, polo que cos datos obrantes no expediente non é posíbel vincular os danos padecidos pola reclamante ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Nieves Iglesias Méndez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**49(708).- RECLAMACIÓN DE D. JAVIER PÉREZ YAÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 183/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 16-05-06:

“D. Javier Pérez Yáñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de maio de 2004, no que expón que o día 09 de maio de 2004, ó circular coa súa motocicleta, matrícula C-4064-BMV, polo rúa Toledo, entre as rúas Urzáiz e Jenaro de la Fuente, esvarou pola presenza dunha mancha de gasolina na vía, producíndose danos materiais tanto no seu vehículo como na súa vestimenta.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, con data 09/05/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pérez relátalles o accidente que tivera; así mesmo comprobán a existencia dunha mancha na vía – supostamente gasolina – e dos danos no vehículo e na roupa do reclamante.

Informe do servizo de Limpeza, de 24/11/2004, manifestando, tras comprobar os partes de traballos destas datas, non teren constancia dos feitos mencionados na reclamación.

Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000269 de Moto Pasión, presentado polo reclamante, por un importe de 491,63 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.

Práctica de proba testifical, en data 08/02/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Pérez.

Informe do servizo de Limpeza, de data 17/02/2005, no que manifestan que se realiza o varrido e baldeo das beirarrúas diariamente, aínda que as bocas de rega da zona non son suficientes para realizar o baldeo de toda a rúa (só do tramo máis próximo a Urzáiz) e que este non se realizara o día anterior debido ás restricións impostas pola falta de auga.

Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 28/02/2005, que non formula alegacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*No presente caso, do Parte do servizo da Policía Local dedúcese que o accidente debeuse a existencia dunha mancha de gasolina na calzada. Dado que o Servizo de Limpeza do Concello manifesta que na vía onde ocorreu o accidente “se realiza o varrido e baldeo das beirarrúas diariamente, aínda que as bocas de rega da zona non son suficientes para realizar o baldeo de toda a rúa (só do tramo máis próximo a Urzáiz) e que este non se realizara o día anterior debido ás restricións impostas pola falta de auga”, e que non é posíbel determinar o momento exacto no que se produciu o verquido de gasolina na calzada, posto que este non foi detectado polos servizos de vixilancia municipais con anterioridade ó accidente, podemos concluír que os danos poden vincularse ó funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder dos mesmos.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Javier Pérez Yáñez, indemnizándolle na contía de 491,63 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**50(709).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS EDUARDO PRIETO BRAVO EN REPRESENTACIÓN DE D. MARIO PRIETO SALÉS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 249/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 22-05-06:

*“Don Carlos Eduardo Prieto Bravo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación do seu fillo menor de idade Mario Prieto Sanlés, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de xuño de 2004, no que expón que o día 20 de maio de 2004, Mario Prieto tivo unha caída nunha praza pública da rúa Zamora, por mor dunhas lousas soltas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/09/2004, no que manifestan que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

*Informe do servizo da Policía Local, de data 29/12/2004, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.936,60 euros.*

*Informe do Inventario municipal, con data 19/04/2005, indicando que o lugar do accidente consta de alta na listaxe de actualización e rectificación do Inventario municipal de bens e propiedades municipais.*

*Informe do servizo de Vías e Obras, con data 30/08/2005, indicando que a zona onde ocorreu o accidente xa fora reparada na data do informe.*

*Práctica de proba testifical, con data 20/09/2005, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Prieto.*

*Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 23/09/2005, que non formula alegacións.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avalíabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o*

recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase das probas practicadas durante a instrución do expediente o deficiente estado da praza onde aconteceu a caída, pois había varias lousetas levantadas, que se ben non era un defecto oculto e podía verse a certa distancia (así o constatan tanto o Servizo de Vías e Obras como a testemuña), o accidentado é un neno de corta idade, o que podería dificultar a súa apreciación do obstáculo. Dado que as lousetas en mal estado foron a causa eficiente dos danos sufridos polo Sr. Prieto, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Carlos Eduardo Prieto Bravo, en nome e representación de D. Mario Prieto Sanlés, e indemnizálo na contía de 1.936,60 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**51(710).- RECLAMACIÓN DE D. MATÍAS MOVILLA GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DE D. VÍCTOR RUÍZ PINDADO E OUTROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 273/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 24-05-06:

“D. Matías Movilla García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Víctor Ruiz Pindado, D. Marcos Fernández Parceró, Dña. María Belén García Garrido, D. Camilo Cid Domarco e Dña. Gloria Vázquez Nogueiras, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xullo de 2004, polos danos e perdas sufridos polos reclamantes con motivo dun accidente acaecido o día 14 de outubro de 1998, no recinto ferial “José Nogueira Dalmas”, cando o señor Fernández Parceró, (traballador da empresa PROSEGA S.A., contratada polo Excmo. Concello de Vigo para a custodia das instalacións), solicitou a axuda do Sr. Ruiz e de D. Alberto Palmeiro Solla e D. José Carlos Cid Vázquez, (empregados da mercantil Vigilancia e Instalaciones de Seguridad y Alarma S.A, contratada a súa vez pola empresa Planner Procentha S.L., que realizaba unha feira no devandito recinto, para a vixilancia, protección e custodia dos bens da mesma, dende o día 6 ata o día 22 de outubro de 2004), para pechar un portón de acceso o recinto e ó realizar a operación este caeulle enriba, causando danos de carácter físico ós Sres. Ruíz, Palmeiro e Fernández e o falecemento do Sr. Cid Vázquez.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio, de data 22/10/2004, polo que se inadmite a reclamación, ó considerarse unha solicitude extemporánea.

Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio, de data 17/12/2004 estimando o recurso de reposición, formulado polo reclamante con data 09/12/2004 contra o Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio, de data 22/10/2004.

*Informe da Asesoría Xurídica, con data 24/06/2005.*

*Evacúase trámite de audiencia á empresa Prosega, empresa contratada para a custodia das instalacións do recinto ferial, que formula alegacións con data 05/08/2005.*

*Evacúase trámite de audiencia á compañía aseguradora Zurich España, coa que o Excmo. Concello de Vigo tiña concertado na data do accidente seguro de responsabilidade civil, en data 07/12/2005, que non formula alegacións.*

*Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 20/12/2005.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica a indemnización correspondente a cada un dos reclamantes nas seguintes contías:*

- *D. Víctor Ruiz Pindado: 50.313,20 euros;*
- *D. Marcos Fernández Parcerero: 12.741,46 euros;*
- *Dna. María Belén García Garrido, viúva de D. José Carlos Cid Vázquez: 99.305,84 euros;*
- *D. Camilo Cid Domarco e Dna. Gloria Vázquez Nogueiras, pais de D. José Carlos Cid Vázquez: 15.046,32 euros.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.  
Que non sexa produto de forza maior.*

*A doutrina xurisprudencial elaborada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo establece que a responsabilidade patrimonial da Administración configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, na que é indiferente que a actuación administrativa teña sido normal ou anormal, bastando para declarala que, como consecuencia directa daquela, téñase producido un dano efectivo, avaliabel economicamente e individualizado (entre outras, SSTS de 28 de febreiro e 1 de abril de 1995, de 22 de xuño de 1999). Así mesmo, en STS de 24 de outubro de 2000 recorda, con cita das de 26 de febreiro e 2 de abril de 1985, que “para apreciar a responsabilidade obxectiva, non se require outro requisito que a relación de causalidade entre o acto e o dano, prescindindo en absoluto da licitude ou ilicitude da actuación da Administración autora do dano, sempre que a actuación lícita ou ilícita da Administración se produza dentro das súas funcións propias”. Segundo esta doutrina ó establecer o ordenamento unha responsabilidade de carácter obxectivo, posto que, admite como presuposto tanto o funcionamento normal como o normal da actividade administrativa, non é preciso que concorran factores subxectivos de culpabilidade. O título de atribución concorre, así, cando se aprecia que o suxeito prexudicado non tiña o deber xurídico de soportar o dano. A Lei 30/1992 plasma normativamente este requisito ó establecer no seu artigo 141.1 que “Só serán indemnizábeis as lesións producidas ó particular provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei [...]”.*



Da instrución practicada dedúcese que concorren no presente caso todos os requisitos esixidos legalmente para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial desta Administración. Así, consta no expediente unha copia da sentenza dictada en Xuízo de Fallas nº 2.532/2002, que establece como feitos probados que cando os Sres. Fernández Parcerero, Ruíz Pindado, Palmeiro Solla e Cid Vázquez intentaron pechar un dos portóns de acceso ó recinto ferial “José Nogueira Dalmas”, desprazándoo sobre a guía do raíl, este caeu enriba, causando danos de carácter físico ós Sres. Ruíz, Palmeiro e Fernández e o falecemento do Sr. Cid Vázquez, e que, tras o suceso, detectouse que a estrutura soporte da roda-guía superior de plástico máis próximo á jamba do oco de entrada estaba xirada cara ó interior do recinto ferial debido á rotura dun dos vástagos roscados empotrados no formigón, que o devandito vástago estaba roto e flexionado tamén cara ó interior do recinto e a súa sección de rotura, a nivel da zona de aprete da torca, presentaba un avanzado estado de oxidación en toda a súa superficie, e que así mesmo a guía inferior tamén presentaba certo grado de oxidación e carecía de tope de apertura do portón e a base na que se atopaba incrustada, no extremo oposto ó oco da porta, atopábase resquebrada. Tamén se constata o deficiente mantemento do portón por parte desta Administración.

Dado que son indubitados tanto os danos físicos e morais padecidos polos Sres. D. Víctor Ruiz Pindado, D. Marcos Fernández Parcerero, como os morais sufridos por Dna. María Belén García Garrido, D. Camilo Cid Domarco e Dna. Gloria Vázquez Nogueiras, esposa e pais de D. José Carlos Cid Vázquez respectivamente, con ocasión do accidente sufrido polos Sres. Ruíz, Fernández e Cid Vázquez nas instalacións do recinto ferial de Cotogrande, e que o mesmo se debeu ó mal estado das instalacións, cuxo mantemento correspondíalle naquela data á Administración municipal, a informante conclúe que existe un claro nexos causal entre o accidente e o anormal funcionamento do servizo público local e que esta Administración deberá responder dos danos causados ós reclamantes.

Na data do accidente, o Excmo. Concello de Vigo tiña concertado un seguro de responsabilidade civil coa compañía aseguradora Zurich España (póliza 970846659-5, cuxo ámbito de vixencia é dende o 01/04/98 até o 32/03/99), cun límite de indemnización por sinistro de 150.000.000 pesetas (901.518,156 euros) e cunha franquicia a cargo do tomador do seguro de 100.000 pesetas (601,01euros). A suma das indemnizacións correspondentes a todos os reclamantes ascende a 177.406,82 euros, cantidade inferior ó limite de indemnización por sinistro, polo que este está cuberto pola póliza, debendo aboar a compañía aseguradora o importe da indemnización de cada un dos reclamantes, con exclusión do importe da franquía, cuxo aboamento correspóndelle ó Concello, en calidade de tomador do seguro.

En virtude do exposto, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Matías Movilla García en nome e representación de D. Víctor Ruiz Pindado, D. Marcos Fernández Parcerero, Dna. María Belén García Garrido, D. Camilo Cid Domarco e Dna. Gloria Vázquez Nogueiras, e indemnizalos, en concepto de danos e perdas polo accidente sufrido en data 14 de outubro de 1998 nas seguintes contías:

- A D. Víctor Ruiz Pindado: 50.313,20 euros;
- A D. Marcos Fernández Parcerero: 12.741,46 euros;
- A Dna. María Belén García Garrido: 99.305,84 euros;
- A D. Camilo Cid Domarco e Dña. Gloria Vázquez Nogueiras,: 15.046,32 euros.

2º.- Comunicar o presente acordo a Zurich España, para que proceda ó aboamento das cantidades consignadas no apartado anterior, con exclusión do importe da franquía (601,01 euros), con respecto a cada un dos reclamantes.

3º.- Dar traslado do presente á Intervención Xeral deste Concello para que proceda o aboamento de 601,01 euros a cada un dos reclamantes”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**52(711).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR OTERO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 209/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 29-05-06:

*“Dna. María del Pilar Otero Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de decembro de 2001, no que expón que o día 23 de xaneiro de 2001, mentres camiñaba pola rúa Redondela, á altura do cruce coa rúa Soutomaior, sufriu unha caída por mor dunha focha sen sinalizar existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/06/2001, manifestando que, pola cor das lousas, parece ser que a beirarrúa fora reparada recentemente, descoñecendo este servizo a identidade da empresa ou persoas que realizaron a devandita reparación.*

*Informe do servizo de Circulación viaria, de data 29/11/2004.*

*Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.091,16 euros.*

*Informe do servizo da Policía Local, con data 23/08/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*

*Práctica de proba testifical, con data 04/10/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Otero.*

*Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 28/10/2005.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa producto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, segundo se aprecia nas fotografías obrantes no expediente. Se ademais temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impidisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal. No entanto, segundo as testemuñas presenciais dos feitos, no momento da caída era de noite e facía temporal, o que dificultaba a percepción do devandito obstáculo. Á vista destas circunstancias procedería apreciar una concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración.

A Sra. Otero solicita una indemnización de 822.000 pesetas (4.940,32 euros) polos 137 días que tardou en sanar das súas lesións, á razón de 6.000 ptas. (36,06 euros) ó día; 923 pesetas (5,55 euros) por gastos farmacéuticos; 1.150 pesetas (6,91 euros) por gastos de taxi; 2.000 pesetas (12,02 euros) por un paraugas que supostamente rachou por mor do accidente e 70.000 pesetas (420,71 euros) pagadas en concepto de axuda doméstica a Dna. Cristina Rodríguez. No entanto, no expediente non consta acreditada a rotura do paraugas, polo que non procede o seu aboamento, nin o das facturas de taxi, pois non se especifica nas mesmas para quen se presta o servizo nin o traxecto realizado, así como tampouco procede aboar os gastos de asistencia dunha terceira persoa, pois as súas lesións non se atopan entre os supostos nos que a lei prevé esta asistencia, concepto que se estima cuberto pola indemnización correspondente de danos e perdas; ademais, a Sra. Rodríguez testificou no trámite da proba testifical só ter recibido da Sra. Otero 30.000 pesetas (180,30 euros). Respecto á valoración económica realizada dos 137 días, tanto no infome médico realizado polo Dr. Romero Amich presentado pola reclamante como no solicitado polo instructor á asesoría médica do Concello só se consideran días impeditivos os 60 primeiros, polos que lle corresponde unha indemnización de 2.748,81 euros (45,81 euros/día), sendo non impeditivos os 77 días restantes, que se valoran en 1.899,72 euros (24,67 euros/día), o que fai un total de 4.648,73 euros por este concepto, dos que esta Administración deberá aboarlle o cincuenta por cento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Pilar Otero Fernández, e indemnizála na contía de 2.324,65 euros polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída na vía pública”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**53(712).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 137/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 29-05-06:

*“Don Manuel Rodríguez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de abril de 2004, no que expón que o día 31 de outubro de 2003 o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-8360-BS, foi atinxido por un colector de lixo desprazado polo vento, mentres estaba estacionado na rúa Couto de San Honorato, causándolle danos de carácter material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, con data 31/10/2003, no que os axentes actuantes, persoados no lugar dos feitos, comprobaban como había máis dun colector desprazado, posibelmente por mor dos fortes ventos que houbera pola mañá dese día; así mesmo comprobaban a existencia dos danos no vehículo do Sr. González*

*Informe do servizo de Limpeza, de 15/06/2004, manifestando que o colector é de propiedade do Concello de Vigo e que non teñen constancia dos feitos reclamados, nin de que houbese unha mala manipulación dos colectores por parte da empresa encargada da recollida de lixo.*

*Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, que efectúa alegacións con data 09/07/2004.*

*Evacúase trámite de audiencia á empresa Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de recollida de lixo, que efectúa alegacións con data 28/07/2004.*

*Informe do Parque Móbil, de 27/09/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº A1236/03 de Talleres Castiñeiras, presentada polo reclamante, por un importe de 81,65 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*

*Práctica de proba testifical, en data 03/05/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Rodríguez.*

*Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 12/05/2006, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa producto de forza maior.*

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto queda acreditado no expediente que a causa eficiente dos danos ó vehículo do Sr. Rodríguez foi o golpe atinxido por un colector de residuos sólidos que se desprazara por mor do vento reinante ese día, apreciándose un claro nexo de causalidade entre os danos e o funcionamento do servizo público local, polo que esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Rodríguez González, e indemnizálo coa cantidade de 81,65 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**54(713).- RECLAMACIÓN DE D. EUGENIO DEL RÍO IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 13925/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta de seguinte informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio de data 29-05-06:

“D. Eugenio del Río Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de febreiro de 2001, no que expón que o día 20 de outubro de 2000 sufriu unha caída no camiño de Roade (Bouzas), por mor dunha focha de metro e medio de profundidade que se atopaba oculta tras a vexetación, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/04/2001.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 19/06/2001, sobre o lugar onde ocorreu o accidente.
- Resolución da alcaldía, con data 17/07/2001, pola que se inadmite a reclamación por canto a posíbel responsabilidade non compete ó Concello. A dita resolución foi notificada ó reclamante o 06/08/2001.
- Recurso de Reposición interposto polo Sr. del Río con data 04/09/2001.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 16/10/2001.
- Resolución da alcaldía, con data 31/10/2001, pola que se desestima o recurso de reposición formulado. A dita resolución foi notificada ó recorrente o 08/11/2001.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 02/01/03, que cuantifica os mesmos en 12.226,85 euros.
- Sentenza nº 692/05 da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data 07/09/2005, que anula a resolución da alcaldía de 17/07/2001, declarando procedente a retroacción de actuacións ó momento inmediato anterior ó dictado pola mesma.

- *Práctica de proba testifical, con data 09/03/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. del Río.*
  - *Comparecencia persoal do Sr. del Río a esta unidade, con data 09/03/2006, pola que achega un informe da Xerencia de Urbanismo, referido ó lugar onde ocorreu o accidente.*
  - *Dilixencia do Director adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo, con data 13/03/2006.*
  - *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 23/03/2006, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia á aseguradora Mussini, en data 10/05/2006, que non formula alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Constátase na instrución practicada que a caída do Sr. Del Río veu motivada pola existencia dun rexistro sen tapa dunha profundidade de 70 cm., segundo informa o Servizo de Vías e Obras, que non era visíbel, pois atopábase en medio dunha zona de vexetación, como se desprende das fotografías achegadas ó expediente e da proba testifical practicada. Consonte a oficina de Xestión e planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo a parcela onde se atopa o rexistro foi cedida ó Concello de Vigo para paseo marítimo e zonas verdes no ámbito do Proxecto de compensación da UE II-14 Roade, así que esta Administración era a responsábel do mantemento do mesmo, polo que os danos sufridos polo Sr. Del Río poden vincularse ó funcionamento do servizo público local, e esta Administración deberá responder dos mesmos.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Eugenio del Río Iglesias, e indemnizálo coa cantidade de 12. 226,85 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**55(714).- ASISTENCIAS TÉCNICAS PARA A DIRECCIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 1300/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta do técnico de Admon. Xeral - xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos do 24-05-06, intervido e conformado polo interventor xeral en data 08-06-06.

*“Trátase o presente expediente do cumio dos procedementos internos municipais dende que no mes de marzo do 2000 outorgárase o primeiro dos convenios de colaboración entre as tres Administracións Públicas –Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia e Concello- que tiñan competencias concorrentes sobre a parcela, sita na Avda. de Beiramar, coñecida como “Casa Mar” para a implantación na mesma do Auditorio – Pazo de Congressos de Vigo, en virtude do que o Concello adquiriu os dereitos concesionais que sobre a mesma tiña o denominado grupo de extraballadores da “Casa Mar”, a Xunta licitou o correspondente concurso de proxectos e prestou grande apoio financeiro para a execución do proxecto e adquisición en propiedade da parcela polo Concello e a Autoridade Portuaria facilitou a transmisión dos terreos.*

*Unha vez obtidos, o Concello tramitou o correspondente expediente de contratación para a adxudicación dun Contrato de Concesión de Obra Pública para a construción e explotación dun Auditorio–Pazo de Congressos con instalacións complementarias de explotación comercial sobre a parcela e no subsolo da r/Jacinto Benavente que culminou coa formalización do correspondente contrato o pasado día 2 de mayo de 2006 coa entidade gañadora do concurso, Pazo de Congressos de Vigo,SA.*

*O contrato ten o seu fundamento legal no Art. 210,b) do TRLCAP por canto a UTE Cesar Portela – IDOM foron os gañadores do concurso convocado pola CPTOPV da Xunta de Galicia e, en consecuencia, é a lexítima adxudicataria dos dereitos exclusivos da redacción dos proxectos constructivos da obra pública e da súa dirección facultativa, polo que o procedemento utilizado e o Negociado sen publicidade xa “que por razóns técnicas relacionadas coa protección dos dereitos exclusivos ó obxecto do contrato tan só se lle pode encomendar á citada UTE”. E así é recoñecido nos pregos reguladores do concurso da concesión da obra pública entroutras nas cláusulas 3.2; 11.2; 32.4; 57 e 58, nas que se establecen, a diferenza entre a encomenda da elaboración dos proxectos que lle corresponde ó adxudicatario do concurso e a encomenda da dirección facultativa da execución das obras que lle corresponde ó Concello, o desglose da cantidade que corresponde aboar ó Concello en concepto de honorarios pola dirección facultativa das aportacións das Administracións Públicas ó adxudicatario.*

*Por iso unha vez formalizados os correspondentes contratos entre o Concello e Pazo de Congressos de Vigo SA, e entre esta e a UTE César Portela Fernández Jardón, IDOM Ingeniería y Consultoría,SA en cumprimento das obrigas establecidas no PCAP iniciáronse conversas coa citada UTE para o establecemento dos termos do*

*contrato de consultoría e asistencia técnica e o prego de condicións económico – técnico – administrativas particulares regulador do mesmo nos aspectos puntuais xa que os fundamentais como son o obxecto, o prezo e as funcións xa viñan determinadas na documentación técnico – administrativa do Concurso do Contrato de Concesión da Obra Pública, suliñando, o meu xuízo, destacar que o prezo é o fixado na cláusula 11.2 do PCAP, é dicir, o de dous millóns trescentos trinta e nove mil setecentos vinte euros, IVE incluído, (2.339.720 € ) e que o prazo estimado da súa duración é o de 36 meses coincidente co previsto para a total execución da obra pública e que malia superar o prazo de dous anos previsto co carácter xeral para esta categoría de contratos administrativos e permitido polo Art. 198.2 do TRLCAP por ser complementario do contrato de obras da construción do Auditorio – Pazo de Congresos e non superar a súa duración.*

*No contido de diversas Cláusulas do PCAP regulador do Concurso da execución da obra pública establécese, como non podería ser doutra forma, a comparecencia dun técnico municipal para a formalización das Actas (a de comprobación do replanteo do proxecto de execución, de comprobación das obras, das incidencias, conformar as facturas, etc.) sendo necesaria a súa intervención no momento de informar, previamente á aprobación polo Órgano de contratación, os proxectos básico e de execución, e, por suposto para poder dirimir as diverxencias que poideran xurdir entre a sociedade concesionaria e a Dirección Facultativa e o propio Concello xa que será necesaria a intervención de diferentes Áreas, entroutras Tráfico, Vías e Obras, Xerencia de Urbanismo,, polo que é absolutamente imprescindible a designación polo Órgano de contratación dun técnico municipal – Arquitecto Superior como Coordinador municipal o que se lle facilitaría a asistencia ás reunións que fosen convocadas pola Dirección Facultativa. A título meramente informativo no longo proceso administrativo levado a cabo para a implantación do Auditorio – Pazo de Congresos dous foron os Arquitectos municipais que interviron, D<sup>a</sup> María Luisa Sobrino e D Juan Luis Piñeiro, a primeira na emisión dos informes do Anteprojecto de Construción e no proxecto de demolición das edificacións asistentes e o segundo no informe das proposicións presentadas ó Concurso.”*

Seguidamente o técnico de Admon. Xeral, xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, fai a proposta contida na parte dispositiva do presente acordo agás o que se refire ó punto catro.

No expediente figura así mesmo o informe do letrado-asesor da Asesoría Xurídica do 07-06-06.

A Xunta de Goberno Local acorda prestar a súa conformidade á precedente proposta, agás no referente á designación do representante técnico municipal para a coordinación dos traballos que corresponde designar ó órgano de contratación, que será a persoa que designe, por delegación da Xunta de Goberno Local, a Alcaldía.

**Acordo:**

Primero.- Aprobar os termos do Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica para a dirección facultativa da execución das obras da construción do Auditorio–Pazo de Congresos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial e o seu Prego anexo de cláusulas económico – técnico – administrativas particulares redactado polo Xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos do Concello.

Segundo.- Requirir a UTE Cesar Portela Fernandez Jardón, IDOM Ingeniería y Consultoría,SA para que proceda a cumprir e acreditar os documentos esixidos no prego previos a formalización do contrato coa finalidade de que sexa verificada a mesma pola Mesa de contratación do Concello.



Terceiro.- Unha vez verificados os documentos pola Mesa de contratación, autorizar a súa formalización en documento administrativo.

Cuarto.- Que por Resolución da Alcaldía, por delegación desta Xunta de Goberno Local, se designe ó arquitecto superior coordinador municipal entre o Concello, a Dirección Facultativa e Pazo de Congresos SA coas funcións previstas nos pregos reguladores do Concurso para a adxudicación do Contrato de concesión da Obra Pública.

*CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN FACULTATIVA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E AS SÚAS ZONAS COMPLEMENTARIAS DE EXPLOTACIÓN COMERCIAL SOBRE A PARCELA DENOMINADA “CASA MAR” DA AVENIDA BEIRAMAR DE VIGO E NO SUBSOLO DA RÚA JACINTO BENAVENTE*

*Na cidade de Vigo, a..... de .....2006*

*REUNIDOS:*

*D.ª CORINA PORRO MARTÍNEZ, Alcaldesa-Presidenta do EXCMO.CONCELLO DE VIGO; en nome e representación do mesmo, en exercizo das funcións que lle outorga o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*D. RAFAEL ESPINOSA AZOFRA, con DNI 16546835-Z, en nome e representación de CESAR PORTELA PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN IDOM INGENIERÍA E CONSULTORÍA, S.A., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/82, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais (“PORTELA-IDOM UTE”) en virtude de poder concedido pola UTE ao seu favor en escritura pública do 21 de decembro de 2000, autorizada polo Notario do Ilustre Colexio da Coruña D. Manuel Perejil Cambón, co número 2.561 do seu protocolo.*

*Autoriza este documento D. MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en virtude do seu acordo do 5 de Xaneiro de 2004.*

*Recoñecéndose mutuamente a máis ampla capacidade esixiible en dereito para a formalización do presente documento, como antecedentes do mesmo,*

*EXPOÑEN*

*I.- O Concello de Vigo aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de xuño de 2005 o expediente de contratación do Contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación dun Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada “Casa Mar” da Avenida Beiramar de Vigo e no subsolo da rúa Jacinto Benavente.*

*As cláusulas 3.2 e 32.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares establecen que a dirección facultativa da obra pública corresponde ao Concello de Vigo quen procederá a formalizar o correspondente contrato de asistencia técnica para a súa realización con Portela-IDOM UTE, gañadora do concurso de ideas para a selección de anteproxectos de Auditorio-Pazo de Congresos, do 21 de setembro de 2001, en cuxa virtude adquiriu os dereitos á redacción do proxecto e á dirección facultativa do Auditorio-Pazo de Congresos.*

*II.- O Concello de Vigo adxudicou, por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de Marzo de 2006, o Contrato de concesión de obra pública do Auditorio-Pazo de Congresos á entidade Pazo de Congresos de Vigo,S.A., polo que de conformidade coa cláusula 32 do Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión de obra pública, a adxudicación do mesmo non só xustifica legalmente o outorgamento*

do presente Contrato de asistencia técnica para a dirección facultativa da obra adxudicada, senón que a súa formalización é unha das obrigas asumidas polo Concello como requisito previo ao comezo da execución da obra pública pola entidade adxudicataria de concurso convocado.

III.- Previamente, o Concello de Vigo aprobou, por acordo do 26 de xullo de 2004, o Convenio de colaboración económico financeiro entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Porto de Vigo, para a execución do proxecto de construción do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo no que se aportaban, en concepto de subvencións públicas para o financiamento das obras do Auditorio Pazo de Congresos a suma de 30.570.000 E, dos cales, 2.339.720 E, conforme establece a cláusula 57 en relación coa cláusula 11.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares do Contrato de concesión de obra pública aprobado, destínanse a aboar os honorarios da dirección facultativa.

IV.- Para rematar, o 28 de Abril de 2006, a entidade adxudicataria PAZO DE CONGRESOS DE VIGO,S.A., subscribiu con CESAR PORTELA PORTELA FERNÁNDEZ - JARDÓN IDOM INGENIERÍA E CONSULTORÍA, S.A., en cumprimento da cláusula 32 do Prego de condicións administrativas regulador do concurso o correspondente contrato de redacción de proxectos do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial e o 2 de Maio de 2006 formalizou co CONCELLO DE VIGO o correspondente Contrato de concesión de obra pública para a implantación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial.

Por iso, formalízase o presente Contrato de consultoría e asistencia por procedemento negociado sen publicidade, ao amparo do apartado b) do art. 210 do TRLCAP, con suxeición estrita ao contido da Cláusula 32.4 e concordantes, reguladoras da dirección facultativa da obra pública do Prego de condicións administrativas particulares de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1.- OBXECTO

1.1 O contratista deberá realizar a dirección facultativa do Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada "Casa Mar" da Avenida Beiramar de Vigo e no subsuelo da rúa Jacinto Benavente.

1.2 En particular, os seus servizos inclúen:

- a) O control e dirección das obras descritas no Proxecto Básico e no Proxecto de Execución do Auditorio-Pazo de Congresos, con fincapé nos aspectos técnicos, estéticos e urbanísticos, velando polo seguimento e solución dos problemas de interpretación ou execución que poidan presentarse ao longo do proceso.
- b) A dirección da execución das obras comprobando os replanteos das unidades constructivas, a calidade e características dos materiais, a correcta execución e disposición dos elementos constructivos e das instalacións, esixindo un estricto control xeométrico das unidades de obra, comprobando que os traballos se estean executando de acordo ao proxecto de execución e á normativa vixente (así mesmo, realizará o control económico da marcha das obras, elaborando as certificacións correspondentes).
- c) O mantemento do libro de ordes en que se farán constar as observacións que estime pertinentes a dirección facultativa ou as persoas por ela designada, mediante comunicación previa á sociedade concesionaria, momento a partir do cal presumirase o coñecemento total das devanditas observacións pola sociedade concesionaria: o libro contará de follas numeradas e seladas polo Concello e será aberto mediante dilixencia dun representante do mesmo.
- d) A sinatura do certificado fin de obra, sen o cal non se poderá realizar a acta de comprobación e autorización de posta en explotación.

1.3 A documentación técnica do Auditorio-Pazo de Congresos estará constituída por:

- a) O proxecto de demolición e de seguridade e saúde das edificacións existentes nas parcelas, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 14 de febreiro de 2005.

- b) *O proxecto básico que aprobe o Concello de Vigo.*
- c) *O proxecto de execución que aprobe o Concello de Vigo.*

1.4 *En particular non se entende comprendido no obxecto do Contrato nin, xa que logo, incluídos na súa retribución:*

- a) *A coordinación de seguridade e saúde.*
- b) *A redacción de planos de detalle ou planos finais de obra.*

## 2.- CONFORMIDAD CO PROXECTO

2.1 *- O Proxecto Básico e o Proxecto de Execución da obra pública, deberán ser redactados por Portela-IDOM UTE, de conformidade coa cláusula 32 do Prego de cláusulas administrativas particulares do Contrato de concesión de obra pública do Auditorio-Pazo de Congressos, aprobados polo Concello e aboados polo concesionario ao proxectista.*

2.2 *Os devanditos proxectos redactaranse con base na documentación técnica do Contrato de concesión de obra pública do Auditorio-Pazo de Congressos, constituída por: (i) o anteprojecto de construción e explotación; (ii) o Prego de prescriciones técnicas particulares; e (iii) a oferta do adxudicatario finalmente aprobada polo Concello.*

2.3 *O Contratista deberá prestar a súa conformidade ós devanditos proxectos, unha vez se proceda á súa redacción conforme ao previsto no parágrafo precedente e á documentación resultante da súa aprobación polo órgano de contratación, procedendo en devandito momento a subscribir os documentos correspondentes dos proxectos.*

## 3.- CONFORMIDAD CO PCETAP.

3.1 *O Contratista presta a súa conformidade ao Prego de cláusulas económico-técnico-administrativas particulares, polo que se rexerá o presente Contrato, que se incorpora como anexo.*

## 4.- PRAZOS

1.1 *O presente Contrato se perfecciona pola súa adxudicación, producirá efectos dende o momento en que se inicien as obras de execución do contrato de concesión de obra pública e rematará no momento da aprobación municipal da acta de Comprobación das obras. O prazo máximo previsto é o de 36 meses*

## 5.- PREZO

5.1 *O Concello de Vigo aboará ao Contratista o importe de 2.339.720 € IVA incluído, en concepto de honorarios pola dirección facultativa.*

5.2 *O Concello de Vigo procederá ao aboamento dos devanditos honorarios en proporción ao avance dos traballos, determinado por relación co orzamento da obra incluído na oferta do Concesionario seleccionada pola Administración, segundo o que resulte das certificacións mensuais da obra.*

## 6.- REVISIÓN DE PREZOS

6.1 *Non procede revisión de prezos. Exceptúase o caso de prórroga do Contrato ou de ampliación do seu contido, nese caso, se actualizará o prezo no IPC.*

## 7.- GARANTÍA DOS SERVIZOS

7.1 *O prazo de garantía dos servizos será dun ano a contar dende a acta de comprobación das obras, prevista na cláusula 45 do Prego de cláusulas administrativas particulares do Contrato de concesión de obra pública. Durante o devandito prazo a garantía definitiva respistarás dos conceptos sinalados no artigo 43 do TRLCAP.*

7.2 Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos dos servizos prestados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao Contratista a subsanación dos mesmos.

7.3 Rematado o prazo de garantía sen que a Administración teña formalizado algún dos reparos ou a denuncia a que se refire os apartados anteriores, o Contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 217, 218 e 219 do TRLCAP.

#### 8.- GARANTÍA DEFINITIVA

8.1 O Contratista constituíu unha garantía definitiva por importe do 4 por 100 do prezo do Contrato.

8.2 A garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o apartado 2 do artigo 43 do TRLCAP.

8.3 -Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data en que se notifique ao Contratista o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do Contrato resultante da modificación.

8.4 Se o Contrato se modifica conforme ao disposto no artigo 198 do TRLCAP, a garantía definitiva constituída inicialmente poderase aplicar ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustar a súa contía, agás que xunto coa prórroga se acorde a modificación do Contrato.

8.5 No caso de que a Administración outorgue un acta de comprobación parcial das obras, que autorice á apertura parcial das obras, conforme ao previsto na cláusula 44 do Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión de obra pública, o Contratista terá dereito á cancelación parcial da garantía definitiva, en proporción ao orzamento de obra obxecto da acta de comprobación parcial.

8.6 Aprobada a liquidación do Contrato e transcorrido o prazo de garantía dos servizos, dictarase acordo de cancelación da garantía definitiva.

8.7 Transcorrido un ano dende a data de terminación do Contrato sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao Contratista, procederase á cancelación da garantía, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 43.2 do TRLCAP e sen prexuízo do disposto no artigo 65.3 do RLCAP.

#### 9.- CARÁCTER COMPLEMENTARIO

9.1 O presente Contrato é complementario do Contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación dun Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada "Casa Mar" da Avenida Beiramar de Vigo e no subsolo da rúa Jacinto Benavente.

9.2 No entanto, o presente Contrato subsistirá en caso de resolución do Contrato de concesión de obra pública, sempre que a Administración decida a continuación da obra pública.

#### 10.- RÉXIME XURÍDICO

10.1 O presente Contrato ten carácter administrativo. As Partes quedan sometidas expresamente ao establecido no mesmo, no prego de cláusulas administrativas particulares e no seu correspondente prego de prescricións técnicas particulares.

10.2 Para o non previsto nos documentos anteriores, o Contrato rexerese pola lexislación básica do Estado en materia de Contratos das Administracións Públicas: Lei de Contratos das Administracións Públicas, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Supletoriamente, aplicaranse as normas estatais sobre contratos públicos que non teñan carácter básico, as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falla, as de dereito privado.

E EN PROBA DE CONFORMIDADE, as partes asinan o presente documento, por triplicado e a un só efecto, no lugar e datas sinalados no encabezamiento.

**56(715).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 2.06.2006 DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó ME DE MAIO DE 2006.**

Con data 2 de xuño de 2006 a Alcaldía resolveu de acordo coa seguinte proposta emitida pola xefa da Unidade de Persoal na mesma data:

*“Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercizo, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.*

*De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.*

*Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :*

<i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro</i>	<i>252,12 €</i>
<i>Cabo</i>	<i>266,97 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Turno</i>	<i>304,74 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Parque</i>	<i>328,95 €</i>
<i>Suboficial/Oficial</i>	<i>334,79 €</i>

*As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2005, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercizo 2006, previstos nas Leis de presupostos do Estado para o exercizo de 2006, respectivamente.*

*Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :*

*Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.*

*Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.*

*Por isto e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, a Xefa da Unidade de Persoal propón á alcaldía-presidencia, no exercizo das competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2005, a aprobación da seguinte*

**PROPOSTA:**

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles,*

correspondentes o mes de MAIO 2006, por un total de 31.518'92 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**57(716).- BASES E ORZAMENTO FONDO SOCIAL 2006. EXPTE. 16272/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 16-05-06 e o informe do técnico de Intervención de data 30.05.06 coa conformidade do interventor xeral,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a distribución do Fondo Social para o ano 2006, por un importe de 126.085,00 € (cento vinteseis mil oitenta e cinco euros) nas axudas socio-sanitarias e 54.838,00 € (cincuenta e catro mil oitocentos trinta e oito euros) para axudas co obxecto de facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ó persoal do cadro ou a súa familia, acordadas pola comisión do Fondo de Acción Social.

Segundo.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

**58(717).- INDEMNIZACIÓN POR DESPRAZAMENTOS NO TERMO MUNICIPAL POR RAZÓN.S DO SERVIZO, DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 16497/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 5.06.06 do técnico de Intervención coa conformidade do interventor xeral, e mailo informe-proposta da técnica de Relacións Humanas, de data 7.06.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Persoal,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto por un importe de 5901.65 €; correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes ao mes de abril dos Servizos de Educación, Benestar Social, Participación Cidadá, Cemiterios, Museo Municipal “Quiñones de León” e primeiro trimestre do ano 2006 do Servizo de Inspección de Tributos, con cargo a clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
3130	Bienestar Social	34,51
4220	Educación	642,58
4430	Cemeterios	152,57
4513	Cultura-Museo Castrelos	20,52
4631	Participación Cidadá	82,97

6110		4.968,50
	TOTAL	5.901,65

Segundo.- En relación aos expedientes de gastos de locomoción do Servizo de Vías e Obras, OSPIO, Patrimonio y contratación, Servizo de Mobilidade e Seguridade, Parque Central, Limpeza e Sanidade, dispoñer que pola Unidade de Persoal se proceda á súa devolución ás oficinas ou servizos de orixe, a efectos de que se proceda á súa debida xustificación nos termos previstos no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razón do servizo.”

**59(718).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 1840/407.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do seguinte informe do director dos Servizos Centrais de data 02-06-06, conformado polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo:

*“A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

*Sancións urbanísticas:*

1)	<i>Inversiones Carisán, S.L. (CIF B-18.681.031)</i>	<i>1.200,00 euros</i>
2)	<i>Fernando Soto Ignacio (NIF 36.104.615-C)</i>	<i>1.000,00 euros</i>
3)	<i>Fernando Soto Ignacio (NIF 36.104.615-C)</i>	<i>1.300,00 euros</i>
4)	<i>Rilope, S.L. (NIF B-36.865.236)</i>	<i>300,00 euros</i>
5)	<i>Colón 10, S.L. (CIF B-36.694.321)</i>	<i>300,00 euros</i>
6)	<i>Tomasa Mandado García (NIF 35.926.056-X)</i>	<i>300,00 euros</i>
7)	<i>Enrique Piñeiro Leirós (NIF 35.844.793-Y)</i>	<i>800,00 euros</i>
8)	<i>Amieiro, S.L. (CIF B-36.763.266)</i>	<i>1.200,00 euros</i>
9)	<i>Pedro Miragaya López (NIF32.394.892-J) e Ana Arriola Cid (NIF 36.024.732-Q)</i>	<i>700,00 euros</i>
10)	<i>Margarita Pazo Rodríguez (NIF 35.874.062-L)</i>	<i>300,00 euros</i>
11)	<i>María Pilar Sotelo Millán (NIF 35.910.344-F)</i>	<i>1.200,00 euros</i>
12)	<i>María Dolores Piñeiro García (NIF 35.545.933-P)</i>	<i>301,00 euros</i>
13)	<i>José Carlos Rodríguez Estévez (NIF 36.055.785-L)</i>	<i>500,00 euros</i>
14)	<i>Amadeo López López e Luis Méndez Fernández (CIF E-36.726.776)</i>	<i>450,00 euros</i>

15)	María Luisa Bastos Iglesias (NIF 36.085.294-L)	700,00 euros
16)	José Antonio Abadía Pérez (NIF 36.038.589-G)	300,00 euros
17)	Juan Carlos Villar Rouco (NIF 36.024.696-A)	400,00 euros
18)	José Carlos Nogueira Fernández (NIF 36.035.512-D)	400,00 euros
19)	Benilde Costas López (NIF 35.952.570-M)	750,00 euros
20)	Talleres Posada Vigo, S.L. (CIF B-36.772.754)	2.000,00 euros
21)	Eduardo Domínguez Castro (NIF 35.765.156-H)	400,00 euros
22)	Gestiones Urb. y de Negocios, S.L. (CIF B-36.785.152)	350,00 euros
23)	José Ramón Martínez Díaz (NIF 35.814.556-Z)	301,00 euros
24)	Ignacio Pardo Rodríguez (NIF 33.321.294-K)	700,00 euros
25)	Ignacio Muiños Ventín (NIF 36.002.945-X)	900,00 euros”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**60(719).- CESIÓN GRATUITA PARA O ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA DO FREIXO. ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 38612/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-05-06, que di o seguinte:

1º.- *En data 18/06/2003 D. Natalio Pérez Costas presentou un escrito no rexistro xeral do Concello no que solicitou o recoñecemento dunha superficie de 85 m2 ocupados de feito para o ensanche e mellora da estrada do Freixo. Engadiu nese escrito que en ningún caso consentiu a cesión gratuita do terreo.*

2º.- *No Concello tramitouse dita solicitude erróneamente. Tratándose dunha reclamación de dereitos reais, “acción reivindicatoria” dun ben supostamente usurpado pola Administración municipal, en lugar de tramitarse na oficina de “Patrimonio”, substanciouse na de “Vías de Obras” co tratamento de “cesión gratuita e voluntaria de terreos”.*

3º.- *No día 21/06/2004, previa emisión de informe técnico e xurídico, a Xunta de Goberno Local acordou aceptar a “cesión gratuita” do terreo, co simultáneo recoñecemento dos dereitos urbanísticos correspondentes sobre a finca matriz, condicionada á súa formalización en escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade.*

4º.- *24/09/2004 D. Natalio Pérez Costas interpuxo Recurso de Reposición contra o devandito Acordo da Xunta de Goberno Local. Motivou o seu recurso no feito de que na solicitude inicial que orixinou este procedemento en ningún caso recoñeceu a cesión gratuita do terreo en cuestión, senón que polo contrario manifestou a súa oposición, requirindo a correspondente compensación.*

*Solicitou no recurso a anulación do acordo impugnado e a tramitación do pertinente procedemento de indemnización polo valor dos bens ocupados, ou subsidiariamente no caso de que a ocupación tivese sido efectuada por outra Administración pública distinta da municipal a remisión a ela da solicitude.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*O recurso de reposición interposto por D. Natalio Pérez Costas contra o citado Acordo da Xunta de Goberno Local pode ser estimado. A doazón dun ben inmovible require sempre do consentimento do doante. Neste caso, resulta evidente que o recorrente no seu escrito inicial de data 18/06/2003 non manifestou o seu desexo de ceder gratuitamente ningún ben ao Concello, senón ao contrario, reclamou o recoñecemento da ocupación por vía de feito da finca en cuestión sen o seu consentimento.*

*Proponse polo tanto a rectificación de dito erro, coa conseguinte revogación do mentado Acordo da Xunta de Goberno Local e a remisión do expediente á oficina municipal de Patrimonio para que investigue as*



*circunstancias denunciadas polo recorrente, en especial a titularidade do terreo en cuestión, destiñado a vía pública.*

*É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto por D. Natalio Pérez Costas contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/06/2004, de aceptación de “cesión gratuita para o ensanche e mellora da estrada do Freixo”, revogándoo e deixándoo sen efecto.*

*SEGUNDO.- Remitir o expediente á oficina municipal de “Patrimonio” para que investigue a titularidade da finca en cuestión e resolva a pretensión indemnizatoria formulada polo recorrente.*

*TERCEIRO.- Notifíqueselle este acordo ao recorrente coa indicación de que contra él cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén á oficina municipal de Vías e Obras.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**61(720).- ACEPTAR A CESIÓN GRATUITA POR PARTE DE D. RUDESINDO COMESAÑA VILA EN AVDA. CASTRELOS 312-FRONTA, CON DESTINO Ó ENSANCHE E MELLORA. EXTPE. 41985/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-05-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ao Concello de Vigo, por parte de D. Rudesindo Comesaña Vila da porción de parcela de 60,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade sita na Avda. de Castrelos 312-Fronta, con destino ó ensanche e mellora do mesmo (expte. 41985/250).

Segundo.- Recoñecer os dereitos urbanísticos que correspondan sobre a finca matriz de acordo co disposto no planeamento e normativa vixente no momento no que se pretenda edificar nela.

Terceiro.- Este acordo condiciónase suspensivamente á acreditación polo interesado na oficina de Patrimonio do Concello da súa titularidade sobre os terreos obxecto de cesión, así como á formalización da cesión en escritura pública ou documento administrativo auténtico e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén ás oficinas municipais de Vías e Obras e Limpeza. Remítase o expediente

á oficina municipal de Patrimonio para que comprobe a titularidade do cedente e formalice a cesión practicando a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.

**62(721).- ACEPTAR A CESIÓN GRATUITA POR PARTE DE D. JOSÉ MANUEL MINIÑO LOMBA E D<sup>a</sup> MÓNICA FREIRE MIGUÉNS NA RÚA ROUPEIRO 30, CON DESTINO Ó ENSANCHE E MELLORA. EXPTE. 46365/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-05-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ao Concello de Vigo, por parte de D. José Manuel Miniño Lomba e D<sup>a</sup> Mónica Freire Miguéns da porción de parcela de 40,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade sita na r/ Roupeiro 30, con destino ó ensanche e mellora de dito vial (Matamá).

Segundo: Recoñecer os dereitos urbanísticos que correspondan sobre a finca matriz de acordo co disposto no planeamento e normativa vixente no momento no que se pretenda edificar nela.

Terceiro.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas municipais de Vías e Obras, Limpeza e de Patrimonio do Concello, para que esta última formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.

**63(722).- ACEPTAR A CESIÓN GRATUITA POR PARTE DE D. MANUEL LEIRÓS HERVELLO NO CAMIÑO DE PERTEGUEIRAS 53, CON DESTINO Ó ENSANCHE E MELLORA. EXPTE. 41079/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-05-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ao Concello de Vigo, por parte de D. Manuel Leirós Hervello da porción de parcela de 60,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade sita no camiño de Pertegueiras 53, con destino ó ensanche e mellora do mesmo (expte. 41079/250).

Segundo.- Recoñecer os dereitos urbanísticos que correspondan sobre a finca matriz de acordo co disposto no planeamento e normativa vixente no momento no que se pretenda edificar nela.

Terceiro.- Este acordo condiciónase suspensivamente á acreditación polo interesado na oficina de Patrimonio do Concello da súa titularidade sobre os terreos obxecto de cesión, así como á formalización da cesión en escritura pública ou documento administrativo auténtico e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas municipais de Vías e Obras e Limpeza. Remítase o expediente á oficina municipal de Patrimonio para que comprobe a titularidade do cedente e formalice a cesión practicando a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.

**64(723).- ACEPTAR A CESIÓN GRATUITA POR PARTE DE D<sup>a</sup> PAULA FERNANDEZ ALONSO EN FALCOA (CASTRELOS), CON DESTINO Ó ENSANCHE E MELLORA. EXPTE. 47987/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-05-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ao Concello de Vigo, por parte de D<sup>a</sup>. Paula Fernández Alonso da porción de parcela de 35,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade sita no lugar da Falcoa (Castrelos), con destino ó ensanche e mellora do camiño Nogueira de Arriba.

Segundo.- Recoñecer os dereitos urbanísticos que correspondan sobre a finca matriz de acordo co disposto no planeamento e normativa vixente no momento no que se pretenda edificar nela.

Terceiro.- Este acordo condiciónase suspensivamente á acreditación pola interesada na oficina de Patrimonio do Concello da súa titularidade sobre os terreos obxecto de cesión, así como á formalización da cesión en escritura pública ou documento administrativo auténtico e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas municipais de Vías e Obras e Limpeza. Remítase o expediente

á oficina municipal de Patrimonio para que comprobe a titularidade da cedente e formalice a cesión practicando a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.

**65(724).- ACEPTAR A CESIÓN GRATUITA POR PARTE DE D<sup>a</sup> GENOVEVA ESTHER SUEIRO OTERO EN ESCORREGADA (SAMPAIO), CON DESTINO Ó ENSANCHE E MELLORA. EXPTE. 47090/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22-05-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ao Concello de Vigo, por parte de D<sup>a</sup> Genoveva Esther Sueiro Otero da porción de parcela de 15 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora da rúa Escorregada (Sampaio), aos efectos urbanísticos que procedan.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas municipais de Limpeza e de Patrimonio, a fin de que esta última formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.

**66(725).- EXPROPIACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA DA UA DA PRAZA DO REI-PERI CASCO VELLO. ESTIMACIÓN PARCIAL DA ALEGACIÓN. EXPTE. 700/130.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 14-02-05:

*“En data 19 de xuño de 1998, o Delegado Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, resolveu a aprobación do expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta da UA da "Praza do Rei", situada no PERI Casco Vello, referente ás fincas números: 2662002, 2662003, 2662004, 2662018, 2662020, 262005, 262011, 262012, 262016 e 262021, de acordo coas follas de valoración aprobadas polo Pleno municipal do 28 de decembro de 1996 e as modificacións acordadas polo Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 21 de novembro de 1997, ó considerar que na tramitación do expediente seguíronse as previsións recollidas no artigo 145 da Lei 1/97, de 24 de marzo, do solo de Galicia.*

*O Xurado Provincial de Expropiacións de Pontevedra, o 2 de marzo de 1999, resolveu incrementa-las valoracións dos bens e dereitos expropiados aprobadas no expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta pola Delegación Provincial da CPTOPV da Xunta de Galicia de data 19 de xuño de 1998, correspondente a aqueles propietarios que impugnaron as valoracións ante o Xurado Provincial de Expropiacións.*

*Polo departamento municipal de Planeamento e Xestión emprazáronse ós interesados no expediente para que comparecesen ó acto de pagamento indicándolles en detalle as cantidades obxecto de pagamento resultantes da aplicación dos prezos aprobados polo Xurado, así como a liquidación de indemnización dos intereses legais por un período de 8 meses (setembro 98 a abril 99).*

*Por parte de don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa, propietarios do predio número 262016, presentáronse no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data do 4 de maio de 1999, escrito polo que sinalan que deberá considerarse como data inicial do cómputo dos intereses legais o 18 de xaneiro de 1996, é dicir, a partir dos 6 meses dende que foi aprobada polo Pleno da Corporación a relación de bens e dereitos afectados de expropiación que tivo lugar o 18 de xullo de 1995, baseando as súas pretensións nos artigos 38 e 146 da Lei do solo de Galicia, que nos remiten ó 52, apartados 6, 7 e 8 da Lei de expropiación forzosa e a doutrina correspondente.*

*Por Resolución do Presidente da XMU, de data 7 de maio de 1999, desestimáronse as pretensións de don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa e se consideraron como válidamente practicadas as liquidacións de xuros por meses completos realizada pola Xefatura de Planeamento e Xestión da Xerencia.*

*Don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa, representados por don Jose Antonio Castro Bugallo e dirixido polo letrado don Abdón Escariz Vázquez, presentaron recurso contencioso administrativo ante o TSX de Galicia (recurso número 7631/99), contra resolución do 7 de maio de 1999 desestimatoria de pretensión formulada sobre corrección da indemnización de xuros de demora devengados pola resolución do Xurado Provincial de Expropiación de Pontevedra (expte. 700/130/98).*

*No fundamento de dereito segundo da sentenza dictada, en data 18 de marzo de 2.004, pola Sala do Contencioso administrativo do TSXG, indícase: "...es doctrina jurisprudencial consolidada que, para no hacer de peor condición al expropiado por el trámite de urgencia que por el ordinario, el devengo de intereses de demora en la tramitación y pago del justiprecio se inicia a los seis meses del acuerdo de necesidad de ocupación (art. 21.1 y 56 de la Ley de expropiación forzosa) cuando ésta hubiese tenido lugar transcurrido dicho plazo...dicho lo anterior, y en cuanto que la ocupación se produjo el 27 de agosto de 1998, fecha que está fuera de los seis meses siguientes a la declaración de necesidad de ocupación, que se produce con la aprobación de delimitación del polígono correspondiente, como ahora precisa el artículo 33 de la LRSV, que recoge casi literalmente el artículo 132 del Texto Refundido de la Ley sobre el Régimen del Suelo y Ordenación Urbana aprobada por RDL 1/1992, de 26 de junio, ha de concluirse que el cómputo para el devengo de los intereses legales de demora en la tramitación y pago del justiprecio se debe iniciar el día 18 de enero de 1996, es decir, seis meses después de la declaración de necesidad de ocupación".*

*A citada sentenza estimou o recurso contencioso-administrativo interposto polos interesados, condenando a este Concello a abonar á parte recorrente a cantidade de 21.895,97 €, en concepto de xuros de demora, así como a abonar o xuro legal devengados pola demora no pago de tal cantidade dende a data da reclamación ata á do seu pago.*

*De acordo co fallo da sentenza, practicouse unha liquidación de 4.954,82 € en concepto de xuros de demora polo período comprendido entre o 4 de maio de 1999 e o 1 de xuño de 2004. As anteditas cantidades (21.895,97 € + 4.954,82 €), foron abonadas a don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa o 27.10.04.*

*O 8 de novembro de 2.004, don Abdón Escariz Vázquez, en nome e representación de don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa, solicita o recoñecemento e pago da cantidade correspondente os intereses que se devengan dende a última data utilizada para o cómputo dos xuros de demora (1.6.04) e a de abono na conta corrente indicada polos interesados (27.10.04).*

### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

*No fallo da sentenza recaída pola sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 28 de marzo de 2.004 (recurso número 7631/1999), estimaba a pretensión dos recorrentes e consecuentemente, condenaban ó Concello de Vigo o abono dos intereses legais devengados pola demora no pago dende a data de reclamación, ata á do seu pagamento.*

Queda acreditado no expediente que a transferencia de pagamento se realizou o 27.10.04.

Polo tanto, procede a práctica dunha nova liquidación de intereses de demora:

PERIODO	TIPO/XURO-DÍA	XURÓ-DÍA	IMPORTE
2.6.04-27.10.04 (147 días)	3,75%	2,25 euros	330,75 euros

Os alegantes entendían que a diferenza era de 416,27 €.”

Seguidamente o técnico informante formula a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

O director dos Servizos Centrais, coa conformidade do interventor xeral, informa en data 08-05-06 que existe crédito adecuado e suficiente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente a alegación realizada por don Abdón Escariz Vázquez, en representación de don Manuel e don Avelino Ferreiro Barbosa á resolución da Vicepresidencia da XMU de 20 de outubro de 2.004, recoñecendo ó dereito dos interesados a percibir unha cantidade de 330,75 € (165,375 €, cada un), correspondentes ós xuros de demora devengados no periodo comprendido entre o 2.6.04 e o 27.10.04.

Segundo.- Dar previamente traslado do presente expediente e desta proposta ós servizos centrais da XMU para que proceda á fiscalización previa pola Intervención municipal.

**67(726).- PROXECTO EXPROPIATORIO NA RÚA CAYETANO PEREIRA DE LIMIA (BOUZAS) ENTRE AS RÚAS SANTA ANA E ENSENADA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXTPE. 184/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto que figuran nel os informes do arquitecto municipal de Barrios Históricos e do director dos Servizos Centrais conformado polo interventor xeral de datas 18-01-06 e 08-05-06, respectivamente, dáse conta do seguinte informe-proposta do técnico de Admon. Xeral da oficina de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 25-05-06:

“O Concello-Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002 aprobou definitivamente o Plan especial de protección interior reforma interior do Conxunto histórico de Bouzas ámbito clasificado segundo Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia como solo urbano consolidado.

Dentro do cuarteirón número 1 prevese a expropiación dunha parcela propiedade de Benigno Freire Costas e outros, situada na rúa Cayetano Pereira de Limia, s/n, rúa Ensenada, s/n, rúa Santa Ana, referencia catastral 03508 01, cunha superficie de 56,00 m2, que se describe na ficha correspondente do PEPRI como solar sen valar, no que deberá actuarse co obxecto de completar a definición da rúa Ensenada. Nas observacións da ficha do catálogo indícase que se tratará a medianeira e se incorporará como espazo libre de uso público a obter por expropiación, zona peonal.

O proxecto expropiatorio redactouse polo arquitecto municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 23 de xuño de 2005, no que se determina o ámbito e terreos obxecto da expropiación cos documentos que o

identifican en canto a situación, superficie e lindeiros; fixación de prezos coa valoración razoada do solo, edificacións e dereitos; e folia de prezo xusto individualizado do predio, na que se contén o valor do solo e posibles obras, instalacións e edificacións en xeral existentes no predio.

Por resolución da Xunta de goberno local de 26 de setembro de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Declarar a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos do presente expediente expropiatorio, consistentes nun predio de 56,00 m<sup>2</sup> de superficie afectado pola urbanización e ampliación do espazo peonil na rúa Cayetano Pereira de Limia, esquina rúa Ensenada, no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas, aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002. SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados polo proxecto de urbanización e ampliación da rúa Cayetano Pereira de Limia, esquina rúa Ensenada, PEPRI do Casco Histórico de Bouzas, redactado polos servizos técnicos desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data 23 de xuño de 2005, expediente 184/413. TERCEIRO.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)". Este acordo foi publicado o 14.11.05 no Diario Oficial de Galicia e no Faro de Vigo o 21.10.05. Así mesmo foi notificado ós interesados que constaban no expediente.

En data 14.12.05 don José Luis Freire Gorbantes presenta escrito de alegacións, aportando información sobre os actuais titulares da parcela que se pretende expropiar.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal da oficina de Barrios históricos co seguinte contido: "(...) En contestación ao Escrito de Alegacións (Doc. 50197439) de data de entrada no Rexistro 14-12-05, se redacta o seguinte

#### INFORME:

Respecto do Punto Primeiro no que se considera por parte do interesado a “inoportunidade da iniciación do expediente expropiatorio” en base ao feito de que o PXOM non estea aínda aprobado definitivamente, hai que precisar que no caso do ámbito que nos ocupa, desenvolvido polo PEPRI de Bouzas, planeamento actualmente vixente, non existe incompatibilidade algunha coa ordenación aprobada inicialmente no PXOM, que inclúe toda esta zona na ordenanza 1 de Cascos Históricos. Dentro desta ordenanza do PXOM, nos artigos 9.1.1.3 e 9.1.2.1. dise textualmente: “El Casco Histórico de Bouzas tiene un Plan Especial de Protección y Reforma Interior, PEPRI, aprobado definitivamente, por lo que le corresponde la consideración de API” e “El Plan General respeta en todos sus términos el contenido de los planeamientos realizados con mayor grado de detalle del que corresponde a un Plan General”.

Polo tanto, o PEPRI de Bouzas estase a aplicar actualmente sen considerar incompatibilidade algunha co documento inicialmente aprobado do PXOM.

En relación ao feito sinalado polo interesado de que o PEPRI de Bouzas estea recurrido perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e poida ser declarado nulo de pleno dereito, e a posibilidade de que poidera suceder o mesmo co PXOM inicialmente aprobado, a xuízo do técnico que subscribe, estas consideracións non van máis aló de valoracións personais que en todo caso encadraríanse como futuribles, que este técnico, de tódolos xeitos, remite a un informe xurídico posterior.

Respecto do Punto Segundo no que se estima unha “Falta de rigor na determinación do valor do soar” habería que reiterar que o parámetro de Aproveitamento considerado: 1,3593 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> é o valor de Aproveitamento Tipo sinalado polo PEPRI de Bouzas, que se aplica nas actuacións illadas, sendo ademáis o parámetro de referencia para o desenvolvemento do Plan. Este é o aproveitamento que lle corresponde á finca obxecto deste expediente segundo se pode deducir do Cadro 2 de Solo Urbano Consolidado como unha das superficies a obter por expropiación para espazos libres de uso público, dentro do Anexo Resume de Actuacións Illadas incluído no documento de Memoria do PEPRI de Bouzas.

Por outra banda, a xuízo do técnico que subscribe, o Valor de Repercusión fixado en 614,68 €/m<sup>2</sup> pode ser estimado valor probable de mercado dada a súa recente consideración por parte da Oficina de Planeamento

desta X.M.U. para compra dun soar cercano, situado na Alameda de Suárez Llanos de Bouzas (Expte. 954/400, de 9-12-04).

O xustiprezo estimado polo interesado en 226.800 € (37.736.344 das antigas pesetas) por un soar de 56 m<sup>2</sup> semella a todos luces desmesurado, posto que co aproveitamento admitido polo Plan Especial de 76,12 m<sup>2</sup> daría un Valor de Repercusión de 495.748 pesetas/m<sup>2</sup>, polo tanto 2.979,50 €/m<sup>2</sup>, parámetro que está moi lonxe da realidade actual desta parcela de Bouzas.

No tocante ao Punto Terceiro no que se sinala a “Imprudencia da imputación de gastos de urbanización”, se ben os valores de aproveitamento utilizados teñen a súa aplicación sobre metro cadrado edificable e urbanizado, tamén é certo que non semella procedente repercutir esta carga sobre os donos do terreo obxecto de expropiación, e que polo tanto non son beneficiarios das obras a realizar. Polo que SÍ se debería estimar, a xuízo do técnico que subscribe, a NON IMPUTACIÓN DOS GASTOS DE URBANIZACIÓN.

En consecuencia se corruxiría a VALORACIÓN FINAL do solo:

Aproveitamento: 56,00 m<sup>2</sup> x 1,3593 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> = 76,12 m<sup>2</sup>  
Valor do solo: 76,12 m<sup>2</sup> x 614,68 €/m<sup>2</sup> = 46.789,44 €

#### CONCLUSIÓN / VALORACIÓN

A valoración se restrinxe ao valor do solo. Polo tanto o Valor total será de:

Valor total 46.789,44 €  
Se engade un 5% de premio de afección: 2.339,47 €  
Total Valor bens a expropiar: 49.128,91 €

O VALOR FINAL DA PARCELA no Proxecto de Expropiación sería de: 49.128,91 € (...)."

Logo do oportuno requerimento de subsanación, don Benigno Freire Gobantes presenta poder ó seu favor, outorgado por don Manuel Alonso Freire Rodríguez, dona Dolores Freire Rodríguez, don Juan Carlos Freire Gobantes, dona Begoña-Elena Freire Gobantes, don Jorge-Manuel Freire Gobantes, dona Dolores-Aránzazu Freire Gobantes.

Consta no expediente informe de fiscalización de 8.05.06.

#### FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Lexitimación da expropiación.*- O 23 de xuño de 2005 o arquitecto municipal redactou o proxecto expropiatorio, que afecta ao dereito de propiedade dunha parcela, 01, segundo proxecto expropiatorio, sendo obxecto de expropiación tanto o solo coma as edificacións que se levantan sobre a mesma. O custo da expropiación, segundo as valoracións obrantes no expediente, ascende a 47.168,91 euros, existindo consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á mesma segundo informe dos Servizos Centrais da Xerencia de data 8 de setembro de 2005. O artigo 9 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 determina que para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado, e o artigo 10 da dita norma que a utilidade pública enténdese implícita en relación coa expropiación de inmóbeis. O artigo 33 da Lei 6/98, de 13 de abril, do réxime do solo e valoracións, establece que a aprobación de plans de ordenación urbana implicará a declaración de utilidade pública das obras e a necesidade de ocupación dos terreos para os efectos da expropiación e imposición de servidumbres. Esta previsión é reproducida no artigo 98.1 da Lei 9/02. O Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas foi aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002, e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 11 de novembro de 2002 e no Diario Oficial de Galicia o 21 de novembro de 2002.

2.- *Alegación presentada por don Jose Luis Freire Gobantes.*- Fundamento o seu rexentamento á incoacción do expediente de aprobación inicial do proxecto expropiatorio por taxación conxunta, nos seguintes termos.

*Inoportunidade da iniciación do expediente expropiatorio.*- Asívese por completo os fundamentos do arquitecto municipal de 18.01.06. Non é obxecto de discusión que o PEPRI está aprobado e en vigor, con independencia de que poida ser afectado por unha posterior resolución xudicial.



*Falta de rigor na determinación do valor do solo.- Remítese á contestación realizada polo técnico municipal e reproducido nos antecedentes do presente informe-proposta.*

*Imprudencia da imputación de gastos de urbanización.- Según dispoñe o aludido informe técnico, se ben os valores de aproveitamento utilizado ten a súa base en metro cuadrado de solo edificable e urbanizado, entende que non é procedente repercutir os gastos de urbanización por canto non son beneficiarios das obras. Conclúe propoñendo a non imputación dos gastos de urbanización. En consecuencia, se rectifica a valoración practicada, concluíndo que o valor final da parcela no proxecto de expropiación é de 49.128,91 € tal e como se dispoñe no informe técnico incorporado ó presente.*

*En consecuencia, se estima parcialmente a alegación presentada por don Jose Luis Freire Gorbantes no referente á exclusión dos gastos de urbanización na valoración practicada.*

*Polo tanto a relación é a seguinte:*

<i>PARCELA</i>	<i>TITULAR</i>	<i>SUPERFICIE</i>
<i>01 Ref. Catastral 03508 01 Rúa Ensenada, s/n, Cayetano Pereira de Limia</i>	<i>Don Manuel Freire Rodríguez Dona Dolores Freire Rodríguez Don Juan Carlos Freire Gobantes Don José Luis Freire Gobantes Dona Begoña Elena Freire Gobantes. Don Jorge Manuel Freire Gobantes. Dona Doleres Aranzazu Freire Gobantes</i>	<i>56,00 m2 Destino: ampliación espazo peonil rúa Cayetano P. Limia, Bouzas</i>

*O proxecto de expropiación por taxación conxunta contén os documentos esixidos*

*3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.”*

Seguidamente o técnico informante formula a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente a alegación presentada por don José Luis Freire Gobantes en nome e representación da comunidade de herdeiros e don Benigno Freire Costas. O sentido da estimación, unicamente alcanza á valoración da parcela a expropiar, no sentido de non deducir do valoración total os gastos de urbanización. Desestímase expresamente o resto dos puntos da alegación.

Segundo.-Rectificar o proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados polo proxecto de urbanización e ampliación da rúa Cayetano Pereira de Limia, esquina rúa Ensenada, PEPRI do Casco histórico de Bouzas, redactado polos servizos técnicos desta Xerencia municipal de urbanismo con data 23 de xuño de 2005 (expediente 184/413). A rectificación alcanza á determinación dos suxeitos titulares da finca e por outra parte, á valoración total do inmovible, todo elo de acordo co previsto no presente informe-proposta.

Terceiro.- Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible

disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

Cuarto.-: Con carácter previo á adopción de calquera tipo de acordo, precísaxe a remisión do expediente ós Servizos Centrais da XMU para que informen sobre a existencia de crédito e emitan o correspondente informe de fiscalización.

Quinto.--Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a don Jose Luis Freire Gobantes, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

**68(727).- PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA UA V-E PERI IV-05 ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 4605/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do técnico de Admon. Xeral da oficina de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23-03-06:

*“O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29.04.1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito de solo urbano non consolidado remitido ao PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23.12.1993. Na ficha do antedito instrumento, mencionábase o seguinte: "(...) O terreos con frente á rúa Aragón que acrediten haber contribuído a apertura e urbanización da mesma reconocerase polo PERI unha edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> referida a superficie de parcela inicial antes da devandita apertura (...)”.*

*O Pleno municipal acordou o 29.11.04 aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos don Eduardo Guillén Vázquez, don Lorenzo Mateos Cortes e don José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19.07.2004 (Memoria e plano 9R) e 25.02.2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04.01.2005 e DOG 14 do 21.01.2005-.*

*Dito acordo foi impugnado pola entidade mercantil "Cologa Vigo, SL" perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4066/2005, actualmente en tramitación.*

*O día 26.05.2005, o representante de "Basisa CB" presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo solicitando o cambio de sistema de execución do referido polígono, de compensación a concerto, así como a tramitación e aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou a tal efecto o proxecto, composto de memoria, escrituras de propiedade e planos, asinados estes últimos polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG no 20/05/2005.*

*No día 17.06.2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que fixo constar que: "(...) as determinacións que figuran na proposta de equidistribución polo sistema de concerto (artigo 150 da lei 9/2002), obxecto de informe, axústanse ó estudio de detalle da U.E. V-E do Peri IV-05 Travesía de Vigo-Aragón, aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2004, expediente 8913/411. O proxecto de equidistribución de propietario único abarca unha superficie de 1.186,00 m<sup>2</sup>, dispoñendo dunha edificabilidade de 1.835,93 m<sup>2</sup> construídos. O aproveitamento é de 1,548 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. A superficie destinada á parcela edificable é de 695,74 m<sup>2</sup>, sendo a superficie destinada a cesións de uso de superficie de 422,14 m<sup>2</sup>. O resto da superficie do ámbito destínase a cesións, sendo de 309,02 m<sup>2</sup> para zonas verdes e libres, 110,80 m<sup>2</sup> para a ampliación do viario do Cº de Pinelas e 70,44 m<sup>2</sup> de espazos libres destinados ó acceso de escaleiras. A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 183,593 m<sup>2</sup> construídos e emprázase na parcela nº 1 en proindiviso coa sociedade Basisa, C.B.(...)”.*

No 20.06.2005 remitiúselle un oficio á interesada a fin de que aportase nova documentación. En data 01.08.2005 o representante de "Basisa, C.B." presentou nesta Administración municipal, entroutros documentos, copia da escritura pública do proxecto de equidistribución do devandito polígono, outorgada no 27.07.2005 perante o notario de Vigo don Jaime Romero Costas co núm. 1.425 do seu protocolo.

O 19.09.05 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono "UA-V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4605/401). SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia. TERCEIRO: Expoñer ao público o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1425 do seu protocolo, promovido por <Basisa CB>, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, con planos visados polo COAG no 20/05/2005. CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él non cabe recurso por tratarse dun acto de mero trámite (...)"

O devandito acordo foi publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra de 4.10.05. Así mesmo, notificouse ós interesados.

"Cologa Vigo, S.L." presenta o 21.10.05 escrito de alegacións. Dado traslado á entidade promotora "Basisa, C.B." deu contestación á mesma o 28 .11.05.

A Xunta de goberno local o 26.12.05 adoptou o seguinte acordo: "(...) 1.- Aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación de compensación a concerto do polígono de referencia. 2.- Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en escritura pública no 27.07.2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co número 1425 do seu protocolo, promovido por <Basisa, C.B.>, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, con planos visados polo COAG o 20.05.05 (...)"

O 23.02.06 don Abdón García Pérez en representación de "Cologa Vigo, S.L." presenta recurso de reposición ó mencionado acordo.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Admiisibilidade do recorde de reposición interposto.- Á vista do expediente, o recurso de reposición se interpoñe en tempo e forma.

2.- Contestación ás alegacións realizadas pola entidade mercantil "Cologa Vigo, S.L."- O recurso de reposición fundamenta a súa pretensión cos seguintes argumentos:

- Xustificación da atribución dunha edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.- De acordo co informado con anterioridade no expediente de aprobación do proxecto de equidistribución e no propio Estudio de Detalle do ámbito de referencia (8913/411), a edificabilidade media prevista no PERI "IV 05 Travesía de Vigo-Aragón é de 0,96 m<sup>2</sup>/2. Non obstante, en boa lóxica, non todos os polígonos teñen a mesma edificabilidade. En concreto o polígono correspondente á "UE V-E" ten unha edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/2 e así se tivo en conta na redacción do Estudio de Detalle aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2004. Sen ter en conta a edificabilidade atribuída ó ámbito a ficha do plan xeral en vigor remitida Así consta na ficha do Plan Xeral do 93 correspondente á area remitida ao mencionado PERI "IV 05 Travesía de Vigo-Aragón, se recoñecía a edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> a aqueles polígonos que cumpran a seguinte condición: "(...) os tereros con frente á rúa Aragón que acrediten haber contribuído a apertura e urbanización da mesma recoñecerase polo PERI unha edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> referida a superficie da parcela inicial antes da devandita apertura (...)". É dicir, naquel caso que se acredite a cesión gratuita de terreos para destina-los á apertura da rúa Aragón, se recoñecería a aplicación de dito índice incluso pola parte do terreo cedido con independencia de si están incluídos no polígono ou unidade de execución.

- Sobre a existencia dun contrato privado no que se reservaba a edificabilidade de 1,5 m<sup>2</sup>/2.- Como quedou exposto con anterioridade, o recorrente parte dun dato erróneo. En concreto, o índice de edificabilidade

de 0,96 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> ten o carácter de medio do "PERI IV 05 Travesía de Vigo-Aragón". Como alude no recurso, consta no expediente escritura pública de compravenda de parcela de 167,90 m<sup>2</sup> da mercantil "Cologa Vigo, S.L." a favor das entidades "Bardelas y Álvarez, S.L.", "Sanín González, S.L." e a don Jose Simon Vieitez. Por outra parte, o alegante aportou fotocopia de contrato privado entre as anteriores personas físicas e xurídicas, no que "Cologa Vigo, S.L." se reservaba o dereito o cobro dun determinado importe por metro cuadrado naquel caso que o Concello (ou resolución xudicial) recoñecera unha edificabilidade de 1,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> sobre a parcela bruta. En definitiva, este feito se produciría naquel caso que se probase que a titular da parcela número 75 do procedemento de expropiación da apertura e urbanización da Rúa Aragón (dona Gloria Collazo Rodríguez), cedese gratuitamente terreo destinado á mencionada dotación.

- Con respecto a suposta cesión gratuita de terreo para á apertura da rúa Aragón.- No expediente consta un informe aportado pola empresa alegante, asinada polo arquitecto don Rafael Docampo Fernández no que se xustifica unha cesión gratuita de 68,60 metros cuadrados. O propio recurso de reposición se remite ó expediente de urbanización e apertura da rúa Aragón. Consultado de novo o mesmo non se constata a cesión gratuita de terreo. En efecto (dando por reproducidos os argumentos utilizados para a aprobación definitiva do Estudio de detalle e o proxecto de equidistribución), as follas presentadas como fundamento formaban parte do estudio previo de custes e presupostos do proxecto de apertura e urbanización da rúa Aragón, sen que polo derive necesariamente na existencia dunha cesión gratuita. Unicamente consta no expediente un procedemento expropiatorio dunha superficie de 331 metros cuadrados. A resolución recaída na fase de determinación do xustiprezo, foi recurrida perante a sala do do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Según a documentación que forma parte do expediente, a parcela resultante tra-la expropiación quedou cunha superficie de 167,90 metros cuadrados. Os recurrintes fundamentan a súa pretensión en base o argumento de que a finca orixinal tiña unha maior superficie (523,60 m<sup>2</sup>). No informe do perito da Administración de 7.07.72 se conclúe o seguinte: "(...) En plano aportado al expediente por ella misma, la superficie total es de 487 metros cuadrados y no de 523,60 metros cuadrados como alegremente se afirma, y dicha superficie es necesaria la ocupación de 331 metros cuadrados (...)". Pese a que é un feito constatado que a parcela non tiña a superficie que estima a entidade "Cologa Vigo, S.L.", resulta del todo claro que para a urbanización e apertura da rúa Aragón solo se ocupou un terreo de 331 m<sup>2</sup> correspondente á parcela 75, propiedade no seu día de dona Gloria Collazo Rodríguez. Polo tanto, parece claro que o erro do recorrente parte da premisa de que a parcela de orixe tiña unha superficie maior da que realmente se demostrou que tiña no expediente. Con independencia de elo, é un feito certo que para a urbanización e apertura da rúa Aragón se dispuxo da parcela 75 un total de 331 metros cuadrados e que o Concello adquiriu os mesmos polo procedemento expropiatorio correspondente.

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o contido do 127.1.d a atribución para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local."

Seguidamente o técnico informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- De acordo co previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, desestimar o recurso de reposición presentado por don Abdón García Pérez en representación da entidade mercantil "Cologa Vigo, S.L." contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 26.12.05.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ós interesados, tendo en conta que contra o mesmo non cabe recurso en vía administrativa. Non obstante, de acordo co previsto na Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa, poderá interpoñerse recurso perante ó xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses dende a recepción da notificación do presente acordo.

**69(728).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UNIDADE DE EXECUCIÓN U.E. INDUSTRIAL II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL. EXPTE. 4555/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do técnico de Admon. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19-05-06:

“1.- En data 26/12/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

*“(...) SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono e redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander, na súa última versión, de novembro de 2005 -expte. 4555/401- (...)”.*

Dito acordo confirmouse por outro posterior do 10/04/2006, desestimatorio dos recursos de reposición interpostos contra aquél.

2.- No día 08/04/2006 o representante da Xunta de Compensación presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a rectificación dun erro material detectado no Proxecto de Compensación (PC). O erro refírese á titularidade da finca primitiva núm. 11, de 80,9378 m<sup>2</sup> de superficie, que ao parecer no momento de aprobación do PC xa non pertencía a D. Alberto Alonso Costas, como figura no PC, senón aos esposos D. Eloy de Francisco Alonso e D<sup>a</sup> Elvira Antes Estévez.

Achegouse con esa solicitude, en acreditación do sinalado, copia de escritura pública de compravenda outorgada no 13/05/2005 perante o notario de Vigo D. José-Antonio Rodríguez González co núm. 1283 do seu protocolo.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*A "Aclaración-Rectificación de Erro" solicitada pola Xunta de Compensación non modifica o contido urbanístico do Proxecto de Compensación. Limitase a corrixir un erro material na identificación dun dos titulares das fincas primitivas, que transmitira a súa propiedade a un terceiro antes da aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Extremo acreditado coa Escritura Pública agora aportada pola Xunta de Compensación.*

*O Art. 105.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) dispón que: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos". Tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>) na súa Sentenza do 16/06/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S<sup>a</sup> do Cont.-Ad., Secc. 2<sup>a</sup>) na do 13/04/2000 (Arz. 1323, F.J. "SÉPTIMO"), dita subsanación de meros erros materiais non esixe dun procedemento especial. Sen embargo neste caso, e por motivos evidentes de seguridade xurídica, procede formaliza-la devandita aclaración mediante o procedente Acordo municipal.*

*É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d).”*

Seguidamente o técnico informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.-** Estima-la solicitude formulada pola Xunta de Compensación da UE IND II-03 San Andrés de Comesaña de rectificación dun erro material detectado no Proxecto de Compensación aprobado definitivamente por Acordo da Xunta de Goberno Local do 26/12/2005, atribuíndolle a

titularidade da parcela inicial núm. 11 aos esposos D. Eloy de Francisco Alonso e D<sup>a</sup> Elvira Antes Estévez, así como un 1,44 % en proindiviso da parcela resultante “B” e un 9,84 % en proindiviso da parcela resultante “D” en substitución de D. Alberto Alonso Costas, anterior titular (expte. 4555/401).

Segundo.- Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses no Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

**70(729).- SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS.  
EXPTE. 1596/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 25-05-06, conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e intervido e conformado polo interventor xeral o 06-06-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases de subvencións para o fomento de actividades xuvenís dentro do municipio de Vigo.

Segundo.- Aprobar a convocatoria das subvencións conforme ás seguintes condicións:

- Orzamento máximo municipal asignado: 12.000€ con cargo á partida 4520.489.00.00 do presente ano.
- Prazo de admisión de solicitudes: 30 días naturais contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.- Publicar as presentes base e convocatoria anual no BOP.

Bases de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude. Concello de Vigo.

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, se plantexa como un dos seus obxectivos fomentala participación xuvenil dos xoves dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte de colectivos xuvenís.*

*Nesta liña a Concellería de Xuventude propón a concesión de subvencións para a realización de programas e proxectos xuvenís de interese xeral, dentro dos límites que determina o seu presuposto e garantindo os principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo o contido do disposto na “Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.*

1.- *Lexislación*

*A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: lexislación básica do estado: Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións; con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.*

2.- *Solicitantes*

2.1.- *Admitidos*

- a) *Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo.*
- b) *Outras entidades e/ou asociacións non especificamente xuvenís que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas o fomento da participación dos xoves e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenrolo global.*
- c) *Grupos de xoves non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de xoves deberán cumprir son:*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.*

- *Estar formados por un mínimo de tres persoas e con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos.*
- *Establecer un representante que será o responsable do grupo de xoves, maior de idade, e que deberá asumir tódalas obrigas que lle corresponderán como beneficiario da subvención.*
- *Os membros do grupo de xoves non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que fora beneficiaria dunha subvención durante o ano pasado ou que vaia a solicitar unha subvención o presente ano á Concellería de Xuventude.*

#### *2.2.- Excluídos*

- *As entidades con ánimo de lucro.*
- *As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependen delas, orgánica ou presupostariamente.*
- *As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.*
- *E, en xeral, aqueles programas que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.*

#### *3.- Actuacións obxecto de subvención*

- *As actuacións dirixidas o fomento e a participación do colectivo xove e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo.*
- *Programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo*
- *Actividades de ocio, tempo libre e de lecer*
- *Actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil*
- *En xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo*

*Por outra banda, as actuacións excluídas desta convocatoria:*

- *As actividades propias dos clubs deportivos.*
- *As actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.*
- *As edicións de periódicos, revistas, folletos e carteis de signo exclusivamente propagandístico para a asociación solicitante.*
- *As actividades propias de entidades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- *As actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello.*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.*

- *As actividades que procuren algún tipo de lucro para os seus promotores.*
- *As actividades que supoñan unha discriminación por razóns de raza, sexo, lingua ou relixión.*

#### *4.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación*

*A instancia de solicitude se presentará no Rexistro Municipal do Concello de Vigo mediante impreso normalizado no anexo 1, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Esta solicitude normalizada se acompañará da seguinte documentación- sendo ademáis obligatorio cubrir todos os datos solicitados nos respectivos anexos que se indican- según o carácter do solicitante:*

*4.1.- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro.*

- a) Fotocopia do DNI do Presidente da entidade solicitante e copia do Código de Identificación Fiscal da mesma.*
- b) Copia dos estatutos oficiais da asociación, debidamente adaptados á Lei Orgánica Reguladora do Dereito de Asociación. E copia da inscrición no Rexistro Municipal de entidades do Concello de Vigo e, copia actualizada de inscrición no Rexistro da Xunta de Galicia. Caso de estar en trámite, se presentará a copia da solicitude de inscrición.*
- c) Certificado do secretario da entidade coa relación actual de membros da Xunta Directiva, coa data da Asamblea na que se produxo a súa elección e incluíndo nome, cargo, DNI, enderezo e teléfono. Ver modelo no anexo 2.*
- d) Proxecto detallado do programa de actividades que se van a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse con detalle obrigatoriedade, se adxuntan no anexo 3.*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude.*

- a) Presuposto detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do presuposto total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver anexo 3.*
- b) Certificación da entidade bancaria indicando o Código de Cuenta Cliente( CCC, de 20 díxitos) da Asociación no que se realizará no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- c) Certificado de estar o corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e Axencia estatal de administración tributaria.*
- d) Declaración formal doutras subvencións solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esta mesma actividade. Anexo 4.*

*4.2.- Grupos de xoves*

- a) Relación detallada das persoas que componen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada un, así como a súa previsible función no proxecto( organizador, colaborador, beneficiario...). Se engadirá a esta relación a fotocopia do DNI de a lo menos tres persoas do grupo.*
- b) Certificado, do representante do grupo, de estar o corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, seguridade social e Facenda.*
- c) Declaración xurada do representante do grupo de xoves na que expresamente se manifeste:*
  - Que acepta todas as obrigas que poidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.*
  - Que ningún dos membros do grupo pertence como socio ou membro directivo á entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.*
- d) Certificado da entidade bancaria indicando o Código de Cuenta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- e) Proxecto detallado do programa de actividades que se van a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriedade, se adxuntan no anexo 3.*
- f) Presuposto detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do presuposto total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver anexo 3.*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude.*

*4.3.- Prazo de presentación de solicitudes*



O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

5.- *Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións*

- A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle o Departamento de Xuventude.
- Recibidas as solicitudes, procederáse o estudo destas e da documentación. Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúne os requisitos esixidos o/a interesado/a será requerido para que no prazo de dez días, a contar dende a recepción da notificación oficial, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimará a súa solicitude que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.
- Rematada a instrucción do expediente, éste será remitido a Comisión de avaliación, integrada pola Concelleira delegada de Xuventude que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Xuventude e un técnico municipal da área.
- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes e segundo, valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido nas presentes bases.
- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local previa proposta do órgano instructor correspondente.

6.- *Financiamento da convocatoria.*

Os órganos municipais de goberno establecen as cuantías anuais para adicar ás subvencións con cargo ás partidas de xuventude. As subvencións concedidas non excederán, en ningún caso, o 50% do custo total da actividade para a que se solicita a subvención.

Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.

7.- *Criterios de valoración*

Estimadas as solicitudes que cumplan na súa totalidade os requisitos esixidos nas bases, corresponderá á Comisión de Valoración ponderalos proxectos admitidos conforme os criterios especificados de seguido.

Se valorará ata un máximo de 15 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- |   |                 |
|---|-----------------|
| a) Aspectos da entidade   | Máximo 4 puntos |
| • Experiencia e traxectoria (0.02 /mes  | Máx. 1 punto)   |
| • Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25 /entidade                   | Máx. 1 punto)   |
| • Ser especificamente xuvenil 0.15 /cada membro xunta directiva menor de 30 anos. | Máx. 1 punto)   |
| • Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socio                               | Máx. 1 punto)   |
| b) Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos                            |                 |
| • Calidade e solidez do proxecto en xera  | 1 punto         |
| • Proxecto ben fundamentado e cunha estrutura coherente                           | 1 punto         |
| • Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto                                | .1 punto        |
| • Coherencia do proxecto en canto que se axusta as necesidades xuvenís actuais    | 1 punto         |
| • Relevancia do proxecto e adecuación ós obxectivos xerais da convocatoria        | 1 punto         |
| • Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios                            | Máx.1 punto)    |
| • Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís            | 1 punto         |
| c) Recursos e financiación.....Máximo 4 puntos                                    |                 |
| • Permanencia e continuidade do proxecto no tempo (0.10/ano)                      | Máx 1 punto)    |
| • Plan de financiamento (aportación propia e porcentaxe solicitado)               |                 |

- (0.20/15% financiación propia Máx. 1 punto)
- Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto.. 1 punto
- Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento..(0.20/cada entidade patrocinadora Máx 1 punto)

Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.

A distribución das subvencións, unha vez ponderadas as propostas, se realizará proporcionalmente á puntuación obtida.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellería de Xuventude poderá especificar qué actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa aportación económica municipal.

#### 8. Obrigas dos/as beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedará obrigados a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento de actividades.
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- e) Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- h) Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, e dispor en todo caso dos estados contables que garanticen unha correcta comprobación que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Xuventude, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.  
Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.

- k) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Xuventude estudiará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

#### 8.- Pagamento, prazo de execución e prazo de xustificación

No que respecta ó prazo de execución de proxectos, será obrigado que as accións subvencionadas sexan desenvolvidas o longo do presente ano e ata o 31 de decembro do ano en curso.

Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta e un de xaneiro do ano entrante.

O pagamento das subvencións efectuaráse mediante transferencia bancaria e tramitaráse unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
  - *Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.*
  - *Explicación detallada do desenvolvemento da actividade obxectivos marcados obtidos, actividades realizadas, valoración das mesmas e avaliación interpretada.*
  - *Material publicitario e de comunicación.*
  - *Relación detallada de ingresos e gastos.*

c) *Balance económico da actividade:*

*Gastos: -Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.*

*O deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.*

- *Os efectos do pago da subvención polo Concello considerárase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.*

*Ingresos:- Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.*

- d) *Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- e) *Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.*

- *Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira Delegada de Xuventude. Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores a os previstos*

9.- *Compatibilidade*

*A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.*

10.- *Revogación, renuncia, reintegro e réxime sancionador*

*Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

*Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.*

- *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*

- *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.

- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### 11.- Seguemento, control e inspección

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

#### 12.- Outros requisitos

Para os/as solicitantes de subvencións para publicacións, deberán cumprir, ademáis dos anteriores, os seguintes requisitos:

a) As publicacións subvencionadas non poderán ter carácter de boletín interno da asociación.

Subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellería de Xuventude.

b) Presentar un proxecto editorial que incluíra os datos dos/as responsables da redacción-edición, o detalle das seccións, o número de páxinas, as características do formato, as cores do papel e tintas de impresión, a tirada, o sistema de distribución e o plan de financiación.

c) As publicacións subvencionadas disporán de depósito legal, e os/as editores/as, presentarán á Concellería de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade.

d) A Concellería de Xuventude, reservarase a contratación de cada publicación para a inclusión de textos ou ilustracións que considere oportuno.

e) A Concellería de Xuventude poderá adquirir un número de exemplares determinado previamente.

#### 13.- Disposicións finais

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria respetarase o establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**71(730).- CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS NO ANO 2006.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinado o informe proposta emitido polo xefe da área de Mobilidade e Seguridade de data 30.05.06, coa conformidade do concelleiro delegado e co intervido e conforme do interventor xeral de data 9.06.06, a Xunta Local de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 16 de xuño ata o 15 de setembro de 2006, co contido que no mesmo proxecto figura, que se transcribe a continuación.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidad de crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivables da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe de 120.000 euros, con cargo á partida 223.0.227.06.00 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE  
PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2006*

*En Vigo a*    *de 2006.*

**REUNIDOS:**

*Dunha parte:*

*Dª Corina Porro Martínez , alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003, e en representación deste, segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra:*

*D. José Luis Delgado San Miguel, presidente do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31 de xullo de 2003 do presidente do Comité Provincial, en representación desta.*

*Os dous, de mutuo acordo*

**MANIFESTAN**

*PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.*

*SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con*

dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

*TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.*

*CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).*

*QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.*

*Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areais, de acordo coas seguintes:*

#### *ESTIPULACIÓNS*

*PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areais de Samil, Illas Cíes, Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada e Teis, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula novena do presente convenio).*

*Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia dos areais anteriormente citadas.*

*SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será O Concello.*

*TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.*

*CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.*

*QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.*

*SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areas será responsabilidade do Concello de Vigo .*

*SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.*

*OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométese a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

*NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.*

*DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboarálle á Cruz Vermella Española a cantidade de 120.000 euros (cento vinte mil euros) con cargo a partida núm. 223.0.227.06.00, de programa de seguridade nos areas do orzamento prorrogado para o ano 2006.*

*En canto ao pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo o aboamento de 40.000 euros, antes do día 15 de agosto o aboamento de 40.000 euros e o resto, 40.000 euros unha vez finalizado o servizo.*

*O pagamento realizarase tras a presentación de nota de cargo por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Seguridade.*

*O último pago realizarase previa certificación do cumprimento do Convenio pola unidade administrativa correspondente.*

*UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:*

*O concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.*

*O xefe da Área de Seguridade.*

*Un representante de Protección Civil do Concello.*

*Por parte da Cruz Vermella:*

*O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.*

*O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.*

*O responsable do servizo de areas.*

*Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.*

*DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 16 de xuño de 2006 e estará vixente até o día 15 de setembro de 2006.*

*DÉCIMO TERCEIRA: Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro de o tiveren.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadriplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.*

#### ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

##### Posto no areal de Samil

LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo do areal de Samil.

DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/06 até o 15/09/06.

HORARIO:

*Nos meses de xuño e setembro de luns a venres de 15.30 a 20.30 horas; fins de semana de 10.30 a 21.00 horas.*

*Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 10.30 h. a 20.30 h; fins de semana e festivos de 10.30 h a 21.00 h.*

##### Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/06 até o 15/09/06. Atención cotiá dende o 01/07/06 até o 31/08/06, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

HORARIO: dende o primeiro barco Vigo - illas Cíes até o derradeiro barco illas Cíes - Vigo.

##### Posto no areal do Vao

LUGAR: situado no areal do Vao ao carón da Estación Náutica.

DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/06 até o 15/09/06. Atención diaria

HORARIO:

*Nos meses de xuño e setembro, atención cotiá de luns a venres en horario de 15.30 a 20.00 h.; fins de semana de 10.30 a 20.30 h.*

*Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 10.30 h a 20.00 h; fins de semana e festivos de 10.30 a 20.30 h*

##### Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

DATAS DE ATENCIÓN : do 16/06/06 até o 15/09/06. Atención cotiá dende o 01/07/06 até o 31/08/06, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

HORARIO: De luns a venres de 10.30 a 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10:30 a 20:30 horas.

##### Posto no areal da Punta

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/06 ata o 31/08/06

HORARIO: durante os días laborables será diario con horario de 15.30 a 20.30 horas; sábados, domingos e festivos o horario será de 10.30 a 20.30 horas.

##### Posto no areal de Canido



LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/06 até o 31/08/06.

HORARIO: de luns a venres de 10.30 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas ata as 20.30 horas.

Posto no areal de Arganzada ( Samil 2)

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Arganzada

DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/06 até o 31/08/06

-HORARIO: de luns a venres de 10.30 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas a 20.30 horas.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

MEDIOS HUMANOS: 4 voluntarios (socorristas )

1 condutor

1 D U E

MEDIOS MATERIAIS: ambulancia e material sanitario .

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) Nos meses de xullo e agosto contarase cun médico.

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios, material sanitario e de primeiros auxilios e emisora de comunicación.

Posto no areal do Vao

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) .

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Tombo do Gato

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) .

MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal da Punta, Teis

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) .

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Canido

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) .

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Argazada ( Samil 2)

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) .

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

**72(731).- OBRAS DE REPARACIÓN DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA PRAZA DE PORTUGAL. Expte. 11.693/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinado o informe proposta emitido polo Coordinador de Área de Servizos Xerais de data 9.06.06, a Xunta Local de Goberno acorda:

- 1.- Proceder á humanización en superficie da Praza de Portugal aproveitando as obras de reparación que está levando a cabo sobre a mesma a empresa Interparking Hispania, S.A.
- 2.- Unha vez realizada a impermeabilización por parte da empresa Interparking Hispania, S.A., o servizo municipal de Vías e Obras aportará os materiais necesarios a esta empresa tales como xabre, e losetas de pedra do país para que ésta, proceda sin coste algún para o Concello ao remate da praza seguindo as instrucións do técnico municipal responsable e tomando como referencia o plano de deseño que se achega.
- 3.- Dar traslado do presente acordo ao Enxeñeiro Municipal responsable de obra, á empresa Interparking Hispania, S.A., e aos Servizos municipais de Vías e Obras, Parques e Xardíns e Electro-Mecánicos.

**74(732).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e nove minutos. Como secretaria dou fé.

Kv/rs/am

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.